Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia para deseñar a planificación da vindeira temporada en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 50389 (12/PNC-003928)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego verbo da elaboración e aprobación de instrumentos de ordenación do territorio e de planificación en materia de solos agropecuarios e forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 50394 (12/PNC-003929)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre determinadas demandas dirixidas á Xunta de Galicia respecto da dotación de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe do CEP Campolongo, de Pontevedra
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 50406 (12/PNC-003930)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que revise os requisitos de acceso ao Programa de infravivenda
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50407 (12/PNC-003931)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inclúa as persoas perceptoras de pensións non contributivas como beneficiarias potenciais do Programa de infravivenda
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50408 (12/PNC-003932)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que avalíe o impacto real do Programa de infravivenda e introduza as modificacións necesarias para asegurar o cumprimento do seu obxectivo social
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50439 (12/PNC-003933)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxectivo de mellorar as condicións asistenciais do Servizo de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50450 (12/PNC-003934)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co peche de Marrocos á exportación de sardiña e coa defensa do sector conserveiro galego relacionado con esta especie
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50459 (12/PNC-003935)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez Millares, María Magdalena e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España relativas á axilidade da Dirección Xeral de Costas na emisión dos seus informes para a execución de obras nas infraestruturas portuarias de Galicia
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50462 (12/PNC-003936)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 3 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da elaboración e presentación no prazo de tres meses dun estudo actualizado das necesidades de prazas residenciais de maiores en Santiago de Compostela
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50464 (12/PNC-003937)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 3 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun estudo destinado a identificar a zona de Santiago de Compostela máis indicada para a implantación dunha nova residencia de maiores
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50481 (12/PNC-003938)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e 2 máis
Sobre as modificacións que o Goberno galego debe introducir no proxecto do decreto que regula o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galicia
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50490 (12/PNC-003939)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 4 máis
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante a expansión da alga asiática nas rías galegas
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 50498 (12/PNC-003940)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co problema do absentismo laboral
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50509 (12/PNC-003942)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma
Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa defensa e ampliación do autogoberno de Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 50510 (12/PNC-003943)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Longueira Castro, Silvia
Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa defensa e ampliación do autogoberno de Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50511 (12/PNC-003944)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia en relación coa defensa e ampliación do autogoberno de Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50522 (12/PNC-003941)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma
Sobre as actuacións e medidas que a Xunta de Galicia debe desenvolver para defender o sector pesqueiro galego ante o impacto que pode supor o acordo entre a Unión Europea e Mercosur
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular
### 1.3.6.3.1. Proposicións presentadas

**Acordo da Mesa do Parlamento, do 18 de febreiro de 2026, de asignación da Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o dereito a unha educación inclusiva en Galicia**

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de febreiro de 2026, adoptou os seguintes acordos:

Asignación a un grupo parlamentario, cualificación e publicación do acordo

-26009 (12/PNL-000003) (12/PNP-003357)
Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o dereito a unha educación inclusiva en Galicia
BOPG nº 205, do 02.06.2025

A Mesa toma coñecemento do escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 50688) polo que solicita asumir a iniciativa como propia e convertela en proposición non de lei en Pleno, e acorda:

1º. Asignar a proposición non de lei ao G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Cualificala como proposición non de lei ante o Pleno.

3º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4º. Comunicar o acordo aos promotores da iniciativa.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 18 de febreiro de 2026, adoptou os seguintes acordos:

## 1.4.2. Solicitudes de comparecencia
### 1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

**Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación**

- 50301 (12/CPC-000159)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), por petición propia, para informar sobre o Plan de formación continuada 2026 para os profesionais do Servizo Galego de Saúde
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 50662 (12/CPC-000160)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do presidente de Sogama, por petición propia, para informar da xestión da referida sociedade no período 2015-2025 e das actuacións previstas no marco do novo Plan estratéxico 2025-2030
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 50830 (12/CPC-000161)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, por petición propia, para dar conta das medidas postas en marcha polo Igape no primeiro trimestre de 2026 co fin de apoiar o tecido industrial e empresarial de Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 50859 (12/CPC-000162)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Cohesión e Fondos Europeos, por petición propia, para dar conta do desenvolvemento dos fondos europeos en Galicia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

**Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación**

- 50088 (12/POC-008047)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a mellora das condicións laborais e profesionais no Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Sanxenxo e o restablecemento do horario de prestación do servizo
BOPG nº 333f1, do 12.02.2026
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 50659 (12/POC-008127)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e 6 máis
Sobre as actuacións e a planificación que pensa desenvolver a Xunta de Galicia nas zonas de alto risco de inundación fluvial e costeira para afrontar os episodios de temporais como os recentemente acontecidos
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 50680 (12/POC-008130)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 8 máis
Sobre o calendario de tramitación e as liñas mestras da futura Lei de Administración local de Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

**Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**

- 49732 (12/POC-008015)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o atraso no pagamento ao profesorado funcionario que avalía os exames para obter o certificado de estudos de lingua galega (CELGA) e os seus motivos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 49747 (12/POC-008016)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 8 máis
Sobre as consecuencias do atraso na aprobación do Plan estatal de vivenda 2026-2030
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49749 (12/POC-008017)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 8 máis
Sobre o balance das iniciativas do Goberno galego postas en marcha ata o de agora para o desenvolvemento de solo residencial, as previsións sobre os proxectos actualmente en tramitación e os obxectivos a medio e longo prazo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49751 (12/POC-008018)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e 3 máis
Sobre os desprendementos de terra na parroquia de San Xoán de Frontón, en Pantón, e as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para a restauración e a contención do monte neste concello
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 49755 (12/POC-008019)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santos Costa, Manuel e 9 máis
Sobre a valoración do proxecto para a execución dunha nova senda peonil e ciclista na estrada PO-313 entre Cadro e Cadrelo, no concello de Marín, no marco da rede integrada de sendas impulsada nas estradas autonómicas
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49756 (12/POC-008020)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis
Sobre as previsións, en canto a prazos, características e orzamentos, da reforma integral do CEIP Manuel Luís Acuña, de Ourense, e outras demandas da ANPA
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 49806 (12/POC-008021)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a petición formulada ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo por unha asociación de propietarios de terreos das Fragas do Eume en relación coa xestión deste parque natural
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 49810 (12/POC-008022)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre o nivel de diálogo, participación e compensación económica que ofrece a Xunta de Galicia aos propietarios de terreos do Parque Natural das Fragas do Eume
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49814 (12/POC-008023)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre o proceso de elaboración e aprobación do Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume e o dereito de audiencia e participación das persoas propietarias de terreos nese espazo protexido
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 49818 (12/POC-008024)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos
Sobre a postura do Goberno galego ante a posibilidade de implantar un sistema de compensacións económicas para os propietarios de terreos afectados polo réxime de protección do Parque Natural das Fragas do Eume
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2026
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envío: 10/02/2026 14:04:39.221



Asinado o día 10/02/2 Por María Encarnació Díaz
Gándara
Asinado o día 10/02/2026 ás 14:03 Por Miguel Ángel Viso Diéguez
Por Cristina Campero Dorado
Asinado o día 10/02/2026 ás 14:02 Por Alberto Pazos Couñago

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel A. Viso Diéguez, Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes,** polo trámite de **urxencia.**

**<u>Xustificación da urxencia</u>**

A urxencia vén motiva polo impacto que o tren de borrascas que vimos sufrindo nas últimas semanas está a provocar no sector agrario e gandeiro galego e a necesidade de adoptar medidas para compensar estes danos.

**<u>Exposición de motivos</u>**

Os profesionais do medio rural galego, en especial do sector agrario, veñen sufrindo nas últimas semanas as graves consecuencias do tren continuado de borrascas que nestes meses iniciais de 2026 están a provocar choivas persistentes, inundacións, arrastres de terras, anegamento de parcelas, así como importantes danos en infraestruturas rurais e perdas significativas nas explotacións agrícolas e gandeira**s** en amplas zonas de Galicia.

Estes episodios meteorolóxicos adversos tiveron unha incidencia especialmente relevante en cultivos herbáceos e leñosos, pradarías, explotacións de gando tanto extensivo como intensivo, sistemas de rega e drenaxe, camiños rurais, maquinaria agrícola e edificacións vinculadas á actividade agraria, comprometendo a viabilidade económica de numerosas explotacións, maioritariamente de carácter familiar.

A reiteración e intensidade destes fenómenos puxo de manifesto que os instrumentos ordinarios de cobertura existentes, singularmente os seguros

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

agrarios, resultan insuficientes para compensar a totalidade dos danos sufridos, ben por limitacións nas coberturas, por situacións de infraseguramento ou por superarse os limiares máximos de indemnización previstos. Esta circunstancia sitúa a moitos agricultores e gandeiros nunha situación de vulnerabilidade económica.
Cómpre salientar, así mesmo, que os efectos deste prolongado episodio de choivas non se limitan unicamente aos cultivos xa establecidos, senón que están a perxudicar gravemente ou mesmo a impedir e atrasar as sementeiras propias desta época do ano en Galicia, afectando de maneira directa a cultivos estratéxicos como a pataca, as forraxes de primavera temperá, as leguminosas e as resiementeiras de pradeiras, ao dificultar o acceso ás parcelas, provocar o encharcamento dos solos e a perda de semente. Esta situación compromete non só a campaña actual, senón tamén a planificación das colleitas futuras, incrementando os custos de produción e poñendo en risco a viabilidade económica de numerosas explotacións agrarias e gandeiras.

O sector primario constitúe un piar fundamental da economía galega, tanto pola súa contribución ao emprego e á produción como polo seu papel esencial na cohesión territorial, na fixación de poboación no rural e na xestión sostible do territorio. Por este motivo, resulta imprescindible unha resposta áxil, suficiente e coordinada por parte das administracións públicas, en particular do Goberno de España, que permita garantir a continuidade das explotacións afectadas e evitar a súa desaparición.

Neste contexto, considérase necesario que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación adopte medidas extraordinarias que complementen os sistemas de aseguramento existentes, amplíen o ámbito de aplicación das axudas e teñan en conta a magnitude real das perdas sufridas como consecuencia deste prolongado episodio de borrascas que vén afectando a Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envio: 10/02/2026 14:04:39.221

1.- Habilite, con carácter urxente, unha liña de axudas extraordinarias dirixida ás persoas agricultoras e gandeiras de Galicia afectadas polos danos provocados polo tren de borrascas e polas choivas persistentes das últimas semanas. Establecendo criterios de axuda proporcionais á intensidade dos danos, diferenciando rangos en función do grao de afectación de cultivos, gando, infraestruturas, maquinaria, sistemas de rega e camiños rurais.
E que complemente as indemnizacións derivadas dos seguros agrarios cando estes non cubran a totalidade dos danos sufridos, especialmente nos supostos de perdas severas, infra-aseguramento ou superación dos límites máximos de cobertura.

2.- Adopte medidas fiscais e financeiras complementarias, tales como reducións fiscais, aprazamentos ou bonificacións de cotizacións, co obxecto de aliviar a carga económica das explotacións afectadas e garantir a súa viabilidade a medio e longo prazo”.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envio: 10/02/2026 14:04:39.221

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/02/2026 14:02:47
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 10/02/2026 14:03:03
María Encarnación Amigo Díaz na data 10/02/2026 14:03:14
Enrique Barreiro Sánchez na data 10/02/2026 14:03:21
Cristina Campero Dorado na data 10/02/2026 14:03:34
Juan Manuel Casares Gándara na data 10/02/2026 14:03:41
Nicole Grueira Fernández na data 10/02/2026 14:03:52
José Mato Díaz na data 10/02/2026 14:04:04
Ángel Rodríguez Conde na data 10/02/2026 14:04:15
Cecilia Vázquez Suárez na data 10/02/2026 14:04:26

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50180
Data envio: 10/02/2026 14:04:39.221

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2026 14:04:40**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:24:58
Nº Rexistro: 50657
Data envio: 13/02/2026 13:24:58.333

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por Luis Bará Torres
Asinado o día 13/02/2 13:21
Por Alexandra Fernár
Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 13/02/2026 ás 13:20
Por Rosana Pérez Fernández
Asinado o día 13/02/2026 ás 13:20
Por Montserrat Valcárcel Armesto

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto**, **Rosana Pérez Fernández**, **Alexandra Fernández Gómez**, **Sonia Vidal Lamas** e dos deputados **Paulo Ríos Santomé**, **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre a redución da vulnerabilidade fronte ás inundacións en ríos e zonas costeiras tras a cadea de temporais deste inverno.

XUSTIFICACIÓN URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que a Xunta de Galiza dea conta canto antes no Parlamento das actuacións previstas despois dos recentes temporais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As borrascas Joseph, Kristin, Leonardo, Marta e outros temporais deste inverno provocaron en Galiza milleiros de incidencias, con ríos en nivel vermello e laranxa, inundacións en vivendas, garaxes e baixos comerciais, estradas cortadas, derrubamento de pontes e danos significativos na rede de infraestruturas.

No ámbito fluvial, repetíronse desbordamentos en puntos negros xa coñecidos, en ríos como o Miño, Sar, Mandeo, Umia ou Tea, onde as chairas naturais de inundación foron progresivamente ocupadas por estradas, naves, solo urbano e infraestruturas que actúan como auténticos tapóns. O derrubamento do ponte da Aceña



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en Navia de Suarna, así como os cortes recorrentes en estradas provinciais, evidencian que unha parte importante da rede viaria e das obras hidráulicas non está adaptada ao novo escenario climático.

No litoral, o traspaso de competencias en ordenación e xestión do litoral á Xunta de Galiza supón que a responsabilidade sobre os usos, autorizacións e sancións no dominio público marítimo-terrestre recae agora na administración autonómica. Ao tempo, a comunidade científica leva anos advertindo de que existen infraestruturas construídas "onde nunca deberiamos ter construído": paseos marítimos como o da Coruña ou treitos da estrada PO 11 entre Marín e Pontevedra, levantados sobre sedimentos recentes, moi baixos e pegados á liña de costa, nun contexto de ascenso do nivel do mar e de temporais con ondas de 8 ou 9 metros.

Cada vez que o mar "reclama" estes espazos ou que os ríos se desbordan nas súas chairas, os danos preséntanse como desastres inevitables, cando na realidade son en boa medida consecuencia de decisións de ocupación e planificación territorial que ignoraron o risco. A transferencia de competencias de litoral e o papel de Augas de Galiza na xestión do dominio público hidráulico obrigan a un cambio de rumbo, desde a lóxica de construír e reconstruír no mesmo sitio á de liberar espazos de inundación e reordenar usos en zonas de alto risco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:24:58
Nº Rexistro: 50657
Data envio: 13/02/2026 13:24:58.333

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Aprobar unha Estratexia galega de adaptación hidrolóxica e costeira ao cambio climático, coordinada entre Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Presidencia.

2. Integrar os resultados do mapa de zonas de risco do programa de renaturalización nas decisións de investimento en infraestruturas viarias, hidráulicas e costeiras.

3. Asumir o compromiso de non promover nin autorizar novas infraestruturas que ocupen chairas de inundación ou zonas de alto risco no litoral.

4. Presentar no Parlamento un informe con carácter anual de seguimento que contemple as actuacións de Augas de Galiza e da unidade de litoral en materia de redución do risco de inundacións, o avance do mapa de puntos negros e as medidas adoptadas para reordenar usos e infraestruturas en zonas fluviais e costeiras vulnerables”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:24:58
Nº Rexistro: 50657
Data envio: 13/02/2026 13:24:58.333

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/02/2026 13:20:35
Rosana Pérez Fernández na data 13/02/2026 13:20:53
Alexandra Fernández Gómez na data 13/02/2026 13:21:04
Sonia Vidal Lamas na data 13/02/2026 13:21:33
Paulo Ríos Santomé na data 13/02/2026 13:21:52
Luis Bará Torres na data 13/02/2026 13:21:58
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/02/2026 13:22:07

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:24:58
Nº Rexistro: 50657
Data envio: 13/02/2026 13:24:58.333

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 13:24:59**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:58:39
Nº Rexistro: 50677
Data envio: 13/02/2026 16:58:39.030

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por Iria Taibo Corsanego
Asinado o día 13/02/2 16:57
Por Iago Tabarés Pér
Por Iago Suárez Fernández
Asinado o día 13/02/2026 ás 16:56
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 13/02/2026 ás 16:56
Por Montserrat Valcárcel Armesto

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Oscar Insua Lema**, **Iago Suárez Fernández**, **Cristina Fernández Davila**, **Iria Taibo Corsanego**, **Montserrat Valcárcel Armesto** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre as medidas e axudas a pór en marcha por parte da Xunta de Galiza para as persoas, familias, pemes, autónomos, agricultoras e gandeiras afectadas polos danos derivados dos efectos das borrascas e temporais sufridos en Galiza nos últimos meses.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego poña en marcha canto antes medidas e axudas para afrontar dos danos das recentes borrascas e temporais.

Exposición de motivos

Nos últimos meses, Galiza vén sufrindo unha sucesión de episodios de choivas intensas, fortes ventos e crecidas fluviais que provocaron inundacións, asolagamentos e danos materiais en numerosos concellos do país. A concatenación de borrascas (“Leonardo”, “Marta”, “Ingrid”, “Judith”...) durante o inverno deu lugar a unha situación prolongada de inestabilidade meteorolóxica, con activación reiterada de alertas



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
183643

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

laranxa e, en determinados momentos e zonas concretas, alerta vermella por parte dos servizos meteorolóxicos.

Aínda que en Galiza non se declarou unha situación de emerxencia de nivel superior, si se activou a  preemerxencia e dispositivos especiais de seguimento e coordinación, ante a intensidade das precipitacións e o risco de desbordamento de ríos e inundacións en áreas urbanas e rurais.

Episodios como os desbordamentos dos ríos Mendo e Mandeo, Ulla, Umia, Tambre, Miño, Louro...  provocaron múltiples incidencias con danos en distintos municipios de Galiza, con cortes de estradas, arrastres de terra e afectacións a vivendas e baixos comerciais, anegando terreos agrícolas, invernadoiros, viñedos e parcelas de horta con milleiros de hectáreas afectadas, tanto na costa como no interior de Galiza, atinxindo dun xeito especialmente grave ás comarcas da Limia e o Salnés, dando lugar a que o pasado 10 de febreiro se aprobase a declaración de Zona Catastrófica de toda Galiza polos efectos derivados das sucesivas borrascas sufridas.

A saturación do solo tras semanas de choiva continuada incrementou a vulnerabilidade do territorio e agravou os efectos de cada novo episodio meteorolóxico. Como consecuencia, familias, persoas autónomas, pequenas empresas e explotacións agrarias víronse afectadas por perdas materiais e interrupción da actividade económica.

Os concellos, pola súa banda, tiveron que facer fronte de maneira inmediata a labores de limpeza e retirada de lodos, reparación de camiños e infraestruturas municipais, reposición de servizos básicos e atención social ás persoas damnificadas. Estes gastos extraordinarios, derivados dunha situación que supera claramente o ámbito local, recaen sobre administracións cunha capacidade financeira limitada.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:58:39
Nº Rexistro: 50677
Data envio: 13/02/2026 16:58:39.030

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A reiteración destas situacións, acompañada da activación continuada de alertas meteorolóxicas de nivel elevado, evidencia que Galiza precisa unha resposta autonómica estruturada e complementaria ás medidas xa activadas por outras administracións, que permita cubrir os danos non atendidos, apoiar ás persoas e entidades afectadas e evitar que as entidades locais soporten en solitario os custos dunha emerxencia que non lles é propia.

E por iso que dende o Grupo Parlamentar do BNG vimos formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a pór en marcha, con carácter inmediato, un programa de axudas extraordinarias e urxentes para as persoas, familias, pemes, autónomos, agricultoras e gandeiras afectadas polos danos derivados dos efectos das borrascas e temporais sufridos en Galiza nos últimos meses, garantindo unha atención eficaz aos casos de danos en vivenda habitual, establecementos, explotacións e infraestruturas; establecendo medidas de coordinación e colaboración cos concellos e cos sectores sociais implicados para garantir a eficacia e transparencia na súa xestión.".

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:58:39
Nº Rexistro: 50677
Data envio: 13/02/2026 16:58:39.030

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/02/2026 16:56:39**
**Luis Bará Torres na data 13/02/2026 16:56:52**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/02/2026 16:57:04**
**Óscar Insua Lema na data 13/02/2026 16:57:12**
**Iago Suárez Fernández na data 13/02/2026 16:57:27**
**Iria Taibo Corsanego na data 13/02/2026 16:57:42**
**Cristina Fernández Davila na data 13/02/2026 16:57:52**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 16:58:39
Nº Rexistro: 50677
Data envio: 13/02/2026 16:58:39.030

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 16:58:39**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:22:20
Nº Rexistro: 50916
Data envio: 16/02/2026 18:22:20.348

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 16/02/2 18:18 Por Paula Prado del F
Díaz
Asinado o día 16/02/2026 ás 18:18 Por Raquel Arias Rodríguez
Por Julio García Comesaña
Asinado o día 16/02/2026 ás 18:18 Por Alberto Pazos Couñago
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Noelia Pérez López, Julio García Comesaña, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego p**olo **trámite de urxencia.**

Sobre a conmemoración do Día Internacional da Muller

## Xustificación da urxencia

*A urxencia vén motivada pola necesidade de reafirmar o compromiso da Cámara galega coa igualdade de oportunidades, co apoio ás mulleres en todos os ámbitos da súa vida e coa construción dunha sociedade na que o talento, o esforzo e a capacidade non atopen barreiras por razón de xénero*

## Exposición de Motivos

O día 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, constitúe unha data de recoñecemento, reflexión e compromiso coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Trátase dunha xornada para visibilizar os avances acadados, lembrar a quen abriu camiño na conquista de dereitos e renovar a determinación colectiva de seguir traballando por unha sociedade máis xusta, libre e igualitaria.

Galicia experimentou nas últimas décadas un progreso indiscutible en materia de igualdade de oportunidades. As mulleres protagonizaron unha transformación social profunda, incorporándose plenamente a todos os ámbitos da vida económica, política, académica e cultural. Con todo, persisten desigualdades estruturais que esixen unha acción firme, eficaz e constante por parte dos poderes públicos.

O Grupo Parlamentario Popular reafirma o seu compromiso cunha igualdade que sexa real, efectiva e avaliable; unha igualdade que non se limite a declaracións simbólicas, senón que se traduza en medidas concretas que melloren a vida das mulleres. A igualdade non debe entenderse como un instrumento de confrontación ideolóxica, senón como unha causa común que interpela ao conxunto da sociedade.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:22:20
Nº Rexistro: 50916
Data envio: 16/02/2026 18:22:20.348



Cómpre seguir avanzando na redución da fenda salarial, na promoción da corresponsabilidade e da conciliación da vida persoal, familiar e profesional, no impulso do emprendemento feminino, na loita contra o desemprego e a precariedade que afectan especialmente ás mulleres mozas e ás maiores de 45 anos, así como na protección das mulleres que viven no medio rural, cuxas circunstancias requiren políticas específicas de apoio.

Tamén a maternidade non pode converterse nun factor de penalización laboral ou social. Por iso, resulta imprescindible promover políticas de apoio á familia, ampliar os recursos de conciliación, garantir a liberdade de elección e reforzar os servizos públicos que faciliten o equilibrio entre responsabilidades profesionais e persoais.

Así mesmo, a erradicación de toda forma de violencia contra as mulleres debe seguir sendo unha prioridade absoluta. A violencia de xénero constitúe a manifestación máis cruel da desigualdade e require unha resposta integral, coordinada e eficaz, baseada na prevención, na educación en valores de respecto e na protección efectiva das vítimas.

O Partido Popular demostrou, desde a responsabilidade de goberno da Xunta de Galicia, o seu compromiso con políticas de igualdade baseadas no rigor, na avaliación de resultados e no consenso. O Goberno galego desenvolve estratexias específicas para fomentar o emprego feminino, apoiar ás mulleres emprendedoras, reforzar a conciliación e mellorar os recursos de atención ás vítimas de violencia.

A dedicación e o traballo constante do goberno galego en favor da igualade logrou fitos importantes nos últimos anos como a aprobación da lei de igualdade efectiva de homes e mulleres, pola que Galicia volve a ser pioneira cunha norma que blinda os dereitos das mulleres en ámbitos como o laboral, a ciencia, o deporte ou o cultural, así como o compromiso co benestar integral da muller e o seu apoderamento na sociedade ou a consolidación dos centros de información á muller (CIM) no territorio galego como un recurso integral de atención ás mulleres e axentes dinamizadores da igualdade entre homes e mulleres no ámbito local, incluída a nova modalidade de CIM móbiles.

Con todo, o 8 de marzo debe ser unha xornada de unidade e non de división. Unha data para reivindicar avances, recoñecer o esforzo de millóns de mulleres españolas e renovar o compromiso institucional cunha igualdade que respecte a liberdade individual, promova a corresponsabilidade e garanta oportunidades para todas.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión

O Parlamento de Galicia acorda, como Resolución, reafirmar o seu compromiso coa igualdade de oportunidades, co apoio ás mulleres en todos os ámbitos da súa vida e coa construción dunha sociedade na que o talento, o esforzo e a capacidade non atopen barreiras por razón de xénero.

Neste senso, a Cámara galega insta á Xunta de Galicia a:

1. Continuar defendendo a igualdade para que calquera muller poida desenvolver o seu proxecto de vida sen sufrir discriminación algunha polo mero feito de selo.

2. Seguir avanzando na visibilización das mulleres en todos os ámbitos, recoñecendo o talento e a capacidade que as mulleres aportan ao desenvolvemento económico, social e cultural.

3. Seguir avanzando na sensibilización en materia de igualdade da mocidade galega nos espazos que máis ocupan: centros educativos, dixital, rúas e festivais

4. Aprobar os Estatutos das Mulleres Rurais e o das Mulleres do Sector Marítimo-Pesqueiro, para poñer en funcionamento o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar.

5. Continuar reforzando os recursos para os Centros de Información á Muller, que son de titularidade municipal.

6. Promover un programa de atención á saúde menstrual, liderado polas matronas de atención primaria e polos centros de orientación familiar do Sergas, que achegue información sanitaria ás mulleres en etapas de pubertade ou menopausia e organice actividades formativas nos eidos comunitario e educativo que normalicen estes procesos.

7. Facilitar e apoiar o acceso das mulleres ao sistema de formación continua garantindo a actualización das súas competencias laborais e a adaptación ás demandas do mercado laboral en constante cambio.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

8. Promover iniciativas para o impulso do emprego feminino en sectores estratéxicos de alto valor engadido co fin de aglutinar e reforzar todas as medidas que se levan a cabo en Galicia en favor dunha igualdade efectiva entre mulleres e homes, fundamentalmente nos ámbitos masculinizados como o científico, tecnolóxico e industrial, con medidas que incentiven a sensibilización, formación e contratación.

9. Fomentar, en colaboración coas empresas, a adopción de medidas de flexibilidade laboral e de conciliación efectiva da vida persoal, familiar e laboral mediante a promoción de iniciativas de flexibilidade horaria e de bolsas de horas de traballo, atendendo ás características específicas de distintos sectores e territorios.

10. Desenvolver programas de retorno ao mercado laboral para mulleres que interromperon a súa carreira profesional por coidados familiares, incluíndo itinerarios personalizados de orientación, reciclaxe formativa e acreditación de competencia.

Igualmente, a Cámara galega insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central e trasladar as seguintes demandas:

11. Restablecer as contías íntegras do Plan Corresponsables, revertendo calquera recorte que afecte á prestación de servizos de conciliación nas Comunidades Autónomas.

12. Fomentar a participación real e efectiva das mulleres na toma de decisións e na elaboración de estratexias para ou seu apoderamento ao longo de todo ou seu ciclo vital e en todas as áreas de actuación pública.

13. Desenvolver accións de sensibilización e formación en igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de sexo no ámbito laboral, educativo e social, con especial atención ás empresas e ás administracións públicas**.**

14. Promover programas específicos de fomento e o impulso do emprego feminino, co obxectivo de aumentar a participación das mulleres no mercado laboral, fundamentalmente nos ámbitos masculinizados como o científico, tecnolóxico e industrial, con medidas que incentiven a sensibilización, formación e contratación.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

15. Impulsar medidas específicas para apoiar a igualdade no medio rural, incluíndo a mellora do acceso aos servizos, emprego e oportunidades económicas para as mulleres que viven en zonas con menor densidade de poboación.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:22:20
Nº Rexistro: 50916
Data envio: 16/02/2026 18:22:20.348

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2026 18:18:23
Raquel Arias Rodríguez na data 16/02/2026 18:18:33
Paula Prado del Rio na data 16/02/2026 18:18:55
Noelia Pérez López na data 16/02/2026 18:19:05
Julio García Comesaña na data 16/02/2026 18:19:13
María Encarnación Amigo Díaz na data 16/02/2026 18:19:20
Víctor Baladrón Lamas na data 16/02/2026 18:19:31
Nicole Grueira Fernández na data 16/02/2026 18:19:40
Dolores Hermelo Piñeiro na data 16/02/2026 18:19:48
Ángel Rodriguez Conde na data 16/02/2026 18:20:04
Maria Magdalena Perez Millares na data 16/02/2026 18:20:11
Raúl Santamaría González na data 16/02/2026 18:20:20
Roberto Rodríguez Martínez na data 16/02/2026 18:20:31
María Nazaret Cendán Gayoso na data 16/02/2026 18:20:37
Paula Mouzo Mas na data 16/02/2026 18:20:45
María Felisa Rodriguez Carrera na data 16/02/2026 18:20:57
Katherinie Varela Fernández na data 16/02/2026 18:21:03

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 18:22:20
Nº Rexistro: 50916
Data envio: 16/02/2026 18:22:20.348

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 18:22:21**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49731
Data envío: 06/02/2026 09:18:19.027

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 06/02/2 09:16
Por Daniel Castro Ga

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e do deputado **Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o atraso no pagamento ao profesorado avaliador dos exames CELGA.

Asinado o día 06/02/2026 ás 09:16
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de novembro tiveron os últimos exames para a obtención do certificado CELGA, que acredita os coñecementos de lingua galega conforme ao Marco europeo común de referencia para as linguas.

Unha parte do persoal que traballa na avaliación destes exames é profesorado funcionario da Consellaría de Educación, e o pagamento polo servizo de avaliación dos exames CELGA faise en calidade de dietas.

Alén disto, que supón unha clara irregularidade que non pode cometer unha administración pública, o pagamento polo traballo que levaron a cabo estes profesionais no mes de novembro aínda non foi realizado a comezos de febreiro.

Asinado o día 06/02/2026 ás 09:16
Por Iria Taibo Corsanego

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Revisar o sistema de compensación económica do profesorado funcionario que traballa na avaliación dos exames de certificación CELGA.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Aboar inmediatamente os importes debidos correspondentes ás avaliacións dos exames CELGA do mes de novembro.

3. Revisar o procedemento de pagamento ao profesorado funcionario que traballa na avaliación dos exames CELGA, para que non se produzan novas demoras no futuro."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49731
Data envio: 06/02/2026 09:18:19.027

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 06/02/2026 9:16:22**

**Mercedes Queixas Zas na data 06/02/2026 9:16:29**

**Daniel Castro García na data 06/02/2026 9:16:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2026 9:16:45**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49731
Data envio: 06/02/2026 09:18:19.027

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 9:18:20**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:50:13
Nº Rexistro: 49736
Data envio: 06/02/2026 09:50:13.838

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 06/02/2 09:48
Por Noa Presas Berg

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Ramón Fernández Alfonzo** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a negociación colectiva e a mellora das condicións das traballadoras na Sociedade Téxtil Lonia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos as traballadoras da mercantil Sociedade Téxtil Lonia, nomeadamente as directamente relacionadas co proceso de fabricación, veñen solicitando á dirección da empresa a negociación da melloras das condicións laborais, un salario digno acorde coa dedicación, profesionalidade e compromiso co que veñen desempeñando o seu labor ao longo de moitos anos.

Negociación que, a petición da empresa, foi adiada á pesara da negociación do convenio colectivo, de ámbito estatal, e despois á publicación deste. Infelizmente as previsións confirmáronse e o Convenio Xeral de Traballo da Industria Téxtil e da Confección (BOE 9/10/2025), de ámbito estatal, en modo algún deu resposta ás demandas das traballadoras, antes ben, veu consolidar ou mesmo agravar a precariedade das condicións salariais e laborais que viñan soportando. Máis unha vez a ausencia dun marco galego de relacións laborais veu prexudicar ás traballadoras galegas, precisando de acordos empresariais que veñan suplir as deficiencias do negociado e acordado fora de Galiza e da realidade galega.

A realidade é que moitas traballadoras da STL non chegan a mileuristas, ou que após máis de 25 anos de permanencia na empresa o "recoñecemento" apenas supera os 25 €.

Asinado o día 06/02/2026 ás 09:48
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 06/02/2026 ás 09:48
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:50:13
Nº Rexistro: 49736
Data envio: 06/02/2026 09:50:13.838

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Xa que logo as traballadoras de STL vense na necesidade, como xa aconteceu con outras deste sector, de negociar coa empresa unhas condicións laborais que suplan as carencias e perda de poder adquisitivo que padecen e que o Convenio Xeral non veu máis que a consolidar.

No caso de STL, a segunda empresa do sector téxtil de Galiza, cun patrimonio de máis de 465 M€ e cuns beneficios de decenas de millóns de euros, que é un referente internacional da moda e o deseño, tamén do luxo. Logros aos que non é alleo o compromiso e profesionalidade dunhas traballadoras ante as que a empresa nin sequera correspondeu cunha verdadeira vontade negociadora, obrigándolles a recorrer á folga ou a concentracións ante as céntricas tendas da mercantil.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

A) Promover un marco galego de relacións laborais que permita que as condicións laborais das traballadoras e empresas, radicadas e que actúen en Galiza, se negocien en Galiza.

B) Dirixirse á dirección da empresa e representantes das traballadoras da Sociedade Téxtil Lonia a fin de que negocien de boa fe a mellora das condicións laborais e retributivas do persoal”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/02/2026 9:48:22**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 06/02/2026 9:48:33**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2026 9:48:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/02/2026 9:48:45**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:50:13
Nº Rexistro: 49736
Data envio: 06/02/2026 09:50:13.838

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 9:50:14**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 10:43:53
Nº Rexistro: 49743
Data envio: 06/02/2026 10:43:53.473

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

## Exposición de Motivos

Galicia conta cunha longa tradición téxtil e cun peso moi relevante nas exportacións do sector en España. O desenvolvemento do coñecido como Hub Téxtil Galego pretende consolidar esa posición e avanzar cara a modelos produtivos máis sostibles e circulares.

De feito, constitúe unha iniciativa estratéxica que impulsa o Goberno galego en colaboración coa a industria téxtil en Galicia, co obxectivo de consolidar a nosa comunidade como un centro de actividade, innovación e economía circular dentro do sector téxtil e da moda.

Asegurar a entrada en vigor deste Hub Téxtil Galego ao longo do presente ano, suporá dispoñer de infraestruturas clave para a preparación, reutilización, reciclaxe e valorización de residuos téxtiles en Galicia

Pero esta iniciativa vai moito máis alá dunha simple suma de esforzos entre a administración autonómica e as empresas de sector e pretende crear unha rede de colaboración con concellos e entidades sociais, co obxectivo de garantir o abastecemento de material e maximizar o impacto socioeconómico do Hub.

Este espazo empresarial e de colaboración tamén contribuirá a atraer investimentos e empresas vinculadas coa industria téxtil e da moda, tanto tradicionais como innovadoras, fomentar a innovación e a sustentabilidade, cun forte enfoque na economía circular e no reciclaxe téxtil, xerar emprego cualificado e reforzar a competitividade internacional de Galicia nun mercado global.

Cómpre lembrar que o sector téxtil–confección–moda é un dos piares industriais de Galicia, especialmente nas provincias da Coruña e Pontevedra. De feito, Galicia concentra unha parte moi significativa do emprego téxtil de España, por riba do seu peso poboacional.

Asinado o día 06/02/2026 ás 10:43
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 10:43:53
Nº Rexistro: 49743
Data envio: 06/02/2026 10:43:53.473



En termos de emprego, este sector xera decenas de miles de empregos directos, aos que hai que sumar o emprego indirecto en loxística, deseño, tecnoloxía, distribución e reciclaxe.

Hoxe en Galicia existe unha combinación de grandes grupos internacionais, pemes industriais, talleres especializados e empresas auxiliares que converten a Galicia en líder estatal en facturación no sector da moda. A moda hoxe é un dos principais capítulos exportadores da economía galega, só por detrás doutros sectores tradicionais como o automobilístico ou o agroalimentario.

O Hub Téxtil Galego encaixa tamén como peza clave para adaptar o sector ás esixencias europeas en materia de residuos, reciclaxe e economía circular e, como marcan estas directrices atraer o hub pode atraer, empresas de reciclaxe química e mecánica, startups de novos materiais, proxectos de reutilización e centros de I+D.

Tamén neste contexto debe situarse a que aspira a converterse na primeira planta pública de clasificación de residuos téxtiles de Galicia se localizará no Complexo Medioambiental de Sogama, en Cerceda. Unha iniciativa que se enmarca no obxectivo de mellorar as taxas de reciclaxe e promover a economía circular.

En definitiva, trátase de situar a Galicia como referente estatal en innovación aplicada ao residuo téxtil, articulando proxectos piloto e liñas de financiamento para tecnoloxías de clasificación e reciclaxe avanzada.

É polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:
>
> 1º- Acelerar a posta en marcha do Hub Téxtil Galego, asegurando a súa entrada en funcionamento no ano 2026 como infraestrutura clave para a preparación para a reutilización, reciclaxe e valorización de residuos téxtiles en Galicia.
>
> 2º- Promover a creación dunha rede de colaboración con concellos, entidades sociais e industrias do sector, co obxectivo de garantir o abastecemento de material e maximizar o impacto socioeconómico do Hub.
>
> 3º- Situar a Galicia como referente estatal en innovación aplicada ao residuo téxtil, articulando proxectos piloto e liñas de financiamento para tecnoloxías de clasificación e reciclaxe avanzada."

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 06/02/2026 10:43:10**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 10:43:54**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

**Exposición de Motivos**

A política de vivenda constitúe unha das principais preocupacións da sociedade actual e require da colaboración leal e coordinada entre as distintas administracións públicas. Os notables compromisos e esforzos que está a desenvolver o Goberno galego en materia de vivenda compleméntase, en ocasións, coa dotación financeira dos plan estatais.

O atraso na aprobación e publicación do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 está a xerar unha situación de incerteza que pode comprometer a continuidade e financiamento estatal de numerosas convocatorias xa en marcha pola Xunta de Galicia, afectando tanto á cidadanía beneficiaria como á planificación orzamentaria da nosa Comunidade Autónoma.

O Plan Estatal de Vivenda, ata o de agora vixente, caducou en 2025 sen que os actuais responsables do Goberno que preside Pedro Sánchez esta aínda aprobado. De feito desde o Ministerio se avanza que chegará neste primeiro trimestre.

A situación descrita resulta especialmente preocupante ao producirse ao inicio dun novo período de programación, sen que se dispoña dun marco estatal claro, consensuado e operativo, e sen que conste un proceso efectivo de negociación e diálogo previo coas comunidades autónomas, malia seren estas as administracións responsables da execución das políticas de vivenda.

Por todo o anterior, resulta necesario reclamar ao Goberno de España maior dilixencia, transparencia e cooperación institucional, co fin de garantir a publicación inmediata do Plan Estatal de Vivenda e o respecto ás competencias autonómicas nesta materia.

Asinado o día 06/02/2026 ás 10:50
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

1. Aprobar e publicar, de maneira inmediata, o Plan Estatal de Vivenda 2026-2030, evitando máis atrasos que poidan comprometer a financiación estatal das políticas de vivenda desenvolvidas polas comunidades autónomas

2. Exixir que a aprobación do devandito Plan se realice previa negociación, diálogo real e cooperación institucional coas comunidades autónomas, recoñecendo o seu papel como administracións competentes no liderado da xestión e execución das políticas de vivenda.

3. Solicitar a publicación dun calendario claro, concreto e vinculante para a aprobación, desenvolvemento e avaliación do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030, que permita ás comunidades autónomas planificar con seguridade as súas convocatorias e programas.

4. Requirir que se establezan mecanismos estables de seguimento e coordinación, con información periódica sobre o grao de execución do Plan e sobre a distribución territorial dos fondos, garantindo a máxima transparencia. Asemade, o Parlamento de Galicia acorda como resolución amosar a súa preocupación polo impacto negativo que o atraso na aprobación do Plan Estatal de Vivenda pode ter sobre a cidadanía galega e sobre a eficacia das políticas públicas de vivenda en Galicia."

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 10:51:08
Nº Rexistro: 49745
Data envio: 06/02/2026 10:51:08.175

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 06/02/2026 10:50:38**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 10:51:09**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:26
Nº Rexistro: 49750
Data envio: 06/02/2026 11:10:26.508

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández**, **Secundino Fernández Fernández**, **Luis Bará Torres** e da deputada **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre os desprendementos de ladeiras producidos na parroquia de San Xoán de Frontón (Pantón) que poñen en perigo a veciñanza do concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fortes choivas que se produciron no inicio do mes de febreiro veñen creando serios problemas á veciñanza do sur de Lugo, especialmente á veciñanza do núcleo de poboación de Santo Estevo-Estación, na parroquia de San Xoán de Frontón (termo municipal de Pantón). Alí, boa parte do o monte comunal de Frontón veuse abaixo, por riba do poboado coñecido como A Chaira, producindo deste modo graves afectacións ao territorio que deben ser resolvidas á maior celeridade posíbel.

A falta de coñecer as causas reais do desprendemento, é evidente que a chuvia tivo a ver, mais tamén se sospeita que o grande incendio que sufriu a mesma zona en setembro de 2025 e a falta de traballos de contención do monte que a Consellaría de Medio Rural prometera no seu día tamén desempeñaron un papel importante no feito de que o monte finalmente vencese e se desprendese unha ladeira sobre a estrada LU-P-4103. Para alén diso, este desprendemento encóntrase moi próximo á estación ferroviaria de Santo Estevo, que fai parte da liña Ourense-Monforte-Lugo. Este feito agrava a situación sendo que a caída de cascallos ou mesmo outro posíbel desprendemento non é só un problema serio para a comunidade local, senón tamén para o persoal de Adif e as persoas viaxeiras.

Asinado o día 06/02/2 11:08 Por Luis Bará Torres
Asinado o día 06/02/2026 ás 11:08 Por Secundino Fernández Fernández
Asinado o día 06/02/2026 ás 11:08 Por Iago Suárez Fernández
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:26
Nº Rexistro: 49750
Data envio: 06/02/2026 11:10:26.508

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Ante esta conxuntura, é vital que a Xunta de Galiza dea explicacións a respecto da non actuación relativa aos traballos de contención do monte que prometera após os lumes de setembro de 2025. Ademais, o executivo galego debe pór a disposición do Concello de Pantón e a súa veciñanza o máis rápido que puider liñas de axudas e colaboración para tentar salvagardar esta zona de altísimo valor para a Ribeira Sacra e Galiza que, aliás, é territorio Ben de Interese Cultural (BIC). Máis aínda cando existe acordo parlamentar na Comisión 7ª de que a Xunta de Galiza debía ter feito no prazo de tres meses os traballos de retención e restauración hidrolóxico-forestal que, a todas luces non foron feitos, pondo así a veciñanza en perigo e incumprindo novamente un acordo alcanzado no Parlamento de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo de modo inmediato após a probación desta proposición non de lei dos traballos de contención do monte e restauración hidrolóxico-forestal de terreo calcinado na parroquia de San Xoán de Frontón (municipio de Pantón) acordados no Parlamento.

2. Colaborar activamente co Concello de Pantón para garantir a seguridade da veciñanza da zona e evitar futuras afectacións ao territorio.

3. Elaborar e presentar aos grupos parlamentares no prazo dun mes un plan con medidas concretas para evitar situacións similares no futuro”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:26
Nº Rexistro: 49750
Data envio: 06/02/2026 11:10:26.508

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 06/02/2026 11:08:38

Secundino Fernández Fernández na data 06/02/2026 11:08:51

Luis Bará Torres na data 06/02/2026 11:08:57

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/02/2026 11:09:04

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:26
Nº Rexistro: 49750
Data envio: 06/02/2026 11:10:26.508

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 11:10:27**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 06/02/2 13:40 Por José Ramón Gón
Asinado o día 06/02/2026 ás 13:39 Por Carlos López Font
Asinado o día 06/02/2026 ás 13:39 Por Aitor Bouza Manso

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente foi presentada ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo unha petición por parte dunha asociación de persoas propietarias de terreos incluídos no ámbito do Parque Natural das Fragas do Eume, espazo integrado na Rede Natura 2000, na que se denuncia a xestión realizada pola Xunta de Galicia deste espazo protexido.

Na citada petición ponse de manifesto a aplicación unilateral do réxime de protección por parte do Goberno galego, sen garantir unha participación real e efectiva das persoas propietarias afectadas, así como a ausencia dun verdadeiro proceso de diálogo durante a elaboración e aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX). Así mesmo, denúnciase a inexistencia dun sistema estable e suficiente de compensación económica polas limitacións impostas ao uso do solo, á xestión forestal e aos aproveitamentos tradicionais.

As persoas peticionarias advirten tamén de que as restricións existentes, xunto coa falta de actuación por parte da propia Xunta de Galicia, impiden a realización de labores básicas de mantemento forestal e prevención de incendios, incrementando de maneira significativa o risco para o ecosistema, para os bens e para a seguridade das persoas, como quedou acreditado nos incendios forestais producidos nos anos 2012 e 2025.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na devandita petición considérase que estas actuacións poden supoñer unha vulneración da normativa europea en materia ambiental e de participación pública, nomeadamente da Directiva 92/43/CEE, da Directiva 2009/147/CE e dos principios recollidos no Convenio de Aarhus, solicitándose a intervención das institucións europeas ante a falta de resposta por parte da Xunta de Galicia.

A presentación dunha denuncia ante o Parlamento Europeo constitúe un feito de enorme gravidade política e institucional, que evidencia a ausencia de diálogo e de solucións por parte do Goberno galego, malia tratarse dun conflito coñecido e reiteradamente denunciado polas persoas afectadas.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma de maneira inmediata as súas responsabilidades, abra canles reais de diálogo e adopte solucións urxentes, evitando que teña que ser a Unión Europea quen reprenda ao Goberno galego pola súa inacción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir de maneira inmediata un proceso real e efectivo de diálogo coas persoas propietarias dos terreos incluídos no Parque Natural das Fragas do Eume, garantindo a súa participación directa na toma de decisións que lles afectan.
2. Revisar o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural das Fragas do Eume co obxectivo de corrixir as deficiencias detectadas en materia de participación pública e equilibrio entre protección ambiental e dereitos das persoas propietarias.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:46:44
Nº Rexistro: 49798
Data envío: 06/02/2026 13:46:44.932

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 13:39:50**

**Carlos López Font na data 06/02/2026 13:39:56**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 06/02/2026 13:40:03**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:46:44
Nº Rexistro: 49798
Data envio: 06/02/2026 13:46:44.932

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 13:46:45**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 06/02/2 13:40 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:40 Por Carlos López Font

Recentemente foi presentada ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo unha petición por parte dunha asociación de persoas propietarias de terreos incluídos no ámbito do Parque Natural das Fragas do Eume, espazo integrado na Rede Natura 2000, na que se denuncia a xestión realizada pola Xunta de Galicia deste espazo protexido.

Na citada petición ponse de manifesto a aplicación unilateral do réxime de protección por parte do Goberno galego, sen garantir unha participación real e efectiva das persoas propietarias afectadas, así como a ausencia dun verdadeiro proceso de diálogo durante a elaboración e aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX). Así mesmo, denúnciase a inexistencia dun sistema estable e suficiente de compensación económica polas limitacións impostas ao uso do solo, á xestión forestal e aos aproveitamentos tradicionais.

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:40 Por Aitor Bouza Manso

As persoas peticionarias advirten tamén de que as restricións existentes, xunto coa falta de actuación por parte da propia Xunta de Galicia, impiden a realización de labores básicas de mantemento forestal e prevención de incendios, incrementando de maneira significativa o risco para o ecosistema, para os bens e para a seguridade das persoas, como quedou acreditado nos incendios forestais producidos nos anos 2012 e 2025.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na devandita petición considérase que estas actuacións poden supoñer unha vulneración da normativa europea en materia ambiental e de participación pública, nomeadamente da Directiva 92/43/CEE, da Directiva 2009/147/CE e dos principios recollidos no Convenio de Aarhus, solicitándose a intervención das institucións europeas ante a falta de resposta por parte da Xunta de Galicia.

A presentación dunha denuncia ante o Parlamento Europeo constitúe un feito de enorme gravidade política e institucional, que evidencia a ausencia de diálogo e de solucións por parte do Goberno galego, malia tratarse dun conflito coñecido e reiteradamente denunciado polas persoas afectadas.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma de maneira inmediata as súas responsabilidades, abra canles reais de diálogo e adopte solucións urxentes, evitando que teña que ser a Unión Europea quen reprenda ao Goberno galego pola súa inacción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Artellar con carácter urxente un sistema estable, suficiente e accesible de compensación económica polas limitacións derivadas do réxime de protección deste espazo integrado na Rede Natura 2000.
2. Adoptar de inmediato as medidas necesarias para permitir o mantemento forestal, a xestión activa do territorio e a prevención eficaz de incendios forestais no ámbito das Fragas do Eume.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:47:16
Nº Rexistro: 49800
Data envio: 06/02/2026 13:47:16.696

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 13:40:12**

**Carlos López Font na data 06/02/2026 13:40:18**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 06/02/2026 13:40:25**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:47:16
Nº Rexistro: 49800
Data envio: 06/02/2026 13:47:16.696

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 13:47:17**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 06/02/2 13:40 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente foi presentada ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo unha petición por parte dunha asociación de persoas propietarias de terreos incluídos no ámbito do Parque Natural das Fragas do Eume, espazo integrado na Rede Natura 2000, na que se denuncia a xestión realizada pola Xunta de Galicia deste espazo protexido.

Na citada petición ponse de manifesto a aplicación unilateral do réxime de protección por parte do Goberno galego, sen garantir unha participación real e efectiva das persoas propietarias afectadas, así como a ausencia dun verdadeiro proceso de diálogo durante a elaboración e aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX). Así mesmo, denúnciase a inexistencia dun sistema estable e suficiente de compensación económica polas limitacións impostas ao uso do solo, á xestión forestal e aos aproveitamentos tradicionais.

As persoas peticionarias advirten tamén de que as restricións existentes, xunto coa falta de actuación por parte da propia Xunta de Galicia, impiden a realización de labores básicas de mantemento forestal e prevención de incendios, incrementando de maneira significativa o risco para o ecosistema, para os bens e para a seguridade das persoas, como quedou acreditado nos incendios forestais producidos nos anos 2012 e 2025.

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:40 Por Carlos López Font
Asinado o día 06/02/2026 ás 13:40 Por Aitor Bouza Manso
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na devandita petición considérase que estas actuacións poden supoñer unha vulneración da normativa europea en materia ambiental e de participación pública, nomeadamente da Directiva 92/43/CEE, da Directiva 2009/147/CE e dos principios recollidos no Convenio de Aarhus, solicitándose a intervención das institucións europeas ante a falta de resposta por parte da Xunta de Galicia.

A presentación dunha denuncia ante o Parlamento Europeo constitúe un feito de enorme gravidade política e institucional, que evidencia a ausencia de diálogo e de solucións por parte do Goberno galego, malia tratarse dun conflito coñecido e reiteradamente denunciado polas persoas afectadas.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma de maneira inmediata as súas responsabilidades, abra canles reais de diálogo e adopte solucións urxentes, evitando que teña que ser a Unión Europea quen reprenda ao Goberno galego pola súa inacción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar unha resposta política e técnica inmediata ás demandas formuladas polas persoas propietarias, evitando que teña que ser a Unión Europea quen interveña ou reprenda á Xunta de Galicia pola falta de diálogo e de solucións.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:47:51
**Nº Rexistro: 49802**
Data envio: 06/02/2026 13:47:51.274

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 13:40:33**

**Carlos López Font na data 06/02/2026 13:40:38**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 06/02/2026 13:40:44**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:47:51
Nº Rexistro: 49802
Data envio: 06/02/2026 13:47:51.274

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 13:47:52**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 49825
Data envio: 06/02/2026 21:22:59.650

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 06/02/2 21:16
Por Elena Espinosa M

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prestación dos servizos de emerxencias sanitarias aéreas é un elemento esencial para garantir unha atención rápida, eficaz e en condicións de igualdade en todo o territorio galego, especialmente en situacións de urxencia vital, accidentes graves ou traslados sanitarios de alta complexidade. A dispoñibilidade permanente destes medios non é unha cuestión accesoria, senón unha obriga directa da Administración autonómica no marco das súas competencias en materia de sanidade e emerxencias.

Porén, segundo o que puidemos coñecer dende este grupo parlamentario, a base do helicóptero de emerxencias de Santiago de Compostela leva xa máis de 15 días sen helicóptero operativo, o que supón unha situación absolutamente anómala e gravísima desde o punto de vista da seguridade da cidadanía e da capacidade de resposta do sistema público de emerxencias.

Esta situación de carencia dun dos helicópteros do servizo vén reproducíndose de maneira reiterada tanto durante a anterior adxudicación como ao longo da actual, vixente desde o ano 2023. Esta deficiencia tradúcese en períodos prolongados nos que non se garante a plena operatividade do dispositivo, como quedou acreditado coa ausencia do helicóptero con base en Santiago de Compostela durante o mes de agosto de 2024.

Asinado o día 06/02/2026 ás 21:16
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 06/02/2026 ás 21:16
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 49825
Data envio: 06/02/2026 21:22:59.650

A ausencia prolongada dun helicóptero de emerxencias na área de Santiago de Compostela compromete a atención sanitaria urxente de milleiros de persoas e supón unha grave irresponsabilidade política por parte do Goberno galego, que non pode nin debe mirar para outro lado ante unha situación desta magnitude.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir de maneira inmediata a dispoñibilidade dun helicóptero de emerxencias con base operativa en Santiago de Compostela, asegurando a plena cobertura do servizo mentres non se resolva a actual licitación.
2. Informar con transparencia á cidadanía sobre a situación real do servizo de helicópteros de emerxencias en Galicia e as medidas adoptadas para evitar novas interrupcións.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 49825
Data envio: 06/02/2026 21:22:59.650

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 21:16:34**

**Patricia Iglesias Rey na data 06/02/2026 21:16:49**

**Elena Espinosa Mangana na data 06/02/2026 21:16:56**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 06/02/2026 21:17:04**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 49825
Data envio: 06/02/2026 21:22:59.650

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 21:23:00**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 49827
Data envio: 06/02/2026 21:23:51.759

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Asinado o día 06/02/2 21:17 Por Elena Espinosa M
Asinado o día 06/02/2026 ás 21:17 Por Patricia Iglesias Rey
Asinado o día 06/02/2026 ás 21:17 Por Aitor Bouza Manso

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prestación dos servizos de emerxencias sanitarias aéreas é un elemento esencial para garantir unha atención rápida, eficaz e en condicións de igualdade en todo o territorio galego, especialmente en situacións de urxencia vital, accidentes graves ou traslados sanitarios de alta complexidade. A dispoñibilidade permanente destes medios non é unha cuestión accesoria, senón unha obriga directa da Administración autonómica no marco das súas competencias en materia de sanidade e emerxencias.

Porén, segundo o que puidemos coñecer dende este grupo parlamentario, a base do helicóptero de emerxencias de Santiago de Compostela leva xa máis de 15 días sen helicóptero operativo, o que supón unha situación absolutamente anómala e gravísima desde o punto de vista da seguridade da cidadanía e da capacidade de resposta do sistema público de emerxencias.

Esta situación de carencia dun dos helicópteros do servizo vén reproducíndose de maneira reiterada tanto durante a anterior adxudicación como ao longo da actual, vixente desde o ano 2023. Esta deficiencia tradúcese en períodos prolongados nos que non se garante a plena operatividade do dispositivo, como quedou acreditado coa ausencia do helicóptero con base en Santiago de Compostela durante o mes de agosto de 2024.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A ausencia prolongada dun helicóptero de emerxencias na área de Santiago de Compostela compromete a atención sanitaria urxente de milleiros de persoas e supón unha grave irresponsabilidade política por parte do Goberno galego, que non pode nin debe mirar para outro lado ante unha situación desta magnitude.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas urxentes para reforzar o control e a esixencia de cumprimento das obrigas contractuais por parte da empresa prestadora do servizo de helicópteros de emerxencias.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 49827
Data envío: 06/02/2026 21:23:51.759

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 21:17:13**

**Patricia Iglesias Rey na data 06/02/2026 21:17:21**

**Elena Espinosa Mangana na data 06/02/2026 21:17:28**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 06/02/2026 21:17:36**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 21:23:52**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 06/02/2 21:17 Por Elena Espinosa M

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prestación dos servizos de emerxencias sanitarias aéreas é un elemento esencial para garantir unha atención rápida, eficaz e en condicións de igualdade en todo o territorio galego, especialmente en situacións de urxencia vital, accidentes graves ou traslados sanitarios de alta complexidade. A dispoñibilidade permanente destes medios non é unha cuestión accesoria, senón unha obriga directa da Administración autonómica no marco das súas competencias en materia de sanidade e emerxencias.

Asinado o día 06/02/2026 ás 21:17 Por Patricia Iglesias Rey

Porén, segundo o que puidemos coñecer dende este grupo parlamentario, a base do helicóptero de emerxencias de Santiago de Compostela leva xa máis de 15 días sen helicóptero operativo, o que supón unha situación absolutamente anómala e gravísima desde o punto de vista da seguridade da cidadanía e da capacidade de resposta do sistema público de emerxencias.

Esta situación de carencia dun dos helicópteros do servizo vén reproducíndose de maneira reiterada tanto durante a anterior adxudicación como ao longo da actual, vixente desde o ano 2023. Esta deficiencia tradúcese en períodos prolongados nos que non se garante a plena operatividade do dispositivo, como quedou acreditado coa ausencia do helicóptero con base en Santiago de Compostela durante o mes de agosto de 2024.

Asinado o día 06/02/2026 ás 21:17 Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A ausencia prolongada dun helicóptero de emerxencias na área de Santiago de Compostela compromete a atención sanitaria urxente de milleiros de persoas e supón unha grave irresponsabilidade política por parte do Goberno galego, que non pode nin debe mirar para outro lado ante unha situación desta magnitude.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar o réxime de penalizacións e sancións previsto nos contratos de emerxencias aéreas co obxectivo de que sexa suficientemente disuasorio e evite situacións de abandono ou traslado de medios a outros territorios.
2. Garantir que nos procesos de licitación se priorice a seguridade da cidadanía, a continuidade do servizo e a solvencia técnica e operativa das empresas adxudicatarias.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 49829
Data envío: 06/02/2026 21:24:32.758

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 21:17:45**

**Patricia Iglesias Rey na data 06/02/2026 21:17:53**

**Elena Espinosa Mangana na data 06/02/2026 21:17:59**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 06/02/2026 21:18:07**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2026 10:00:00
Nº Rexistro: 49829
Data envio: 06/02/2026 21:24:32.758

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 21:24:33

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 10:40:24
Nº Rexistro: 49949
Data envio: 09/02/2026 10:40:24.127

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 09/02/2
10:37
Por Montserrat Valcár

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández**, **Mercedes Queixas Zas** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación na que se atopan as pallozas de Piornedo.

Asinado o día 09/02/2026 ás
10:37
Por Mercedes Queixas Zas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai un ano as pallozas de Piornedo, no Concello de Cervantes, víronse gravemente afectadas por un forte temporal meteorolóxico. A borrasca Herminia que azoutou con forza os teitos agravou os danos estruturais que arrastraban xa moitas das pallozas pola falta de mantemento.

Naquela altura, xaneiro de 2025, a Xunta de Galiza comprometeuse a arbitrar medidas para axudas as persoas propietarias destes inmobles, declarados como Ben de Interese Cultural (BIC). Mesmo o conselleiro de Cultura afirmou, en resposta a unha pregunta formalada polo BNG no Pleno do Parlamento, que:

*claro que estamos en disposición de colaborar e, ademais —creo—, non só eu o veño reafirmar nesta Cámara, senón que —creo— tamén foi un compromiso da Xunta de Galicia, do propio presidente, que afirmou a nosa vontade de colaboración.*

*[...]*

Asinado o día 09/02/2026 ás
10:36
Por Olalla Rodil Fernández

*Eu creo que o escenario e o plantexamento que está feito é que, ante unha situación extraordinaria dun elemento ou dun ben que ten un valor que, ademais —eu creo—, representa, como ningún outro ben, os valores fundamentais de Galicia, podemos*



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 10:40:24
Nº Rexistro: 49949
Data envio: 09/02/2026 10:40:24.127

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

*chegar a un acordo sen ter ningún tipo de obrigación e sen ter ningún tipo de responsabilidade legal —ningún—. Outra cousa é que, evidentemente, teñamos unha responsabilidade moral e que queiramos colaborar ou contribuír para a mellora, dende logo, das pallozas de Piornedo.*

*[...]*

*Nese punto estamos dispostos a falar, estamos dispostos a escoitar e estamos dispostos a negociar un acordo en que as tres administracións se poidan sentar e poidan chegar a acordos para, non só reparar os problemas de xeito puntual que existen no día de hoxe, senón tamén para dar unha certa estabilidade de financiamento no futuro.*

***Diario de sesións.* Número 39. 12 de febreiro de 2025**

Porén, desde aquela, a Xunta de Galiza nada fixo. Nin sequera se respondeu á solicitude de xuntanza formulada polo deputado provincial, Daniel García, responsábel da Área de Medio Rural da Deputación de Lugo que é a única administración pública que está a achegar fondos para garantir o mantemento e conservación.

E mentres o goberno do Partido Popular na Xunta non fai nada, as pallozas continúan deteriorándose máis aínda coa neve, choiva e vento deste inverno.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a recuperar, con carácter anual, a liña de axudas dirixida ao mantemento e rehabilitación das pallozas así como a promover unha mesa de diálogo coas persoas propietarias e con outras administracións, nomeadamente coa Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes, co obxectivo de elaborar un



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

plan de actuacións urxentes nas que priorizar tanto os investimentos como as medidas a acometer no inmediato".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 10:40:24
Nº Rexistro: 49949
Data envio: 09/02/2026 10:40:24.127

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/02/2026 10:36:49**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/02/2026 10:37:00**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/02/2026 10:37:08**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 10:40:25**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 09/02/2 11:21
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) está a atravesar unha situación de extrema gravidade no seu Servizo de Urxencias, tal e como veñen denunciando reiteradamente as profesionais de enfermaría, TCAEs e celadores/as. As súas reivindicacións non responden a intereses corporativos nin a estratexias de confrontación, senón á defensa da seguridade das persoas atendidas, da calidade asistencial e da súa propia integridade física e profesional.

A planificación recente realizada pola Xunta de Galicia e pola Dirección do centro caracterizouse pola improvisación, pola ausencia de diálogo cos profesionais e pola incorporación unilateral de reforzos médicos sen o correspondente reforzo do persoal de enfermaría, TCAEs e celadores/as, xerando un desequilibrio asistencial que compromete seriamente a atención sanitaria.

Asinado o día 09/02/2026 ás 11:21
Por Elena Espinosa Mangana

As deficiencias denunciadas son graves e afectan a áreas estratéxicas como Urxencias 3, os boxes de Críticos, a zona de Observación e a atención nocturna, onde a dotación actual resulta insuficiente para garantir tempos de resposta seguros, coidados adecuados e condicións laborais dignas. A sobrecarga extrema do persoal non médico, a carencia de recursos materiais

Asinado o día 09/02/2026 ás 11:21
Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

básicos, a falta de medidas de seguridade eficaces e as agresións sufridas evidencian un deterioro progresivo do sistema sanitario público.

Esta situación non é un feito illado nin puntual, senón a consecuencia directa dun modelo sanitario impulsado pola Xunta de Galicia baixo gobernos do Partido Popular, baseado nos recortes en persoal, na externalización de servizos, na infrafinanciación das infraestruturas e na substitución da planificación pola propaganda.

Fronte a este modelo, o Partido Socialista defendeu historicamente a sanidade pública como un dos piares fundamentais do Estado do benestar, desde a implantación do sistema nacional de saúde ata a súa consolidación como un dereito universal, público, gratuíto e de calidade. A defensa dunha sanidade pública forte, con recursos suficientes e profesionais recoñecidos, forma parte da identidade política do socialismo.

Os paros e mobilizacións convocados polo persoal do HULA son a consecuencia directa da inacción prolongada da Dirección do centro e da Consellería de Sanidade, que ignoraron reiteradamente comunicacións formais nas que se advertía da gravidade da situación. Estas mobilizacións constitúen unha chamada de atención lexítima ante unha situación insostible que pon en risco tanto aos pacientes como aos profesionais.

O Grupo Parlamentario Socialista considera imprescindible que o Parlamento de Galicia se posicione claramente en defensa da sanidade pública, do persoal sanitario e do dereito da cidadanía a unha atención digna, segura e de calidade, e esixa á Xunta unha resposta inmediata, transparente e acorde coa gravidade do que está a acontecer no HULA e no conxunto do sistema sanitario galego.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar expresamente as demandas formuladas polo persoal de enfermaría, TCAEs e celadores/as do Servizo de Urxencias do HULA, recoñecendo a lexitimidade das súas reivindicacións en defensa da seguridade dos pacientes e da calidade asistencial.
2. Revisar de maneira inmediata a dotación de persoal non médico no Servizo de Urxencias do HULA, adecuando enfermaría, TCAEs e celadores/as ás cargas asistenciais reais, en todas as quendas e áreas, incluídas Urxencias 3, boxes de Críticos, Observación e quendas nocturnas.
3. Garantir a dotación suficiente de recursos materiais básicos, como equipamento clínico por box, cadeiras de rodas en condicións seguras, espazos dignos de espera e sistemas de chamamento que respecten a confidencialidade das persoas usuarias.
4. Reforzar de maneira inmediata as medidas de seguridade física nos servizos de Urxencias, garantindo presenza efectiva de persoal de seguridade e resposta inmediata ante situacións de risco ou agresións.
5. Abrir un proceso real de diálogo cos profesionais do HULA, establecendo mesas de traballo estables e mecanismos efectivos de participación do persoal nas decisións organizativas que afectan á asistencia sanitaria.
6. Presentar no Parlamento un plan integral de reforzo das Urxencias hospitalarias, con especial atención aos hospitais comarcais e de referencia, que inclúa financiamento suficiente, contratación estable e mellora das condicións laborais.
7. Reafirmar o compromiso da Xunta coa sanidade pública, abandonando as políticas de recorte, externalización e precarización impulsadas polo

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:25:49
Nº Rexistro: 49959
Data envío: 09/02/2026 11:25:49.695

Partido Popular, e avanzando cara a un sistema sanitario público forte, universal, de calidade e centrado nas persoas.

Santiago de Compostela, a 9 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:25:49
Nº Rexistro: 49959
Data envio: 09/02/2026 11:25:49.695

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/02/2026 11:21:18

Elena Espinosa Mangana na data 09/02/2026 11:21:25

Silvia Longueira Castro na data 09/02/2026 11:21:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/02/2026 11:21:38

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:25:49
Nº Rexistro: 49959
Data envio: 09/02/2026 11:25:49.695

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 11:25:50**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:10
Nº Rexistro: 49969
Data envío: 09/02/2026 11:56:10.214

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 09/02/2 11:47 Por Silvia Longueira C
Asinado o día 09/02/2026 ás 11:47 Por Patricia Iglesias Rey
Asinado o día 09/02/2026 ás 11:47 Por Lara Méndez López

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López, Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O turismo rural constitúe unha oportunidade estratéxica para moitos concellos do interior de Galicia, como o das Nogais, ao permitir a dinamización económica, a creación de emprego e a fixación de poboación, especialmente en territorios de montaña con grande valor natural, paisaxístico e cultural.

O Concello das Nogais sitúase ademais na Vía Künig, variante histórica do Camiño de Santiago documentada no século XV polo monxe alemán Hermann Künig von Vach, que destaca por ofrecer un percorrido máis accesible ao evitar os fortes ascensos de O Cebreiro e Foncebadón. Este feito engade un valor singular ao municipio como destino turístico alternativo e desestacionalizado.

Xunto a estes atractivos, o concello conta con elementos patrimoniais únicos que poden consolidar un modelo de turismo de natureza, cultural e sustentable. Entre eles destaca a Torre medieval de Torés, fortaleza catalogada como Ben de Interese Cultural (BIC), que constitúe un símbolo da identidade local do val de Torés, memoria colectiva e vinculo emocional para os veciños e veciñas do concello así como un recurso de alto valor histórico, arquitectónico e turístico.
Porén, esta fortaleza atópase nun grave estado de deterioro, como consecuencia da falta de actuación das administracións competentes. Recentemente, e tal e como recollen os medios de comunicación, a Torre de Torés vén de sufrir o maior desprendemento en anos, agravado polas

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:10
Nº Rexistro: 49969
Data envío: 09/02/2026 11:56:10.214

condicións climatolóxicas adversas, poñendo en risco a súa conservación e a seguridade das persoas.

A lexislación vixente obriga tanto aos propietarios como ás administracións públicas a garantir a conservación dos bens declarados BIC, especialmente cando se atopan en situación de ameaza ou deterioro. Neste caso, resulta evidente a necesidade dunha intervención inmediata e coordinada por parte do Concello das Nogais e da  Xunta de Galicia, para evitar a perda irreparable deste patrimonio.

A conservación e posta en valor da Torre de Torés non só é unha obriga legal e moral, senón tamén unha oportunidade para reforzar a oferta turística do municipio, contribuír á dinamización económica, xerar emprego local e consolidar un modelo de desenvolvemento rural sostible, en convivencia co territorio e coa poboación que o habita.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Actuar de maneira inmediata para garantir a protección, consolidación estrutural e conservación da Torre medieval de Torés, no concello das Nogais, como Ben de Interese Cultural.
2. Coordinarse co Concello das Nogais e cos propietarios do ben para impulsar un plan de intervención integral que inclúa, avaliación técnica do estado da fortaleza, a execución urxente das obras necesarias para deter o seu deterioro e a elaborar un proxecto de restauración e posta en valor.
3. Dotar os recursos económicos necesarios para asegurar a conservación deste patrimonio, garantindo financiamento suficiente e estable.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:10
Nº Rexistro: 49969
Data envío: 09/02/2026 11:56:10.214

4. Impulsar a posta en valor turístico e cultural da Torre de Torés, integrándoa nas estratexias de turismo rural, cultural e de natureza, así como na promoción da Vía Künig do Camiño de Santiago.
5. Establecer mecanismos de seguimento e control que garantan o cumprimento das obrigas de conservación dos bens BIC e eviten situacións de abandono similares noutros elementos do patrimonio galego.

Santiago de Compostela, a 9 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:10
Nº Rexistro: 49969
Data envio: 09/02/2026 11:56:10.214

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/02/2026 11:47:46

Patricia Iglesias Rey na data 09/02/2026 11:47:54

Silvia Longueira Castro na data 09/02/2026 11:47:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/02/2026 11:48:07

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:10
Nº Rexistro: 49969
Data envio: 09/02/2026 11:56:10.214

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 11:56:11**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:25
Nº Rexistro: 49970
Data envío: 09/02/2026 11:56:25.963



Asinado o día 09/02/2
11:48
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López, Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 09/02/2026 ás
11:48
Por Patricia Iglesias Rey

O turismo rural constitúe unha oportunidade estratéxica para moitos concellos do interior de Galicia, como o das Nogais, ao permitir a dinamización económica, a creación de emprego e a fixación de poboación, especialmente en territorios de montaña con grande valor natural, paisaxístico e cultural.

O Concello das Nogais sitúase ademais na Vía Künig, variante histórica do Camiño de Santiago documentada no século XV polo monxe alemán Hermann Künig von Vach, que destaca por ofrecer un percorrido máis accesible ao evitar os fortes ascensos de O Cebreiro e Foncebadón. Este feito engade un valor singular ao municipio como destino turístico alternativo e desestacionalizado.

Asinado o día 09/02/2026 ás
11:48
Por Lara Méndez López

Xunto a estes atractivos, o concello conta con elementos patrimoniais únicos que poden consolidar un modelo de turismo de natureza, cultural e sustentable. Entre eles destaca a Torre medieval de Torés, fortaleza catalogada como Ben de Interese Cultural (BIC), que constitúe un símbolo da identidade local do val de Torés, memoria colectiva e vinculo emocional para os veciños e veciñas do concello así como un recurso de alto valor histórico, arquitectónico e turístico.
Porén, esta fortaleza atópase nun grave estado de deterioro, como consecuencia da falta de actuación das administracións competentes. Recentemente, e tal e como recollen os medios de comunicación, a Torre de

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Torés vén de sufrir o maior desprendemento en anos, agravado polas condicións climatolóxicas adversas, poñendo en risco a súa conservación e a seguridade das persoas.

A lexislación vixente obriga tanto aos propietarios como ás administracións públicas a garantir a conservación dos bens declarados BIC, especialmente cando se atopan en situación de ameaza ou deterioro. Neste caso, resulta evidente a necesidade dunha intervención inmediata e coordinada por parte do Concello das Nogais e da Xunta de Galicia, para evitar a perda irreparable deste patrimonio.

A conservación e posta en valor da Torre de Torés non só é unha obriga legal e moral, senón tamén unha oportunidade para reforzar a oferta turística do municipio, contribuír á dinamización económica, xerar emprego local e consolidar un modelo de desenvolvemento rural sostible, en convivencia co territorio e coa poboación que o habita.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Actuar de maneira inmediata para garantir a protección, consolidación estrutural e conservación da Torre medieval de Torés, no concello das Nogais, como Ben de Interese Cultural.
2. Coordinarse co Concello das Nogais e cos propietarios do ben para impulsar un plan de intervención integral que inclúa, avaliación técnica do estado da fortaleza, a execución urxente das obras necesarias para deter o seu deterioro e a elaborar un proxecto de restauración e posta en valor.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:25
Nº Rexistro: 49970
Data envio: 09/02/2026 11:56:25.963

3. Dotar os recursos económicos necesarios para asegurar a conservación deste patrimonio, garantindo financiamento suficiente e estable.
4. Impulsar a posta en valor turístico e cultural da Torre de Torés, integrándoa nas estratexias de turismo rural, cultural e de natureza, así como na promoción da Vía Künig do Camiño de Santiago.
5. Establecer mecanismos de seguimento e control que garantan o cumprimento das obrigas de conservación dos bens BIC e eviten situacións de abandono similares noutros elementos do patrimonio galego.

Santiago de Compostela, a 9 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:25
Nº Rexistro: 49970
Data envio: 09/02/2026 11:56:25.963

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 09/02/2026 11:48:16

Patricia Iglesias Rey na data 09/02/2026 11:48:23

Silvia Longueira Castro na data 09/02/2026 11:48:29

José Ramón Gómez Besteiro na data 09/02/2026 11:53:12

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 11:56:26

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

**Exposición de motivos**

O sector do marisqueo é unha actividade moi importante para Galicia, esencial para a economía das rías, o mantemento do emprego feminino no litoral e a cohesión social das zonas costeiras. Trátase dun sector tradicional, fortemente vinculado ao territorio e especialmente vulnerable ás crises económicas, ambientais e administrativas.

Durante a pandemia da COVID-19, as persoas mariscadoras galegas víronse obrigadas a cesar ou limitar gravemente a súa actividade como consecuencia das decisións adoptadas polo Goberno de España. Para poder subsistir, accederon ás prestacións por cesamento de actividade xestionadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, dependente do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Cinco anos despois, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, baixo a responsabilidade directa do goberno socialista de España, apoiado polo BNG, está a iniciar procedementos de revisión de oficio e reclamación da devolución de axudas xa concedidas, recoñecidas e percibidas de boa fe polo sector do marisqueo galego.

Esta actuación resulta absolutamente inxusta e desproporcionada, ao producirse fóra de calquera prazo razoable, xerando unha fonda inseguridade xurídica. Ademais, estas reclamacións chegan nun momento de especial dificultade para o sector, marcado pola diminución da produtividade, o impacto do cambio climático,

Asinado o día 09/02/2026 ás 11:56
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o incremento de custos e a falta de medidas eficaces por parte do Goberno central.

O Goberno de España, lonxe de apoiar un sector estratéxico para Galicia, volve dar as costas ás persoas traballadoras do mar, reclamando agora unhas axudas que foron concedidas en circunstancias excepcionais e que cumpriron unha función social imprescindible durante a pandemia.

A esixencia de devolución destas cantidades pode supoñer o golpe definitivo para un sector xa castigado polo abandono do Executivo socialista, que non fixo caso á reclamación do sector cando solicitou a declaración das rías galegas como zona catastrófica despois das riadas do inverno 23/24.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1.- Esixir a paralización inmediata por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social das reclamacións e procedementos de reintegro de axudas concedidas hai máis de cinco anos ao sector do marisqueo galego, sempre que non exista fraude, dolo ou mala fe por parte das persoas beneficiarias.

2.- Reclamar respecto aos principios de seguridade xurídica, confianza lexítima e boa fe, evitando interpretacións retroactivas da normativa aplicable ás prestacións por cesamento de actividade concedidas durante a pandemia da COVID-19.

3.- Instar ao Executivo central a establecer un límite temporal claro e definitivo para a revisión de axudas e prestacións, impedindo que as persoas traballadoras do mar queden sometidas a unha incerteza administrativa permanente.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:28
Nº Rexistro: 49971
Data envio: 09/02/2026 11:56:28.095

PARLAMENTO DE GALICIA

4.- Solicitar ao Goberno de España a apertura dun proceso de diálogo coas confrarías de pescadores e coas organizacións representativas do sector, para analizar o impacto real destas reclamacións e buscar solucións xustas e proporcionadas.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:28
Nº Rexistro: 49971
Data envío: 09/02/2026 11:56:28.095

5.- Instar ao Executivo central a poñer fin ao abandono institucional do sector do marisqueo galego, impulsando políticas activas e un apoio real e sostido que garanta a súa viabilidade económica, social e laboral".

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:28
Nº Rexistro: 49971
Data envio: 09/02/2026 11:56:28.095

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 09/02/2026 11:56:10**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:56:28
Nº Rexistro: 49971
Data envio: 09/02/2026 11:56:28.095

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 11:56:28**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:59:10
Nº Rexistro: 49978
Data envio: 09/02/2026 11:59:10.685

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Fidalgo Iglesias, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

**Exposición de motivos**

A conservación da biodiversidade debe sustentarse no coñecemento científico, na avaliación de resultados reais e na colaboración cos territorios que demostraron capacidade de xestión eficaz.

Con todo, o anuncio do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico de impulsar a inclusión da anguía na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial na categoría de "en perigo de extinción" xera unha profunda preocupación naqueles territorios que levan décadas aplicando modelos de xestión rigorosos e con resultados contrastados.

Galicia constitúe un exemplo claro de xestión responsable, baseada en plans de control do esforzo pesqueiro, loita contra o furtivismo, seguimento científico continuo e participación activa do sector. Estes instrumentos permitiron manter a actividade tradicional dentro de parámetros de sustentabilidade e con indicadores de evolución positivos.

Resulta inaceptable que se expoñan decisións uniformes desde unha visión centralista que ignora a realidade territorial, penalizando a quen fixo as cousas ben e trasladando unha mensaxe profundamente inxusta ás comunidades que investiron durante anos en xestión sostible.

A protección dunha especie non pode converterse nunha coartada para impoñer prohibicións xeneralizadas sen analizar previamente que modelos funcionan e

Asinado o día 09/02/2026 ás 11:58
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

cales non. A conservación eficaz esixe diferenciar, avaliar e recoñecer o traballo realizado polos territorios e polo sector.

Ademais, resulta especialmente preocupante que unha medida con impacto directo sobre o sector pesqueiro estea a ser impulsada desde o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sen que se coñeza ata a data unha posición clara por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, departamento competente en materia de ordenación, xestión e defensa do sector pesqueiro.

Esta situación xera incerteza no sector pesqueiro galego e pon de manifesto a necesidade de garantir a coherencia da acción do Goberno de España, evitando que decisións en materia de conservación se adopten sen a participación activa do departamento responsable da política pesqueira.

Desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia estamos convencidos de que a recuperación da anguía pasa necesariamente por reforzar a loita contra o furtivismo e o tráfico ilegal internacional, principais ameazas para a especie, e non exclusivamente por restrinxir actividades legais, reguladas e sometidas a control científico.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

1.- Paralizar calquera iniciativa de catalogación estatal da anguía en categorías de máxima protección ata avaliar de forma obxectiva e diferenciada os resultados dos plans autonómicos de xestión existentes.

2.- Recoñecer expresamente o papel das comunidades autónomas que desenvolveron modelos eficaces de xestión sostible, incorporando os seus datos científicos e experiencia no proceso de toma de decisións.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.- Garantir que calquera decisión futura se base en análises científicas diferenciadas por concas hidrográficas, evitando decisións xeneralistas que non responden á realidade biolóxica de cada territorio.

4.- Priorizar a loita contra o furtivismo e o tráfico ilegal internacional como principal eixo de recuperación da especie.

5.- Avaliar previamente o impacto socioeconómico de calquera medida restritiva sobre as comunidades locais que dependen desta actividade tradicional".

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:59:10
Nº Rexistro: 49978
Data envio: 09/02/2026 11:59:10.685

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 09/02/2026 11:58:56**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2026 11:59:10
Nº Rexistro: 49978
Data envio: 09/02/2026 11:59:10.685

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 11:59:11**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 12:18:26
Nº Rexistro: 50135
Data envio: 10/02/2026 12:18:26.217

Asinado o día 10/02/2 12:11 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1ª.**

En setembro de 2012, tras seis anos de polémicas actuacións, que multiplicaron por 4 o período de execución inicialmente previsto (18 meses fronte aos 72 reais) e case duplicaron o custe final das obras sobre o prezo no que foran inicialmente adxudicadas (8,5 millóns de euros fronte aos 16,8 realmente investidos), a Deputación Provincial de Pontevedra, gobernada polo Partido Popular, deu por finalizada a construción do novo Estadio Municipal de Pasarón.

Asinado o día 10/02/2026 ás 12:11 Por Patricia Iglesias Rey

Pese ese extraordinario desfase no tempo de execución e, sobre todo, no orzamento finalmente destinado a esta actuación, a obra quedou sen rematar e con múltiples eivas que, 14 anos despois, seguen a padecer o Pontevedra Club de Fútbol, principal usuario das instalacións, e os milleiros de pontevedreses/as e siareiros/as doutras localidades que ao longo de cada tempada visitan o noso estadio: enchufes sen conexión á rede, billas de auga de adorno, tamén sen conexión, unha sistema de megafonía imposible de entender porque en lugar de altofalantes instaláronse bucinas de sinais acústicos, ausencia de vídeomarcadores, unha cuberta prevista en proxecto para protexer da chuvia ao 100% de localidades e que na práctica só resgarda ás tres ou catro últimas filas da bancada superior, unha iluminación deficiente e cero eficiente que conserva as torres provisionais de obra, en lugar da moderna iluminación perimetral que tamén se prevía no proxecto, ou un terreo de xogo mal executado que como consecuencia atópase en permanente mal estado, convertido nunha lameira cada inverno, porque tampouco funciona o sistema de drenaxe.

Asinado o día 10/02/2026 ás 12:10 Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Isto último, o estado do terreo de xogo, é tal vez o problema máis grave que arrastra o novo Estadio de Pasarón desde a súa inauguración, pola grave afección ao normal desenvolvemento da práctica deportiva que supón e o risco de lesións que implica para os profesionais que xogan neste campo. As causas de que o terreo estea permanentemente encharcado cada vez que se suceden días de chuvia e que froito diso podreza a herba son coñecidas desde hai tempo e teñen a súa explicación, unha vez máis, na chapuza que a Deputación do PP acometeu no noso estadio.

Segundo apuntan diversas catas técnicas, a capa de grava/áridos que debe ir a continuación do céspede e da terra para que a auga filtre con máis facilidade é demasiado fina e non cumpre coa súa función, a malla drenante que se debería ter colocado entre a capa de terra e esa de grava está obstruída desde o principio, probablemente por ser de baixa calidade, e tampouco permite a correcta filtración de auga, a superficie do campo non ten a inclinación precisa para favorecer que a auga corra cara os laterais, senón que é practicamente plana, o que favorece o apozamento e a formación de charcos, tampouco se construíu unha canalización perimetral que recolla esa auga en superficie que corre do centro cara aos extremos do terreo de xogo e, novamente, apoza contra as gradas, etc.

Pese aos intentos de paliar esta situación con reparacións menores, coma a substitución do céspede e da primeira capa de terra, financiada a partes iguais entre o Concello de Pontevedra e o Pontevedra Club de Fútbol no verán de 2023 (150.000 euros), a realidade demostra que a única solución efectiva para ter un céspede en condicións pasa por refacer desde o inicio todo o terreo de xogo, incluído o seu sistema de drenaxe. Unha actuación que podería acadar os 400 ou 500 mil euros e debería ser financiada pola Deputación Provincial de Pontevedra, xa que súa é a responsabilidade de ter construído en pésimas condicións o novo terreo de xogo de Pasarón e, por outra banda, existen

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 12:18:26
Nº Rexistro: 50135
Data envío: 10/02/2026 12:18:26.217



precedentes de actuacións similares por parte do goberno provincial, xa presidido polo Partido Socialista, cando, por exemplo, se destinaron 642.500 euros en 2021 a renovar o céspede, o sistema de drenaxe e a iluminación do campo de fútbol do Vao, sede do Coruxo F.C.

Dado o elevado custe, tamén se podería contemplar a implicación da Xunta de Galicia nesta actuación, seguindo o feito polo Goberno galego en diversos campos de fútbol de titularidade municipal, como o do Espiñedo (O Carballiño) ou o da Malata (Ferrol), onde a Xunta investiu 550.000 euros en diversas actuacións de reforma e mellora integral do estadio en 2023; terreos ambos que son sede de equipos que compiten na mesma categoría que o Pontevedra C.F., Club Deportivo Arenteiro e Racing Club de Ferrol, respectivamente.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a asinar un convenio co Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra e co Pontevedra Club de Fútbol que teña por obxecto o cofinanciamento da reforma integral do terreo de xogo e do sistema de drenaxe e recollida de auga en superficie do Estadio Municipal de Pasarón, que poña fin ao asolagamento recorrente e ao deterioro progresivo que padece a día de hoxe o céspede, permitindo a práctica normal do fútbol, sen risco de lesións para os deportistas, e dando así a Pontevedra o mesmo tratamento que a outras cidades galegas e clubs da mesma categoría.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 12:18:26
Nº Rexistro: 50135
Data envio: 10/02/2026 12:18:26.217

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 10/02/2026 12:10:53**

**Patricia Iglesias Rey na data 10/02/2026 12:11:03**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 10/02/2026 12:11:13**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 12:18:26
Nº Rexistro: 50135
Data envio: 10/02/2026 12:18:26.217

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2026 12:18:27**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 12:37:40
Nº Rexistro: 50141
Data envío: 10/02/2026 12:37:40.962



Asinado o día 10/02/2
12:35
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para** o seu debate na **Comisión 8ª.**

A Consellería do Mar vén de autorizar á empresa Acuicultura do Atlántico, S.A. a instalación de *long lines* de captación de mexilla nas cuadrículas 1 e 13 do polígono Noia A, malia tratarse dunha empresa que xa conta con dúas bateas experimentais en funcionamento.

Asinado o día 10/02/2026 ás
12:34
Por Carlos López Font

Esta decisión supón unha ruptura clara e preocupante cun criterio historicamente defendido polo propio sector e pola Administración: non permitir novas instalacións por diante das xa existentes dentro dun mesmo polígono, así como garantir que calquera experiencia de captación de mexilla teña un carácter colectivo e redunde no beneficio do conxunto do sector bateeiro, e non no favorecemento de intereses particulares.

Ademais, a autorización foi concedida sen pasar pola Mesa do Mexillón**,** órgano creado precisamente para o diálogo, a participación e o consenso nas decisións que afectan a un sector estratéxico para a economía e o emprego en Galicia. Este feito provoca unha fonda preocupación entre os profesionais do mar e leva a cuestionar seriamente a utilidade real deste órgano consultivo se as decisións máis relevantes se adoptan á marxe del.

Asinado o día 10/02/2026 ás
12:34
Por Paloma Castro Rey

Nun contexto no que o sector bateeiro sofre recortes de espazo produtivo, limitacións de dereitos e crecente presión normativa**,** resulta especialmente grave que se autoricen novas ocupacións dentro dos polígonos a determinadas

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 12:37:40
Nº Rexistro: 50141
Data envio: 10/02/2026 12:37:40.962

empresas, xerando unha percepción xeneralizada de trato de favor, desigualdade e inseguridade xurídica.

Esta actuación pode, ademais, sentar un precedente moi perigoso, abrindo a porta a futuras autorizacións que comprometan a ordenación racional dos polígonos de bateas, a convivencia entre produtores e a sustentabilidade social e económica do sector.

Por todo o exposto, e ante o malestar manifestado polos profesionais do mar e a solicitude dunha reunión urxente da Comisión do Mexillón, faise necesaria unha resposta clara por parte do Parlamento de Galicia.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Suspender cautelarmente a autorización concedida para a instalación de *long lines* de captación de mexilla nas cuadrículas 1 e 13 do polígono Noia A, ata que se avalíe o seu impacto e adecuación aos criterios de ordenación vixentes.

2. Garantir que calquera decisión que afecte ao sector bateeiro sexa previamente tratada e acordada na Mesa do Mexillón, reforzando o seu papel como órgano real de participación e diálogo.

3. Manter e respectar os criterios históricos de ordenación dos polígonos de bateas, evitando novas instalacións por diante das existentes e impedindo actuacións que xeren agravios comparativos entre produtores.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Asegurar que as experiencias de captación de mexilla teñan carácter colectivo**,** revertendo os seus resultados no conxunto do sector e non no beneficio exclusivo de empresas ou persoas concretas.

5. Convocar con carácter urxente a Comisión do Mexillón, co fin de analizar esta autorización, avaliar os seus efectos e evitar que se establezan precedentes que poidan prexudicar ao sector bateeiro galego.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 12:37:40
Nº Rexistro: 50141
Data envio: 10/02/2026 12:37:40.962

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 10/02/2026 12:34:52**

**Carlos López Font na data 10/02/2026 12:34:58**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 10/02/2026 12:35:06**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 12:37:40
Nº Rexistro: 50141
Data envio: 10/02/2026 12:37:40.962

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2026 12:37:41

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 13:46:51
Nº Rexistro: 50152
Data envío: 10/02/2026 13:46:51.123

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 10/02/2026 ás 13:42
Por Iria Taibo Corsanego

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as afectacións á mocidade galega da escalada belicista e militarista no mundo.

Asinado o día 10/02/2026 ás 13:42
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mundo vive momentos incertos, unha espiral de violencia e belicismo que se agrava a cada día e que pode ter consecuencias nefastas para toda a humanidade. Galiza fai parte do mundo e, como tal, a súa sociedade non pode estar allea a esta cuestión de vital importancia. O galego sempre foi un pobo digno, acolledor e solidario coas nacións do mundo que sofren a mans do imperialismo e que loitan pola súa soberanía, polo que nestes momentos de incerteza e violencia rampante é importante que as nosas institucións trasladen estes valores tan propios do pobo galego nos seus posicionamentos. Mentres os EUA conseguen a través da UE e da OTAN que os Estados europeos gasten cantidades inxentes de diñeiro público en armas creando nas sociedades sensación de inseguridade, os servizos públicos básicos como a sanidade, a educación ou as infraestruturas sofren dun acentuado infrafinanciamento que se perpetuará inevitabelmente se os nosos gobernos porfían en destinar o diñeiro de todas e de todos a un rearmamento a todas luces hiperbólico.

Asinado o día 10/02/2026 ás 13:42
Por Iago Suárez Fernández

O debate sobre o restabelecemento do servizo militar na Alemaña dá boa conta desta escalada belicista. A este respecto cabe sinalar que no Estado español, na actualidade, o servizo militar obrigatorio non está suprimido, senón suspendido, polo

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 13:46:51
Nº Rexistro: 50152
Data envio: 10/02/2026 13:46:51.123

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que a mocidade galega podería verse seriamente afectada ante unha eventual volta deste.

Para alén diso, os EUA seguen a impor a súa vontade no mundo a través da violencia e da coacción e mostran agora baixo a presidencia de Donald Trump a súa faciana máis arrogante bombardeando países soberanos, secuestrando presidentes, asasinando civís e ameazando con invadir territorios supostamente aliados, algo que os EUA veñen facendo historicamente, mais agora de modo máis evidente se cabe. Situación ante a cal a UE obedece ao se someter sen pudor de ningún tipo aos intereses do imperialismo norteamericano a súa maquinaria da guerra.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG insistimos nos principios de paz e respecto entre nacións que veñen guiando o nacionalismo galego desde o seu nacemento como movemento político organizado. Así, apelamos ao Parlamento Galego e á Xunta de Galiza a se posicionaren inequivocamente do lado da paz e da defensa da soberanía das nacións do mundo, a rexeitaren a escalada belicista que o noso planeta vive nestes momentos e a exixiren do goberno estatal a supresión definitiva do servizo militar obrigatorio que sería devastador para a xuventude do noso país. Galiza quere paz e así o deben transmitir as institucións galegas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Declarar o estatus de neutralidade para Galiza.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Condenar publicamente a escalada belicista que vive o mundo así como as actuacións ilegais dos EUA apoiadas pola UE contra países soberanos a través de bombardeamentos, secuestros ou asasinatos de civís”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 13:46:51
Nº Rexistro: 50152
Data envio: 10/02/2026 13:46:51.123

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 10/02/2026 13:42:27**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/02/2026 13:42:37**

**Iria Taibo Corsanego na data 10/02/2026 13:42:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/02/2026 13:42:49**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 13:46:51
Nº Rexistro: 50152
Data envio: 10/02/2026 13:46:51.123

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2026 13:46:52**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 13:47:23
Nº Rexistro: 50153
Data envio: 10/02/2026 13:47:23.152

Asinado o día 10/02/2 13:43
Por Ana Pontón Mond

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as afectacións á mocidade galega da escalada belicista e militarista no mundo.

Asinado o día 10/02/2026 ás 13:43
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mundo vive momentos incertos, unha espiral de violencia e belicismo que se agrava a cada día e que pode ter consecuencias nefastas para toda a humanidade. Galiza fai parte do mundo e, como tal, a súa sociedade non pode estar allea a esta cuestión de vital importancia. O galego sempre foi un pobo digno, acolledor e solidario coas nacións do mundo que sofren a mans do imperialismo e que loitan pola súa soberanía, polo que nestes momentos de incerteza e violencia rampante é importante que as nosas institucións trasladen estes valores tan propios do pobo galego nos seus posicionamentos. Mentres os EUA conseguen a través da UE e da OTAN que os Estados europeos gasten cantidades inxentes de diñeiro público en armas creando nas sociedades sensación de inseguridade, os servizos públicos básicos como a sanidade, a educación ou as infraestruturas sofren dun acentuado infrafinanciamento que se perpetuará inevitabelmente se os nosos gobernos porfían en destinar o diñeiro de todas e de todos a un rearmamento a todas luces hiperbólico.

Asinado o día 10/02/2026 ás 13:42
Por Iago Suárez Fernández

O debate sobre o restabelecemento do servizo militar na Alemaña dá boa conta desta escalada belicista. A este respecto cabe sinalar que no Estado español, na actualidade, o servizo militar obrigatorio non está suprimido, senón suspendido, polo que a mocidade galega podería verse seriamente afectada ante unha eventual volta deste.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 13:47:23
Nº Rexistro: 50153
Data envío: 10/02/2026 13:47:23.152

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén diso, os EUA seguen a impor a súa vontade no mundo a través da violencia e da coacción e mostran agora baixo a presidencia de Donald Trump a súa faciana máis arrogante bombardeando países soberanos, secuestrando presidentes, asasinando civís e ameazando con invadir territorios supostamente aliados, algo que os EUA veñen facendo historicamente, mais agora de modo máis evidente se cabe. Situación ante a cal a UE obedece ao se someter sen pudor de ningún tipo aos intereses do imperialismo norteamericano a súa maquinaria da guerra.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG insistimos nos principios de paz e respecto entre nacións que veñen guiando o nacionalismo galego desde o seu nacemento como movemento político organizado. Así, apelamos ao Parlamento Galego e á Xunta de Galiza a se posicionaren inequivocamente do lado da paz e da defensa da soberanía das nacións do mundo, a rexeitaren a escalada belicista que o noso planeta vive nestes momentos e a exixiren do goberno estatal a supresión definitiva do servizo militar obrigatorio que sería devastador para a xuventude do noso país. Galiza quere paz e así o deben transmitir as institucións galegas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a solicitar no actual período de sesións ao goberno estatal a supresión definitiva do servizo militar obrigatorio no Estado español".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 13:47:23
Nº Rexistro: 50153
Data envio: 10/02/2026 13:47:23.152

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 10/02/2026 13:42:56**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/02/2026 13:43:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 10/02/2026 13:43:12**

**Iria Taibo Corsanego na data 10/02/2026 13:43:17**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 13:47:23
Nº Rexistro: 50153
Data envio: 10/02/2026 13:47:23.152

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/02/2026 13:47:24**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado o día 10/02/2 13:40 Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Asinado o día 11/02/2026 ás 09:36 Por Silvia Longueira Castro

No CEIP Monte dos Postes, en Santiago de Compostela, a comunidade educativa vén denunciando dende o inicio do curso escolar a insuficiencia de profesorado de Pedagoxía Terapéutica (PT) para atender adecuadamente o alumnado con necesidades educativas especiais e con necesidades específicas de apoio educativo.

A ANPA do centro está a realizar un labor constante e comprometido na defensa de que se cumpran os criterios establecidos pola propia Consellería de Educación en materia de dotación de recursos humanos, esixindo que se respecten as necesidades reais do centro conforme ao seu catálogo de postos docentes. As familias veñen mobilizándose de maneira reiterada dende o comezo do curso, con distintas concentracións e protestas públicas reclamando unha solución inmediata a esta situación.

Asinado o día 11/02/2026 ás 09:36 Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

A Inspección Educativa recoñeceu que, atendendo ás necesidades reais do centro e aos criterios establecidos pola propia administración educativa, ao CEIP Monte dos Postes correspóndelle un profesional máis de Pedagoxía Terapéutica. Porén, malia este recoñecemento, a Xunta de Galicia de Rueda continúa sen adoptar ningunha medida efectiva para dotar o centro dos recursos humanos necesarios, prolongando unha situación que prexudica gravemente a atención educativa do alumnado con maiores necesidades de apoio.

Así mesmo, dende o Grupo Parlamentario Socialista xa se ten denunciado publicamente esta situación, advertindo da insuficiencia de recursos de Pedagoxía Terapéutica no CEIP Monte dos Postes e das consecuencias que esta carencia ten para o alumnado. Do mesmo xeito, temos participado nas mobilizacións convocadas pola ANPA do centro, amosando o noso apoio ás familias e á comunidade educativa na defensa do cumprimento dos criterios de dotación establecidos pola propia administración educativa.

Esta carencia de profesorado especializado supón unha vulneración do principio de educación inclusiva, incrementa a carga de traballo do profesorado existente e compromete seriamente o dereito do alumnado a recibir unha atención educativa individualizada, adecuada e de calidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Dotar de maneira inmediata ao CEIP Monte dos Postes do profesorado de Pedagoxía Terapéutica que lle corresponde segundo as necesidades reais do alumnado.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 09:46:35
Nº Rexistro: 50233
Data envio: 11/02/2026 09:46:35.116

2. Reforzar o diálogo coa comunidade educativa e coas ANPA cando existan demandas xustificadas en materia de atención á diversidade.

Santiago de Compostela, a 9 de Febreiro de 2026.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 09:46:35
Nº Rexistro: 50233
Data envio: 11/02/2026 09:46:35.116

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 11/02/2026 9:36:21**

**Silvia Longueira Castro na data 11/02/2026 9:36:29**

**Patricia Iglesias Rey na data 11/02/2026 9:36:35**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 11/02/2026 9:37:56**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 09:46:35
Nº Rexistro: 50233
Data envio: 11/02/2026 09:46:35.116

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 9:46:36**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 11:11:45
Nº Rexistro: 50259
Data envio: 11/02/2026 11:11:45.358

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Iria Taibo Corsanego** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do hospital Quirónsalud na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de ser denunciado pola CIG-Saúde que desde comezos de 2026, no Hospital Quirónsalud da Coruña se veñen rexistrando incidencias desde hai un mes pola presenza de moscas na área cirúrxica do centro. Unha praga que en primeiro lugar se atribúe á aparición de cadáveres animais, sen chegar a confirmar claramente que esta fose a causa. Ademais, esta primeira inspección detecta a presenza de roedores neste espazo. Desde aquela, téñense realizado varias visitas por empresas especializadas no tratamento de pragas, sen éxito.

Esta situación supuxo a suspensión da actividade cirúrxica durante o día 7 de xaneiro, aínda que finalmente foi utilizada para unha intervención de urxencia nesa mesma tarde. A actividade cirúrxica só se viu alterada nese día sinalado, recomezando con normalidade xa na xornada seguinte, a pesar de terse realizado unha primeira fumigación sen garantir un tempo de espera axeitado con posterioridade.

Mais a problemática persiste sen ningunha solución concreta por parte da xerencia deste hospital e poñendo en risco a esterilidade e en consecuencia, a seguridade destes espazos. Unha praga que se suma a varios brotes de lexionela nos últimos anos, sen que houbese un cambio significativo nas políticas da empresa.

Asinado o día 11/02/2
11:09
Por Mercedes Queixa

Asinado o día 11/02/2026 ás
11:09
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 11/02/2026 ás
11:09
Por Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 11:11:45
Nº Rexistro: 50259
Data envio: 11/02/2026 11:11:45.358

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre ter presente que este centro sanitario privado recibe pacientes derivados do SERGAS e fondos públicos para o seu tratamento.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a presentar nesta cámara no prazo inferior a un mes un informe no que se dea conta:

- Das medidas tomadas por parte do hospital Quirónsalud da Coruña para garantir a seguridade e salubridade deste centro.

- Desde cando a Xunta de Galiza ten coñecemento desta situación nun hospital e das medidas tomadas por parte do SERGAS para garantir a seguridade das pacientes.

- Do número de pacientes que se derivan a este centro por parte do SERGAS, detallando os motivos da derivación e os servizos de destino.

- Do financiamento a cargo dos orzamentos da Xunta de Galiza recibido nos últimos 5 anos."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 11:11:45
Nº Rexistro: 50259
Data envio: 11/02/2026 11:11:45.358

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 11/02/2026 11:09:41

Iria Taibo Corsanego na data 11/02/2026 11:09:47

Mercedes Queixas Zas na data 11/02/2026 11:09:54

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2026 11:10:00

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 11:11:45
Nº Rexistro: 50259
Data envio: 11/02/2026 11:11:45.358

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 11:11:46

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 11:22:10
Nº Rexistro: 50263
Data envio: 11/02/2026 11:22:10.710

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos**, **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a situación do servizo de Radiodiagnóstico do CHUAC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal do servizo de Radiodiagnóstico do CHUAC está a denunciar as malas condicións nas que se atopa o mesmo. A avaría do equipamento nunha das salas de radioloxía xeral do servizo de Urxencias provocou que esta sala se mantivese pechada e inoperativa desde o 29 de decembro de 2025. En consecuencia, as radiografías tiveron que trasladarse a salas doutra planta do hospital, onde habitualmente se realizan as de pacientes ingresadas ou pacientes ambulatorias citadas. Algunha destas salas chegou a ser obxecto de requirimento por parte da inspección laboral por non contar coas dimensións e equipamento axeitados para a realización de radiografías en pacientes ingresadas, mais a día de hoxe continúa a utilizarse con absoluta normalidade.

Esta reorganización, asumida pola propias traballadoras do servizo, supuxo a cancelación de citas e a demora de probas solicitadas desde as plantas de hospitalización, ata o punto de incrementarse de xeito substancial a técnica de Rx portátil para non atrasar altas hospitalarias, coas consecuencias que esta técnica ten sobre a calidade dos estudos e incluso a seguridade de pacientes e traballadoras.

Asinado o día 11/02/2 11:20 Por Iria Taibo Corsan
Asinado o día 11/02/2026 ás 11:19 Por Mercedes Queixas Zas
Asinado o día 11/02/2026 ás 11:19 Por Iria Carreira Pazos
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3 Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 11:22:10
Nº Rexistro: 50263
Data envio: 11/02/2026 11:22:10.710

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os aparatos de radioloxía xeral do CHUAC caracterízanse por un mal funcionamento: están claramente obsoletos, ao superar moitos deles as 3 décadas de uso continuado, o que tamén colide coa utilización de programas informáticos actuais que non están deseñados para hardware tan antigo. Ademais, o seu mal estado provoca que as traballadoras estean asumindo a mobilización de pacientes e maquinaria pesada, en contra de calquera recomendación de prevención de riscos laborais.

A xerencia coruñesa é coñecedora desta problemática, pois xa foi abordada en xuntanzas co persoal hai 3 anos, e incluso chegou a recoñecer recentemente nunha reunión da Comisión de Centro que no 2024 se diferenciou unha partida orzamentaria para a renovación desta aparataxe, mais sen que chegase a efectivizarse.

E sumada a uns recursos materiais obsoletos, en mal estado e cun mantemento deficiente, o servizo conta con persoal insuficiente para dar resposta ás necesidades do mesmo, tanto no número de técnicas de radioloxía coma de celadoras.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Renovar con carácter urxente todos os aparatos de radioloxía xeral do CHUAC e a adecuar as salas de radioloxía e o seu material para garantir a seguridade de pacientes e persoal.

2º.- Poñer en marcha un protocolo de mantemento dos equipos, segundo as indicacións dos mesmos, para alongar a súa vida útil e evitar as avarías.

3º.- Realizar as contratacións necesarias para o dimensionamento do servizo, garantindo persoal suficiente en todas as quendas”.



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 11:22:10
Nº Rexistro: 50263
Data envio: 11/02/2026 11:22:10.710

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 11/02/2026 11:19:51**

**Mercedes Queixas Zas na data 11/02/2026 11:19:59**

**Iria Taibo Corsanego na data 11/02/2026 11:20:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2026 11:20:20**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 11:22:10
Nº Rexistro: 50263
Data envio: 11/02/2026 11:22:10.710

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 11:22:11

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:21:06
Nº Rexistro: 50271
Data envio: 11/02/2026 12:21:06.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 11/02/202
Por Secundino Fernánd
Fernández

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa aos puntos de encontro familiar (PEF) en Cervo, Lalín e Verín.

Asinado o día 11/02/2026 ás 12:18
Por Daniel Castro García

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os puntos de encontro familiar son un servizo social que trata de preservar a relación entre os menores e as súas familias en situacións de crise, ofertando o equipamento para o cumprimento de visitas tuteladas, visitas supervisadas e entregas e recollidas de menores, entre outras funcións que alí se desenvolven.

Malia ser un servizo de vital importancia no eido familiar, a realidade é que só se conta con Puntos de Encontro Familiar nas sete cidades galegas e un na vila de Ribeira. Isto provoca que haxa territorios dentro do país que teñen o acceso aos PEF moito máis complicado que noutros casos, precisando desprazarse, en moitas ocasións, máis dunha hora para acudir ao servizo de referencia, co que iso implica tanto no custe de combustible coma de tempo, tendo en conta que os que se desprazan non son tan só adultos, senón tamén os menores, en moitos casos de curta idade.

Asinado o día 11/02/2026 ás 12:18
Por Ariadna Fernández González

É preciso logo, dotar ao territorio galego na súa totalidade dunha rede facilmente accesible de Puntos de Encontro Familiar que lle permitan desenvolver as visitas ás familias sen os problemas propios derivados da distancia entre o lugar de residencia e o servizo en si, garantindo que os desprazamentos son razoables. Máis, aínda que a Xunta de Galiza se comprometeu en numerosos anuncios coa creación en varias vilas galegas,



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nomeadamente Verín, Lalín ou Cervo, a realidade é que anos despois dos anuncios e con todas as obras aparentemente "rematadas" ou en "avanzado estado", varios exercicios despois do primeiro dos anuncios en cada unha destas localizacións, os PEF aínda non están en funcionamento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a poñer en funcionamento os PEF de Lalín, Verín e Cervo no primeiro trimestre do 2026, garantindo que se prestará o servizo ás familias e menores que precisen del".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:21:06
Nº Rexistro: 50271
Data envio: 11/02/2026 12:21:06.659

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 11/02/2026 12:18:34

Daniel Castro García na data 11/02/2026 12:18:41

Secundino Fernández Fernández na data 11/02/2026 12:19:03

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2026 12:19:09

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:21:06
Nº Rexistro: 50271
Data envio: 11/02/2026 12:21:06.659

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 12:21:07

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:35:34
Nº Rexistro: 50276
Data envio: 11/02/2026 12:35:34.464

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 11/02/2 12:32
Por Luis Bará Torres

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ao arranxo integral da Calzada das Gándaras e da rúa Serra de Meira, na cidade de Lugo.

Asinado o día 11/02/2026 ás 12:32
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Lugo tamén conta”. Este é o clamor que se escoita na cidade fronte a anos de discriminación nos investimentos da Xunta de Galiza, tamén no eido das infraestruturas viarias urbanas. Un exemplo paradigmático son a Calzada das Gándaras e a rúa Serra de Meira, dúas vías de competencia autonómica que levan case trinta anos de abandono, malia seren fundamentais para a mobilidade diaria de milleiros de veciñas e veciños.

A Xunta presume de plans e anuncios para Lugo, mais, na realidade cotiá, quen transita pola Calzada das Gándaras ou pola rúa Serra de Meira atópase con fochancas, afundimentos e un firme esnaquizado que obriga a conducir con extrema precaución e que prexudica tamén o transporte público e a actividade económica da zona. Non se trata dun problema puntual, senón da consecuencia directa de anos sen investir o necesario en mantemento e mellora destas vías.

Asinado o día 11/02/2026 ás 12:32
Por Montserrat Valcárcel Armesto

A isto hai que engadir que a rúa Serra de Meira se converterá na principal porta de acceso á nova estación de autobuses de Lugo, cun evidente aumento do tráfico de vehículos pesados e de pasaxeiros. Que esta vía continúe nun estado tan deficiente ás portas da posta en servizo da estación evidencia unha planificación deficiente por parte da

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:35:34
Nº Rexistro: 50276
Data envio: 11/02/2026 12:35:34.464

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

administración autonómica e un preocupante desleixo cara ás necesidades reais da cidadanía lucense.

Mentres tanto, proxectos como o Plan Paradai acumulan décadas de atrasos, modificacións e escusas cruzadas entre administracións, sen que se materialicen as actuacións que a veciñanza leva reclamando desde finais dos anos noventa. A mesma Xunta que é quen de anunciar grandes operacións urbanísticas e residenciais na contorna das Gándaras e do Sagrado Corazón non é quen de garantir, nin sequera, un acceso digno e seguro a través destas dúas rúas. Lugo merece investimentos, non desculpas.

Por todo isto, o Parlamento de Galiza non pode permanecer alleo a unha demanda que é xusta, razoábel e perfectamente asumíbel desde o punto de vista orzamentario, e cómpre esixir á Xunta un compromiso claro para poñer fin a este abandono histórico.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Recoñecer expresamente a situación de deterioro da Calzada das Gándaras e da rúa Serra de Meira na cidade de Lugo, asumindo a súa responsabilidade como administración titular destas vías.

2. Iniciar de inmediato a tramitación necesaria para acometer o arranxo integral de ambas as dúas rúas, incluíndo a redacción e aprobación dos proxectos de obra, a consignación orzamentaria suficiente e a licitación das actuacións nun prazo non superior a seis meses.

3. Garantir que as obras na rúa Serra de Meira se executen de forma coordinada coa posta en funcionamento da nova estación de autobuses de Lugo, asegurando que esta



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

vía estea plenamente operativa e en condicións óptimas antes da entrada en servizo plena da devandita infraestrutura.

4. Presentar ante o Parlamento de Galiza, no prazo máximo de tres meses, un informe no que se detalle a planificación de investimentos da Xunta na cidade de Lugo en materia de infraestruturas viarias urbanas, incluíndo as actuacións previstas ou en execución na Calzada das Gándaras, na rúa Serra de Meira e no conxunto do ámbito do Plan Paradai."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:35:34
Nº Rexistro: 50276
Data envio: 11/02/2026 12:35:34.464

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/02/2026 12:32:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2026 12:32:45**

**Luis Bará Torres na data 11/02/2026 12:32:52**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:35:34
Nº Rexistro: 50276
Data envio: 11/02/2026 12:35:34.464

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 12:35:35**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:56:12
Nº Rexistro: 50283
Data envio: 11/02/2026 12:56:12.428

Asinado o día 11/02/2 12:54
Por Ana Pontón Monc

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o portugués na convocatoria de oposicións para educación para 2026.

Asinado o día 11/02/2026 ás 12:54
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O obxectivo da Lei Paz-Andrade en relación coa "introdución progresiva" do portugués no ensino está a evolucionar moi lentamente. Para cumprir coa Lei, un dos principais elementos é a cantidade de profesorado de portugués dispoñíbel no noso sistema educativo. O aumento das prazas é fundamental, e urxente.

Na convocatoria de oposicións de ensino de 2024, non se ofertou nin unha soa praza de portugués (inicialmente, ningunha en absoluto, despois das queixas formuladas convocáronse 4 prazas, só para Escolas Oficiais de Idiomas); na de 2025, ofertáronse 5 prazas de acceso libre para educación secundaria e unha para pasar de corpo A2 a A1. No anuncio que fixo a Consellaría de Educación hai uns días, só se fala de 5 prazas de portugués para educación secundaria.

Asinado o día 11/02/2026 ás 12:54
Por Iria Taibo Corsanego

Porén, a pesar de que publicamente o goberno galego presumiu do reforzo a través das oposicións da ensinanza de linguas estranxeiras, este anuncio non inclúe novas prazas de portugués en educación primaria nin nas Escolas Oficiais de Idiomas. O número de novas prazas para secundaria parécenos tamén insuficiente. Todo isto debe analizarse no contexto dos obxectivos da Lei Paz-Andrade, teoricamente asumidos polo goberno galego, de ampliación gradual da presenza do portugués no ensino. Ademais, é preciso ter en conta a clara falta de profesionais para facer substitucións nestes dous

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:56:12
Nº Rexistro: 50283
Data envio: 11/02/2026 12:56:12.428

corpos (educación secundaria e EOI), tal e como foi denunciado recentemente pola comunidade educativa.

Entendemos que é preciso que a convocatoria de 2026 oferte, como mínimo, 10 prazas para secundaria e 5 para Escolas Oficiais de Idiomas, e que se inclúan tamén prazas en educación primaria, en coherencia con este aumento das prazas para linguas estranxeiras. Só así será posíbel fomentar o aumento de alumnado, ademais de contribuír a consolidar os departamentos que xa existen, compensando interinidades e xubilacións. Unha convocatoria de prazas máis ampla contribuiría a acompañar a demanda actual do alumnado tanto na ESO como en Bacharelato.

Alén disto, é preciso que a convocatoria contemple a posibilidade de cambio de corpo de educación secundaria (590) ao corpo de Escolas Oficiais de Idiomas (592).

Lembremos que o goberno galego afirma existiren arredor de 6.000 alumnos e alumnas de portugués na educación secundaria, e outras 1.000 nas Escolas Oficiais de Idiomas, cifras moi modestas despois de 11 anos da aprobación da Lei Paz-Andrade, polo que se fai urxente aplicar medidas de todo tipo que mostren unha clara aposta pola ensinanza da lingua portuguesa.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta o goberno galego a:

- Incluír, na próxima convocatoria de oposicións de educación, entre 10 e 15 novas prazas de profesorado de lingua portuguesa para educación secundaria;

- Incluír na próxima convocatoria de oposicións de educación 5 novas prazas de profesorado de lingua portuguesa para Escolas Oficiais de Idiomas;



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Incluír na próxima convocatoria de oposicións de educación entre 35 e 45 prazas de profesorado de lingua portuguesa para o corpo de mestres;

- Facilitar a mudanza de corpo do profesorado de portugués de educación secundaria (590) ao corpo de Escolas Oficiais de Idiomas (592);

- Pór en marcha unha campaña de divulgación das vantaxes da aprendizaxe do portugués na educación pública."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:56:12
Nº Rexistro: 50283
Data envio: 11/02/2026 12:56:12.428

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/02/2026 12:54:11

Cristina Fernández Davila na data 11/02/2026 12:54:19

Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2026 12:54:25

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 12:56:12
Nº Rexistro: 50283
Data envio: 11/02/2026 12:56:12.428

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 12:56:13**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:15:04
Nº Rexistro: 50291
Data envio: 11/02/2026 13:15:04.418

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 11/02/2 13:14
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 11/02/2026 ás 13:14
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 11/02/2026 ás 13:13
Por Montserrat Valcárcel Armesto

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ao arranxo integral da Calzada das Gándaras e da rúa Serra de Meira, na cidade de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Calzada das Gándaras e a rúa Serra de Meira son dúas das escasas vías urbanas da cidade de Lugo que son de titularidade da Xunta de Galicia, malia o cal levan décadas sen recibir os investimentos precisos para garantir unhas condicións axeitadas de circulación e seguridade. O deterioro do firme, con abundantes fochancas, afundimentos e un trazado moi degradado, converteuse nun problema evidente para a seguridade viaria e para a propia imaxe da cidade.

Trátase de dúas vías clave de conexión entre barrios en expansión, como As Gándaras e o Sagrado Corazón, e o resto da trama urbana, incluíndo accesos a equipamentos e zonas residenciais consolidadas. Ao mesmo tempo, forman parte do ámbito do denominado Plan Paradai, un proxecto concibido hai máis de vinte anos e cuxo desenvolvemento permanece incompleto, co conseguinte mantemento de puntos negros e de estrangulamentos viarios que condicionan a mobilidade en Lugo.

A situación é especialmente preocupante no caso da rúa Serra de Meira, que se configura como un dos principais accesos á nova estación de autobuses de Lugo, o que suporá un incremento moi significativo do tráfico, incluído tráfico pesado, sobre unha infraestrutura xa de por si moi deteriorada. Manter esta vía nas actuais condicións, ás



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:15:04
Nº Rexistro: 50291
Data envio: 11/02/2026 13:15:04.418

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

portas da posta en servizo plena da estación, resultaría incomprensíbel desde o punto de vista da planificación viaria e da prevención de riscos.

Cómpre lembrar que estas demandas levan anos sendo formuladas pola veciñanza e polo propio Concello de Lugo, que ten reclamado en diversas ocasións o compromiso da Xunta para completar as actuacións pendentes no marco do Plan Paradai e, de maneira específica, para acometer o arranxo urxente da rúa Serra de Meira e da Calzada das Gándaras. Que, a día de hoxe, estas dúas rúas sigan nese estado de abandono expresa unha falta de vontade política que non se corresponde coa importancia que teñen para a mobilidade e a calidade de vida da cidadanía lucense.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Acometer, con carácter urxente, o arranxo integral da Calzada das Gándaras e da rúa Serra de Meira na cidade de Lugo, ao seren vías de titularidade autonómica que presentan un avanzado estado de deterioro do firme e da súa traza.

2. Garantir que a actuación inclúa, como mínimo, a reparación estrutural do firme, a mellora da drenaxe, a reposición da sinalización horizontal e vertical, así como a mellora da seguridade viaria e da accesibilidade peonil e ciclista nestes viarios.

3. Presentar, no prazo máximo de tres meses, un calendario detallado de execución das obras previstas, dando conta do grao de avance na redacción dos proxectos e na licitación das actuacións correspondentes.

4. Coordinar estas actuacións cos prazos de posta en funcionamento da nova estación de autobuses de Lugo, de maneira que, no momento da súa entrada en servizo



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

plena, a rúa Serra de Meira e a Calzada das Gándaras estean en condicións óptimas de uso".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:15:04
Nº Rexistro: 50291
Data envio: 11/02/2026 13:15:04.418

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 11/02/2026 13:13:58
Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2026 13:14:09
Luis Bará Torres na data 11/02/2026 13:14:16

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 13:15:05

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:26:43
Nº Rexistro: 50293
Data envio: 11/02/2026 13:26:43.824

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 11/02/2 13:04 Por Olalla Rodil Ferná

Asinado o día 11/02/2026 ás 13:03 Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 11/02/2026 ás 13:03 Por María Montserrat Prado Cores

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa a construír o Centro de Saúde do Hío e garantir a calidade na asistencia sanitaria para a veciñanza do Hío no Concello de Cangas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa chegada da pandemia da COVID-19, a Xunta de Galiza, converteu unha situación de excepcionalidade na mellor coartada para o peche de diferentes consultorios e servizos sanitarios destinados a atender á veciñanza de parroquias non urbanas ou de territorios máis pequenos.

Así pois asistimos a unha voadura controlada da atención sanitaria pública, nun afán de concentrar servizos, recortar persoal e afondar na falacia de facer máis, de atender máis con menos recursos e menos persoal, o que redunda nun empeoramento da calidade asistencial, en peores condicións para as profesionais sanitarias, o colapso da atención primaria e das urxencias hospitalarias e no beneficio da sanidade privada.

No caso da parroquia do Hío, a Xunta de Galiza tiña comprometida a construción dun novo Centro de Saúde para dar cobertura e servizos sanitarios a unha elevada poboación que até o 2020 só contaba cun pequeno consultorio após o esforzo da veciñanza para ceder un espazo axeitado para tal fin.

Para a construción desta infraestrutura sanitaria, o Concello de Cangas cedeu un terreo que contaba cos requisitos técnicos que pedía o SERGAS, mais a Xunta de Galiza do Partido Popular nunca levou adiante o seu compromiso coa veciñanza.



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:26:43
Nº Rexistro: 50293
Data envio: 11/02/2026 13:26:43.824

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por se isto fose pouco, co gallo da pandemia, o SERGAS pechou o consultorio do Hío, derivando a atención sanitaria a Aldán, alegando que o espazo non era axeitado para o momento de excepcionalidade da pandemia mais que nunca foi reaberto, obrigando á veciñanza a prescindir dun servizo sanitario do que gozaban até ese momento.

Un consultorio totalmente abandonado polo SERGAS, que aínda conta co material sanitario, asistencial e mesmo información tan sensible como os expedientes médicos dos e das doentes, no propio espazo, sen que nestes 6 anos que leva pechado a Xunta de Galiza se fixese cargo de liberar este espazo, limpalo e retirar os elementos máis sensibles.

Agora, a Xunta de Galiza liga toda a atención sanitaria da comarca do Morrazo á construción dunha nova infraestrutura sanitaria, sen data de comezo e cun estudo de necesidades e carteira de servizos totalmente obsoleto e que condena ás vilas a ver os seus centros de saúde pechados e derivados a este novo centro, perdendo acceso a unha atención sanitaria axeitada e afondando en facer máis con menos na folla de ruta de dinamitado da sanidade pública por parte do Partido Popular.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a cumprir os seus compromisos coa veciñanza de Hío e levar adiante a construción do Centro de Saúde do Hío”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:26:43
Nº Rexistro: 50293
Data envio: 11/02/2026 13:26:43.824

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2026 13:03:31

Paulo Ríos Santomé na data 11/02/2026 13:03:43

Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2026 13:04:11

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:26:43
Nº Rexistro: 50293
Data envio: 11/02/2026 13:26:43.824

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 13:26:44

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:39:06
Nº Rexistro: 50296
Data envio: 11/02/2026 13:39:06.425

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 11/02/2
13:36
Por Silvia Longueira C

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asinado o día 11/02/2026 ás
13:36
Por Elena Espinosa Mangana

A atención primaria en Galicia está nun momento crítico e non por falta de profesionais formados se non por falta de planificación, de compromiso e de atractivo da Xunta de Galicia dende fai máis de unha década.

Levamos anos vendo como se deteriora o primeiro nivel asistencial da sanidade: listas de espera de máis de 10 ou 15 días para unha cita presencial en medicina de familia, pediatría insuficiente, xubilacións que non se cobren, PAC saturados, profesionais cansos, etc.

Cómpre recordar que a atención primaria é o corazón do noso sistema sanitario. Se a porta de entrada falla, colapsa todo o resto.

Asinado o día 11/02/2026 ás
13:36
Por Patricia Iglesias Rey

Galicia é unha das comunidades que máis prazas de Medicina de Familia deixa vacantes cada ano en España. Non porque non haxa médicos senón porque o que ofrece o Sergas son contratos precarios, sobrecarga asistencial e falta de estabilidade.

A Xunta destina arredor do 14 % do gasto sanitario á atención primaria, moi lonxe do 25 % recomendado pola OMS. Con este nivel de investimento é imposible garantir un servicio á altura do que a cidadanía merece.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

O Centro Médico de Buño da servicio a máis de 1000 persoas usuarias que comprenden a habitantes das parroquias de Buño, Cambre, Leiloio, parte de Cerqueda, Vilanova e Malpica, incluíndo na súa oferta sanitaria tanto medicina de familia como enfermería, nun horario de 8h a 15h (no caso do médico, 8:30h a 14:30h).

Dende hai unhas semanas, apréciase que neste Centro médico non se está a cumprir o horario anteriormente mencionado, senón que este servicio veuse reducido de 8:30h a 11:30h, prexudicando fondamente ás súas persoas usuarias, por diversos motivos:

- Sobrecarga do sistema ó ter habilitado menos tempo para atender aos mesmos usuarios, provocando que non haxa citas dispoñibles ata dentro dun mes.
- O equipo administrativo do centro de saúde viuse obrigado a aprazar citas que xa estaban dadas por falta de médico na franxa horaria de 11:30h a 14:30h.
- Non se poden atender urxencias a partir das 11:30 horas, polo que pacientes deben ser derivados ao Centro Médico de Malpica ou o PAC de Carballo por falta de médico, sobrecargando máis ditos centros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a cobertura total do horario de medicina de familia no Centro Médico de Buño (Malpica) de 08:30h a 14:30h durante todo o ano.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:39:06
Nº Rexistro: 50296
Data envio: 11/02/2026 13:39:06.425

2. Cesar a política de derivación de pacientes de Buño cara ao centro de Malpica ou o PAC de Carballo a partir das 11:30h por falta de persoal.

3. Incrementar o investimento en Atención Primaria ata alcanzar o 25 % do gasto sanitario total, seguindo as recomendacións da OMS.

Santiago de Compostela, a 11 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 13:39:06
Nº Rexistro: 50296
Data envio: 11/02/2026 13:39:06.425

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 11/02/2026 13:36:45**

**Elena Espinosa Mangana na data 11/02/2026 13:36:52**

**Silvia Longueira Castro na data 11/02/2026 13:36:59**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 11/02/2026 13:37:06**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 13:39:07**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50302
Data envio: 11/02/2026 16:21:31.409

Asinado o día 11/02/2
16:20
Por Iria Taibo Corsan

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Suárez Fernández**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as afectacións á mocidade galega da escalada belicista e militarista no mundo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mundo vive momentos incertos, unha espiral de violencia e belicismo que se agrava a cada día e que pode ter consecuencias nefastas para toda a humanidade. Galiza fai parte do mundo e, como tal, a súa sociedade non pode estar allea a esta cuestión de vital importancia. O galego sempre foi un pobo digno, acolledor e solidario coas nacións do mundo que sofren a mans do imperialismo e que loitan pola súa soberanía, polo que nestes momentos de incerteza e violencia rampante é importante que as nosas institucións trasladen estes valores tan propios do pobo galego nos seus posicionamentos. Mentres os EUA conseguen a través da UE e da OTAN que os Estados europeos gasten cantidades inxentes de diñeiro público en armas creando nas sociedades sensación de inseguridade, os servizos públicos básicos como a sanidade, a educación ou as infraestruturas sofren dun acentuado infrafinanciamento que se perpetuará inevitabelmente se os nosos gobernos porfían en destinar o diñeiro de todas e de todos a un rearmamento a todas luces hiperbólico.

Asinado o día 11/02/2026 ás
16:20
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

O debate sobre o restabelecemento do servizo militar na Alemaña dá boa conta desta escalada belicista. A este respecto cabe sinalar que no Estado español, na actualidade, o servizo militar obrigatorio non está suprimido, senón suspendido, polo que a mocidade galega podería verse seriamente afectada ante unha eventual volta deste.

Asinado o día 11/02/2026 ás
16:20
Por Iago Suárez Fernández

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén diso, os EUA seguen a impor a súa vontade no mundo a través da violencia e da coacción e mostran agora baixo a presidencia de Donald Trump a súa faciana máis arrogante bombardeando países soberanos, secuestrando presidentes, asasinando civís e ameazando con invadir territorios supostamente aliados, algo que os EUA veñen facendo historicamente, mais agora de modo máis evidente se cabe. Situación ante a cal a UE obedece ao se someter sen pudor de ningún tipo aos intereses do imperialismo norteamericano a súa maquinaria da guerra.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG insistimos nos principios de paz e respecto entre nacións que veñen guiando o nacionalismo galego desde o seu nacemento como movemento político organizado. Así, apelamos ao Parlamento Galego e á Xunta de Galiza a se posicionaren inequivocamente do lado da paz e da defensa da soberanía das nacións do mundo, a rexeitaren a escalada belicista que o noso planeta vive nestes momentos e a exixiren do goberno estatal a supresión definitiva do servizo militar obrigatorio que sería devastador para a xuventude do noso país. Galiza quere paz e así o deben transmitir as institucións galegas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Declarar o estatus de neutralidade para Galiza.

2. Solicitar no actual período de sesións ao goberno estatal a supresión definitiva do servizo militar obrigatorio no Estado español.

3. Condenar publicamente a escalada belicista que vive o mundo así como as actuacións ilegais dos EUA apoiadas pola UE contra países soberanos a través de bombardeamentos, secuestros ou asasinatos de civís".

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50302
Data envio: 11/02/2026 16:21:31.409

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 11/02/2026 16:20:07**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/02/2026 16:20:13**

**Iria Taibo Corsanego na data 11/02/2026 16:20:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/02/2026 16:20:46**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 16:21:34**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:53:27
Nº Rexistro: 50322
Data envio: 11/02/2026 16:53:27.281

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 11/02/2 16:51 Por José Ramón Gón
Asinado o día 11/02/2026 ás 16:51 Por Carmen Rodríguez Dacosta
Asinado o día 11/02/2026 ás 16:51 Por Lara Méndez López
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3 Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector primario galego está a atravesar unha situación excepcional derivada da persistencia de episodios de choiva intensa e continuada, que están a provocar graves dificultades para o desenvolvemento normal das actividades agrícolas e gandeiras en todo o territorio.

As precipitacións acumuladas están impedindo o acceso ás fincas, atrasando a sementeira e a plantación de cultivos, dificultando os labores de poda e abonado, afectando á sanidade vexetal e ao benestar animal, e provocando perdas económicas significativas. En comarcas como A Limia, O Salnés, Deza ou a Mariña interior, están a rexistrarse parcelas inundadas, invernadoiros danados, deterioro dos cultivos de inverno e sobrecustos nas explotacións gandeiras, especialmente polo incremento do consumo de pensos e a imposibilidade de pastoreo.

Estas circunstancias excepcionais, alleas á vontade das persoas produtoras, comprometen a viabilidade de numerosas explotacións e agravan unha situación xa complexa marcada polo aumento dos custos de produción, a caída da rendibilidade e as dificultades de relevo xeracional.

Resulta imprescindible, polo tanto, que a Xunta de Galicia adopte medidas extraordinarias, tanto de carácter económico como técnico e administrativo,

para minimizar o impacto destas condicións meteorolóxicas adversas, apoiar ao sector primario e garantir a continuidade da actividade agraria e gandeira.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Recoñecer a situación excepcional provocada polas choivas persistentes e avaliar con urxencia os danos económicos, produtivos e estruturais nas explotacións agrícolas e gandeiras.
2. Habilitar liñas extraordinarias de axuda directa para compensar, as perdas de produción, o incremento dos custos de alimentación animal, os danos en infraestruturas agrarias (invernadoiros, accesos, drenaxes, balsas, etc.).
3. Estudar activar medidas fiscais e administrativas excepcionais, incluíndo a moratoria no pagamento de impostos e taxas autonómicas vinculadas á actividade agraria. Ou a flexibilización dos requisitos da PAC en relación cos prazos de sementeira, plantación, rotacións e cumprimento de ecoreximenes, solicitando as correspondentes adaptacións ante a Comisión Europea.
4. Executar con carácter urxente actuacións de limpeza, mantemento e mellora de canles, drenaxes, regatos ... , especialmente en zonas mais vulnerables ás inundacións.
5. Reforzar os servizos técnicos e de asesoramento ao sector, proporcionando información actualizada, apoio sanitario-vexetal e acompañamento técnico para minimizar riscos de enfermidades, perdas de colleita e impactos a medio prazo.

Santiago de Compostela, a 11 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:53:27
Nº Rexistro: 50322
Data envío: 11/02/2026 16:53:27.281

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 11/02/2026 16:51:42**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2026 16:51:47**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 11/02/2026 16:51:54**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:53:27
Nº Rexistro: 50322
Data envio: 11/02/2026 16:53:27.281

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 16:53:28

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:55:06
Nº Rexistro: 50328
Data envío: 11/02/2026 16:55:06.851

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 11/02/2 16:50
Por José Ramón Gón

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector lácteo galego constitúe un piar fundamental da economía rural de Galicia, tanto pola súa contribución ao Produto Interior Bruto agrario como polo seu papel na fixación de poboación, no mantemento do territorio e na cohesión social do medio rural.

Galicia é a principal comunidade produtora de leite do Estado, cunha calidade recoñecida, especialmente polo seu maior contido en graxa e proteína. Porén, esta posición de liderado non se traduce nunha remuneración xusta para as explotacións, que seguen percibindo prezos por baixo da media estatal.

Segundo os datos coñecidos, no ano 2025 os produtores galegos cobraron de media 2,7 céntimos menos por litro que o conxunto do Estado, o que supuxo deixar de ingresar arredor de 83 millóns de euros. A esta situación súmase agora a proposta de renovación de contratos por parte da industria con baixadas de entre 3 e 9 céntimos por litro, que poderían supoñer unha perda anual de ata 125 millóns de euros para o sector en Galicia, poñendo en risco a viabilidade de milleiros de explotacións.

Este contexto agrávase pola perda continuada de explotacións: no último ano pecharon 314 granxas en Galicia, situándose por primeira vez o número de

Asinado o día 11/02/2026 ás 16:50
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Asinado o día 11/02/2026 ás 16:50
Por Lara Méndez López

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

produtores por baixo das 5.000, o que evidencia unha crise estrutural que ameaza o futuro do sector e do medio rural.

Estas baixadas de prezos prodúcense, ademais, nun escenario no que os custos de produción seguen sendo elevados, polo que existe un risco real de que se estea vulnerando a Lei da Cadea Alimentaria, que prohibe expresamente a compra por debaixo dos custos efectivos de produción.

A Xunta de Galicia anunciou hai máis dun ano a reconfiguración do Observatorio Galego do Sector Lácteo, mediante o Decreto 8/2025, ampliando as súas funcións ao estudo da cadea de valor e das relacións comerciais e contractuais. Porén, malia terse reunido por primeira vez o 23 de decembro de 2025, os froitos desta reforma están a ser, ata o de agora, claramente insuficientes, sen avances concretos que contribúan á transparencia, ao equilibrio da cadea e á mellora real dos prezos en orixe.

Dende o Partido Socialista defendemos un modelo de cadea alimentaria xusta, equilibrada e transparente, que garanta rendas dignas ás persoas produtoras, protexa o tecido produtivo e contribúa á sustentabilidade económica, social e territorial do rural galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Actuar para garantir que as renovacións de contratos lácteos en Galicia cumpran estritamente coa Lei da Cadea Alimentaria, impedindo calquera compra por baixo dos custos efectivos de produción.
2. Reforzar de maneira efectiva o Observatorio Galego do Sector Lácteo, dotándoo de: recursos técnicos e humanos suficientes; capacidade real

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de análise de custos, prezos e marxes en todos os elos da cadea; funcións de alerta temperá ante situacións de presión á baixa sobre os prezos, mecanismos de seguimento público e transparente dos contratos e das relacións comerciais.

3. Promover acordos estables de cadea, fomentando contratos a medio e longo prazo baseados en índices públicos de custos de produción, que acheguen estabilidade ás explotacións.
4. Impulsar políticas activas de apoio ao sector lácteo, orientadas á mellora da rendibilidade, á incorporación de mozos e mozas, á innovación produtiva e á sustentabilidade ambiental das explotacións.

Santiago de Compostela, a 11 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:55:06
Nº Rexistro: 50328
Data envio: 11/02/2026 16:55:06.851

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 11/02/2026 16:50:26**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2026 16:50:39**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 11/02/2026 16:50:47**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:55:06
Nº Rexistro: 50328
Data envio: 11/02/2026 16:55:06.851

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 16:55:07**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:59:59
Nº Rexistro: 50333
Data envio: 11/02/2026 16:59:59.066

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz** e **Miguel A. Viso Diéguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

**Exposición de motivos**

A formación en oficios tradicionais constitúe unha peza clave para garantir a continuidade dun patrimonio produtivo, cultural e económico profundamente vencellado ao territorio. A transmisión do saber artesán ás novas xeracións non só permite preservar técnicas e coñecementos singulares, senón que abre novas oportunidades de emprego, emprendemento e innovación desde a identidade propia, especialmente no ámbito rural e en contornas con risco de despoboamento.

Neste contexto, as bolsas para aprendices representan unha ferramenta eficaz para facilitar o relevo xeracional no sector artesanal, promovendo itinerarios formativos baseados na aprendizaxe práctica e no acompañamento directo por parte de profesionais con experiencia. Este modelo contribúe a reforzar a capacitación profesional, a dignificar os oficios tradicionais e a favorecer a incorporación de persoas mozas a actividades con potencial de desenvolvemento sostible e arraigamento territorial.

Así mesmo, a artesanía amósase como un vector estratéxico para a diversificación económica, a fixación de poboación e a dinamización das economías locais, ao integrar valores como a calidade, a sustentabilidade, a proximidade e a diferenciación. A súa conexión con outras actividades, como o turismo, a gastronomía ou o comercio de proximidade, multiplica o seu impacto económico e social, xerando sinerxías que fortalecen o tecido produtivo e contribúen á cohesión territorial.

Asinado o día 11/02/2026 ás 16:59
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:59:59
Nº Rexistro: 50333
Data envio: 11/02/2026 16:59:59.066

PARLAMENTO DE GALICIA

O impulso á formación especializada e á transmisión do coñecemento artesanal encaixa, ademais, cunha visión ampla da capacitación profesional ao longo de todo o ciclo vital dos negocios, adaptándose ás distintas realidades e modalidades de actividade. A promoción dunha oferta formativa flexible, práctica e accesible resulta fundamental para acompañar os procesos de modernización, profesionalización e consolidación do sector, reforzando a súa competitividade sen perder a súa esencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reforzar a capacitación profesional do sector comercial, mediante unha oferta formativa práctica, adaptada ás necesidades reais do sector e accesible a todas as modalidades de comercio local, dirixida tanto ás persoas comerciantes como ao persoal empregado, ao longo de todas as etapas do ciclo vital do negocio".

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:59:59
Nº Rexistro: 50333
Data envio: 11/02/2026 16:59:59.066

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2026 16:59:45**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:59:59
**Nº Rexistro: 50333**
Data envio: 11/02/2026 16:59:59.066

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 17:00:00**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:02:12
Nº Rexistro: 50335
Data envio: 11/02/2026 17:02:12.487

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz** e **Miguel A. Viso Diéguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

**Exposición de motivos**

O comercio local galego constitúe un elemento esencial da economía e da cohesión social das vilas e cidades de Galicia. A súa proximidade, territorialidade e capacidade de xeración de emprego fan del un sector estratéxico que debe contar co apoio das políticas públicas para afrontar con garantías os profundos cambios sociais, económicos e tecnolóxicos que se están a producir.

A evolución dos hábitos de consumo, a convivencia entre canles físicas e dixitais e a crecente demanda de experiencias de compra máis completas e personalizadas obrigan ao comercio local a avanzar cara a modelos omnicanle, nos que a atención presencial, a dixitalización e a innovación se complementen sen perder a identidade propia que caracteriza este sector.

Este proceso de modernización non pode ser uniforme nin imposto, senón que debe adaptarse ao ritmo, á dimensión e ás circunstancias específicas de cada comercio, atendendo á súa tipoloxía, á súa clientela e ao seu posicionamento no mercado. Por este motivo, resulta imprescindible que as políticas públicas incorporen instrumentos flexibles que permitan a cada establecemento definir as actuacións que realmente precisa e pode asumir.

Neste contexto, cobra especial relevancia o desenvolvemento de itinerarios de modernización do comercio, baseados en diagnósticos especializados e rigorosos que analicen a situación real de cada negocio e permitan definir plans de

Asinado o día 11/02/2026 ás 17:01
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

actuación concretos, realistas e orientados á mellora da experiencia de compra, da competitividade e da sustentabilidade do negocio.

Así mesmo, a modernización do comercio require investimentos na mellora dos establecementos e na renovación dos seus equipamentos, abordados de maneira progresiva e, cando sexa necesario, por fases, co fin de adaptar os espazos ás novas prácticas comerciais, favorecer a funcionalidade, mellorar a accesibilidade e crear contornos máis atractivos para a clientela.

Por outra banda, a aparición de novos modelos de negocio baseados na colaboración e cooperación, os formatos comerciais efémeros e a incorporación de servizos complementarios ofrecen oportunidades para ampliar a oferta comercial, xerar sinerxías entre distintos axentes e responder á demanda de experiencias de compra máis ricas e diversificadas.

Finalmente, todo este proceso de transformación debe ir acompañado dun reforzo da capacitación profesional do sector comercial. Resulta esencial garantir unha oferta formativa práctica, adaptada ás distintas etapas do negocio e accesible a todas as modalidades de comercio local —desde o comercio tradicional ata as prazas de abastos e o comercio ambulante—, dirixida tanto ás persoas titulares como ao persoal empregado, co obxectivo de mellorar a súa capacidade de adaptación e resposta aos retos do mercado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar a modernización omnicanle do comercio local, favorecendo a súa adaptación aos cambios nos hábitos de consumo mediante políticas públicas flexibles que respecten a diversidade, o ritmo e as circunstancias específicas de cada establecemento".

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:02:12
Nº Rexistro: 50335
Data envio: 11/02/2026 17:02:12.487

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2026 17:01:57**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:02:12
Nº Rexistro: 50335
Data envio: 11/02/2026 17:02:12.487

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 17:02:14**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:03:29
Nº Rexistro: 50338
Data envio: 11/02/2026 17:03:29.471

Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 11/02/2 16:59
Por Iria Carreira Pazo

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Montserrat Prado Cores**, **Iria Carreira Pazos**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a presenza da lingua galega na sinaléctica dos centros de atención sanitaria do SERGAS.

Por Daniel Castro García
Asinado o día 11/02/2026 ás 16:59
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha parte importante dos centros de atención sanitaria do SERGAS exclúen practicamente de xeito total a lingua galega na súa sinalización dirixida aos cidadáns e cidadás que os visitan.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega establece a oferta positiva na administración galega, incluído o Servizo Galego de Saúde, o que significa que a lingua galega debería estar situada nunha situación preferente, e o SERGAS debería traballar para que toda a sinaléctica estivese en lingua galega.

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece entre os seus obxectivos para o ámbito da sanidade:

"1. Concienciar da necesidade de atender e prestar os servizos sanitarios e asistenciais correspondentes, utilizando a lingua na que está instalada a persoa a quen van destinados.

Asinado o día 11/02/2026 ás 16:58
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Asegurar que ningún cidadán galego se sinta discriminado ou obstaculizado por utilizar o galego nas súas relacións coas institucións sanitarias, respectando os seus dereitos lingüísticos e culturais.

3. Potenciar o emprego da lingua galega na área sanitaria".

Os propios obxectivos do PXNL para esta área falan da necesidade de "Promover a normalización do uso da lingua galega nos centros de atención primaria, nos puntos de atención continuada e nos centros hospitalarios dependentes da Consellería de Sanidade", "Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais" e "Garantir o cumprimento dos dereitos lingüísticos dos usuarios de servizos sanitarios e asistenciais.

Neste sentido, consideramos que os 20 anos que transcorreron desde a aprobación do Plan Xeral foron suficientes para comunicar estes obxectivos a todo o persoal do SERGAS.

Alén diso, na comisión 5.ª do Parlamento Galego aprobouse en 2020, por unanimidade e sen ningunha modificación, unha proposición non de lei co seguinte texto:

"O Parlamento galego insta á Xunta a:

1.- Normalizar a presenza do galego nos centros sanitarios: sinaléctica, cartelaría, documentación interna e na relación cxs doentes.

2.- Garantir a existencia de exemplares en galego de calquera documentación que se lle teña que facilitar xs doentes ou que teñan que asinar.

3.- Realizar todas as actuacións formativas precisas tanto para que xs profesionais teñan a competencia lingüística precisa para atender xs doentes no noso idioma como para que coñezan os dereitos lingüísticos que os asisten."



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:03:29
Nº Rexistro: 50338
Data envio: 11/02/2026 17:03:29.471

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo tanto, non existe ningunha xustificación para que os e as pacientes dos centros sanitarios do país non poidan acceder á información e á atención en lingua galega.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a desenvolver no prazo máximo de 1 ano as seguintes medidas, co obxectivo de fomentar a presenza da lingua galega na sinaléctica dos centros de atención sanitaria do SERGAS:

- Informar o persoal dos centros de atención sanitaria do SERGAS sobre os dereitos lingüísticos dos usuarios dos servizos de sanidade e as correspondentes obrigas do persoal sanitario.

- Informar o persoal deste servizo sobre o obxectivo da administración en relación coa oferta positiva.

- Establecer a obrigatoriedade de que toda a sinaléctica se faga en lingua galega".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:03:29
Nº Rexistro: 50338
Data envío: 11/02/2026 17:03:29.471

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 11/02/2026 16:58:55
María Montserrat Prado Cores na data 11/02/2026 16:59:12
Iria Carreira Pazos na data 11/02/2026 16:59:24
Mercedes Queixas Zas na data 11/02/2026 16:59:35
Daniel Castro García na data 11/02/2026 16:59:48
Olalla Rodil Fernández na data 11/02/2026 16:59:58

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:03:29
Nº Rexistro: 50338
Data envio: 11/02/2026 17:03:29.471

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 17:03:30

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Felisa Rodríguez Carrera, Encarna Amigo Díaz, Miguel Fidalgo Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Angel Rodríguez Conde, Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, Borja Verea Fraiz** e **Miguel A. Viso Diéguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

## Exposición de motivos

Un aspecto clave para o futuro do comercio local é o de conseguir captar novas persoas clientes e conseguir que estas entren aos comercios. Para isto é necesario, en primeiro lugar, que as persoas consumidoras coñezan a oferta comercial que existe na súa contorna e, como continuación, xerar interese para que se acheguen a coñecer en persoa dita oferta.

Polo tanto, resulta imprescindible desenvolver campañas de dinamización con capacidade de atraer a novo público ao comercio local, non só dentro dos colectivos tradicionais de persoas consumidoras, senón con perspectiva de chegar a novos colectivos de persoas consumidoras que poidan garantir o futuro do sector.

A misión é clara: incrementar a competitividade do comercio galego apoiándose na modernización, a innovación e as novas tecnoloxías, e incentivar o desenvolvemento dun comercio profesional, de calidade e fortalecido; un comercio próximo á cidadanía que promova o consumo responsable e desenvolva unha actividade sostible.

Os negocios do comercio local, como calquera outra empresa, deben procurar sempre buscar a mellora na súa xestión para ser cada vez máis competitivos e, así, asegurar non só a súa supervivencia, senón o seu éxito.

Asinado o día 11/02/2026 ás 17:04
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:04:33
Nº Rexistro: 50343
Data envio: 11/02/2026 17:04:33.317



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:04:33
Nº Rexistro: 50343
Data envio: 11/02/2026 17:04:33.317

PARLAMENTO DE GALICIA

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover estudos e análises periódicas sobre as novas tendencias e estratexias dixitais vencelladas aos cambios nos hábitos de consumo, có obxectivo de identificar oportunidades de mellora e vías para a adopción de prácticas innovadoras no comercio local”.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:04:33
Nº Rexistro: 50343
Data envio: 11/02/2026 17:04:33.317

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2026 17:04:19

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:04:33
Nº Rexistro: 50343
Data envio: 11/02/2026 17:04:33.317

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 17:04:34**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura.**

**Exposición de motivos**

A xuventude galega representa o futuro da nosa sociedade e constitúe un eixo estratéxico esencial para o progreso económico, a innovación, a cohesión social e a sustentabilidade demográfica de Galicia. Garantir o seu desenvolvemento integral, así como facilitar condicións reais para a súa formación, inserción laboral, emancipación e participación activa na vida pública, é unha prioridade irrenunciable para o Goberno galego.

Neste sentido, a Xunta de Galicia vén demostrando un compromiso firme e continuado coa xuventude a través da posta en marcha de políticas públicas ambiciosas, coordinadas e dotadas de recursos suficientes. O Plan Estratéxico de Xuventude 2025-2027 constitúe un claro exemplo desta aposta decidida, cun investimento superior aos 700 millóns de euros e cun enfoque transversal que abrangue ámbitos clave como a mellora da empregabilidade, o apoio ao emprendemento, o acceso á vivenda, a mobilidade, a conciliación, a saúde mental e o fomento da participación xuvenil nos ámbitos social, cultural e institucional.

Asinado o día 11/02/2026 ás 17:22
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porén, este esforzo realizado no ámbito autonómico non está acompañado, na actualidade, dunha estratexia equivalente por parte do Goberno de España. A inexistencia dun Pacto de Estado polo Futuro da Xuventude pon de manifesto a ausencia dun marco nacional estable que permita coordinar políticas públicas a medio e longo prazo, garantindo coherencia, eficacia e igualdade de oportunidades para os mozos e mozas con independencia do seu lugar de residencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Promover a posta en marcha dun Pacto de Estado polo Futuro da Xuventude, baseado no diálogo e no consenso político e social, que permita articular políticas públicas coordinadas, estables e a longo prazo en materia de xuventude. E garantir a dotación de recursos suficientes e a coordinación interadministrativa para a implementación efectiva de políticas de emprego, formación, vivenda, mobilidade e participación xuvenil en todo o territorio estatal.

2.- Impulsar a participación das comunidades autónomas no deseño e desenvolvemento deste pacto, garantindo o respecto ao marco competencial e a cooperación institucional.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

3.- Incorporar aos axentes sociais, educativos e económicos, así como ás organizacións xuvenís, no proceso de elaboración do Pacto de Estado, co obxectivo de responder de maneira eficaz ás necesidades reais da mocidade.

4.- Establecer mecanismos de avaliación e seguimento das medidas incluídas no devandito pacto, que aseguren a súa eficacia, sustentabilidade e impacto real na mellora das condicións de vida da xuventude".

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:23:04
Nº Rexistro: 50347
Data envio: 11/02/2026 17:23:04.227

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2026 17:22:50**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:23:04
Nº Rexistro: 50347
Data envio: 11/02/2026 17:23:04.227

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 17:23:05**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:33:25
Nº Rexistro: 50350
Data envio: 11/02/2026 17:33:25.091

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 11/02/2 17:28
Por Rosana Pérez Fe

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo**, **Xosé Manuel Golpe Acuña** e da deputada **Noa Presas Bergantiños,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta da Galiza para garantir o poder adquisitivo dos salarios nas grandes concesionarias.

Asinado o día 11/02/2026 ás 17:28
Por José Manuel Golpe Acuña

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos 5 anos o IPC acumulou unha suba de 21,6% na Galiza e dun 21% no conxunto do estado español, fronte anos anteriores onde a inflación se mantivo moderada.

O punto de inflexión foi a pandemia do COVID19, que directa ou indirectamente afectou ás cadeas de subministro internacionais de practicamente todos os produtos do mercado. O posterior conflito na Ucraína e e as sancións a Rusia viñeron consolidar un escenario de inestabilidade internacional e unha suba descoñecida dos prezos da enerxía que redundaron na escalada inflacionaria.

No entanto o salario medio medrou un 11,92% na Galiza e un 14,89% no conxunto do estado. É dicir, a perda de poder adquisitivo dos salario medio no noso país chega case a 10 puntos. Certamente hai diferencias. Por exemplo, o Salario Mínimo Interprofesional medrou no mesmo tempo ao ritmo da inflación, por decisión do goberno, o mesmo que as pensións, actualmente vinculadas ao IPC tamén por decisión política.

Asinado o día 11/02/2026 ás 17:28
Por Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:33:25
Nº Rexistro: 50350
Data envio: 11/02/2026 17:33:25.091

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estamos a falar de dous ámbitos de máxima importancia para calquera sociedade, salario mínimo legal e pensións, pois deles dependen as condicións de vida de amplos colectivos e polo tanto a boa marcha da economía en xeral e a cohesión social.

Durante este mesmo período, a partir da pandemia, algúns sectores empresariais incrementaron notablemente os seus beneficios mentres os salarios dos seus traballadores e traballadoras non acompañaron o IPC:

• As empresas enerxéticas incrementaron os seus beneficios en máis dun 30% de media entre 2020 e 2024.

• As grandes operadoras de telecomunicacións mantiveron marxes de beneficio superiores ao 20% anual.

• As empresas concesionarias de infraestruturas públicas aumentaron os seus resultados un 18% de media no período.

Ámbitos estes nos que por numerosas razóns debería garantirse tamén un incremento salarial mínimo co fin de asegurar o poder adquisitivo do persoal que presta os servizos, xa que as grandes empresas destes sectores realizan a súa actividade grazas a concesións públicas, operan en mercados regulados, reciben cantidades importantes de axudas públicas en diferentes conceptos e obteñen sistematicamente beneficios considerables.

Segundo datos da AEAT e do IGE, na Galiza operan aproximadamente 150 grandes empresas destas características, empregando ao redor de 45.000 persoas. O impacto estimado da medida suporía un incremento da masa salarial destes colectivos de aproximadamente 85 millóns de euros anuais para compensar a perda de poder adquisitivo acumulada.



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:33:25
Nº Rexistro: 50350
Data envio: 11/02/2026 17:33:25.091

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

"O Parlamento da Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Introducir na lexislación propia a obriga de que as empresas que operen na Galiza garantan un incremento salarial anual mínimo para o seu persoal equivalente ao IPC do ano anterior, sempre que cumpran simultaneamente as seguintes catro condicións:

a) Gozar de concesións ou autorizacións administrativas para realizar toda ou parte da súa actividade económica (incluíndo concesións de servizos públicos, autorizacións de explotación de recursos naturais, licenzas de telecomunicacións ou calquera outra forma de habilitación administrativa necesaria para o desenvolvemento da súa actividade).

b) Recibir fondos públicos en calquera das seguintes modalidades: subvencións, axudas directas, bonificacións fiscais, avais públicos ou calquera outra forma de apoio económico público que supere os 100.000 euros anuais no último exercicio pechado.

c) Obter beneficios antes de impostos no último exercicio económico pechado.

d) Ter a condición legal de gran empresa segundo os criterios establecidos na Lei 31/2014, do 3 de decembro (empresas con máis de 250 traballadores e traballadoras, ou ben cun volume de negocios anual superior a 50 millóns de euros ou un balance xeral anual superior a 43 millóns de euros).

2. Establecer mecanismos de verificación e control que inclúan:

a) A creación dun rexistro público de empresas obrigadas ao cumprimento desta medida.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:33:25
Nº Rexistro: 50350
Data envío: 11/02/2026 17:33:25.091

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) A obriga de presentar anualmente unha declaración responsable sobre o cumprimento da actualización salarial.

c) A realización de inspeccións periódicas por parte da Inspección de Traballo.

d) O establecemento de sancións graduadas para as empresas incumpridoras, que poderán ir desde amoestacións até a suspensión temporal das concesións, autorizacións ou axudas públicas.

3. Garantir que esta actualización salarial:

a) Que non substitúa nin absorba melloras retributivas pactadas en convenio colectivo ou acordos de empresa.

b) Que se aplique sobre o salario base e os complementos salariais fixos de carácter consolidable.

c) Que se faga efectiva dentro do primeiro trimestre de cada exercicio económico.

4. Establecer un réxime transitorio que permita ás empresas afectadas adaptar gradualmente as súas políticas retributivas nun prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da norma, cun incremento mínimo do 50% da diferenza no primeiro ano.

5. Crear unha Comisión de Seguimento formada por representantes da Xunta de Galiza, organizacións sindicais e organizacións empresariais, que elabore un informe anual sobre o impacto da medida e propoña melloras na súa aplicación.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Promover ante o Goberno do Estado a extensión desta medida ao conxunto do territorio español mediante a reforma da lexislación laboral e de contratación pública correspondente".

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:33:25
Nº Rexistro: 50350
Data envio: 11/02/2026 17:33:25.091

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/02/2026 17:28:38
José Manuel Golpe Acuña na data 11/02/2026 17:28:46
Rosana Pérez Fernández na data 11/02/2026 17:28:59
Noa Presas Bergantiños na data 11/02/2026 17:29:06

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:33:25
Nº Rexistro: 50350
Data envio: 11/02/2026 17:33:25.091

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 17:33:25**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior** sobre e petición ao Goberno de España para que retire o recurso de inconstitucionalidade imposto fronte a determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

**Exposición de Motivos**

O Tribunal Constitucional vén de admitir a trámite o recurso presentado polo presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, co aval do seu Consello de Ministros, contra determinados preceptos da Lei galega 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

A decisión do órgano constitucional, que aínda no implica un pronunciamento sobre o fondo do litixio, si trae consigo o bloqueo da norma autonómica na súa vixencia e aplicación desde a data de interposición do recurso: o 30 de setembro de 2025.

Sánchez volve a castigar aos galegos, nesta ocasión, violentando o autogoberno de Galicia e freando os avances lexislativos incluídos na Lei galega, en concreto, os artigos que fan referencia ao ámbito da dependencia e ao sector eólico.

O atropelo é aínda máis grave e prexudicial se temos en conta a relevancia dos programas impugnados, todos eles con medidas pioneiras que Galicia impulsou e que son imitadas por outras administracións ou incluso polo propio Estado.

Así, por exemplo, o recurso busca impugnar o plan de axilización dependencia e da discapacidade, que permitiu as homologacións automáticas, un veto a unha iniciativa que logrou que se lles recoñecese automaticamente o grao de discapacidade a quen ten recoñecido un grado de dependencia, sen ter que facer papelame.

No ámbito eólico, a impugnación estatal busca frear a normativa que regulaba o sistema de repotenciación dos parques eólicos e tamén a obriga de ofertar e vender en Galicia parte da electricidade xerada en beneficio directo da cidadanía e da industria galegas. Iniciativas ambas que nacían co obxecto de reducir o impacto ambiental e aumentar os beneficios económicos e sociais destas instalacións de enerxía.

Asinado o día 11/02/2026 ás 17:42
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para reiterar a petición de retirada do recurso de inconstitucionalidade contra determinados preceptos da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en particular, contra os preceptos que regulan o plan de axilización da dependencia e da discapacidade e as medidas relativas ao sector eólico en Galicia, en concreto, as referidas á repotenciación dos parques eólicos e á obriga de ofertar e vender en Galicia parte da electricidade xerada en beneficio directo da cidadanía e da industria galegas. Asemade, reclamar que se respecte o autogoberno de Galicia que está a verse violentado na súa capacidade lexislativa polas decisións de bloqueo e impugnación promovidas polo Executivo central."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:46:48
Nº Rexistro: 50358
Data envio: 11/02/2026 17:46:48.353

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2026 17:42:38**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 17:46:48
Nº Rexistro: 50358
Data envio: 11/02/2026 17:46:48.353

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 17:46:49**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Mouzo Mas, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Nazaret Cendán Gayoso, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo** pola que se insta á Xunta de Galicia a promover ante o Goberno de España o recoñecemento da ameixa xapónica como especie que se produce naturalmente nas rías galegas.

## Exposición de Motivos

O marisqueo a pé e a flote constitúe unha actividade estratéxica para Galicia, tanto polo seu peso económico como polo seu valor social, ambiental e territorial. As rías galegas sustentan milleiros de postos de traballo directos e indirectos e representan un modelo de aproveitamento dos recursos mariños baseado na sostibilidade, na profesionalización e na xestión colectiva.

A ameixa xapónica (*Ruditapes philippinarum*) consolidouse ao longo das últimas décadas como unha das especies con maior capacidade de adaptación ás condicións cambiantes das rías galegas, amosando unha maior resistencia fronte a episodios de baixa salinidade, enfermidades e outros factores ambientais extremos.

A presenza da ameixa xapónica nas rías galegas remóntase a máis de cincuenta anos, cunha reprodución natural estable e unha integración efectiva nos ecosistemas mariños, formando parte esencial da actividade marisqueira de Galicia. A súa relevancia produtiva e socioeconómica resulta hoxe incuestionable para a supervivencia do sector.

Porén, a consideración administrativa da ameixa xapónica como especie que non se produce naturalmente en Galicia introduce limitacións e cargas burocráticas adicionais que dificultan a planificación, a repoboación e a xestión eficiente dos bancos marisqueiros, así como o acceso a determinadas liñas de financiamento público. En particular, esta catalogación restrinxe a posibilidade de optar a diversas axudas do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) destinadas á recuperación de especies autóctonas, á restauración de ecosistemas mariños e ao reforzo da resiliencia do sector fronte aos efectos do cambio climático.

Asinado o día 11/02/2026 ás 18:07
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Recoñecer que a ameixa xapónica se produce naturalmente en Galicia contribuiría non só a dotar ao sector marisqueiro dunha maior seguridade xurídica, senón tamén a ampliar o acceso a instrumentos de apoio financeiro europeos, facilitando a adopción de medidas de recuperación dos bancos marisqueiros e reforzando a capacidade de resposta fronte á actual situación de baixa produción e alta mortaldade, ademais de favorecer o seu cultivo, extracción e comercialización.

Cómpre non esquecer que, nos últimos anos a ameixa xapónica foi quen de representar ao redor do 90 % da produción total de ameixas en Galicia, con cifras de produción moi superiores a outras especies tradicionais. O seu valor de mercado segue sendo alto e clave para moitas confrarías e mariscadoras.

Cómpre non esquecer tampouco que a propia Comisión Europea recoñeceu xa no Regulamento (CE) Nº 708/2007 do Consello do 11 de xuño de 2007 sobre o uso das especies exóticas e as especies localmente ausentes na acuicultura, que as actividades vinculadas a aquelas especies exóticas empregadas de maneira habitual na acuicultura desde hai moito tempo en certas partes da Unión Europea (entre as que incluíu á ameixa xapónica), deberían ser obxecto dun trato diferenciado respecto ao conxunto das especies exóticas, que facilitase o seu desenvolvemento sen impoñer cargas administrativas complementarias, a condición de que se puidera asegurar un stock de orixe libre de especies non obxectivo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que promova o recoñecemento da ameixa xapónica (*Ruditapes philippinarum*) como especie que se produce naturalmente nas rías galegas, posto que leva décadas reproducíndose de forma estable, mantén poboacións autosuficientes e forma parte do ecosistema e do sector produtivo marisqueiro de Galicia."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2026 18:07:04**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 18:08:32
Nº Rexistro: 50368
Data envio: 11/02/2026 18:08:32.714

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 18:08:33**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 18:16:10
Nº Rexistro: 50369
Data envio: 11/02/2026 18:16:10.610



**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Dolores Hermelo Piñeiro, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa** e **Nazareth Cendán Gayoso,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

<u>**Exposición de motivos**</u>

O sector pesqueiro galego enfróntase a unha situación de crecente dificultade como consecuencia da aplicación continuada de políticas europeas cada vez máis esixentes en materia medioambiental, de conservación dos recursos, descarbonización e limitación da actividade, que están a ter un impacto directo sobre a rendibilidade das empresas, o emprego e a cohesión social das zonas costeiras.

Estas políticas obrigan ao sector a realizar importantes investimentos para adaptarse ás novas esixencias normativas, polo que resulta imprescindible contar cun apoio financeiro europeo suficiente, estable e adaptado á realidade das rexións máis dependentes do mar.

Neste contexto, no inicio das negociacións do novo Marco Financeiro Plurianual da Unión Europea para o período 2028-2034, a Comisión Europea propuxo unha dotación mínima duns 2.000 millóns de euros para a política pesqueira, o que supón unha reducción aproximada do 67 % respecto ao orzamento do actual Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), unha proposta claramente insuficiente para atender as necesidades dun sector estratéxico.

Ante esta situación, a Xunta de Galicia, a través da Conselleira do Mar, vén reclamando dun xeito alto e claro, tanto ante as institucións europeas como en foros internacionais, un compromiso financeiro acorde cos retos ambientais, económicos e sociais aos que se enfronta o sector pesqueiro.

Asinado o día 11/02/2026 ás 18:15
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 18:16:10
Nº Rexistro: 50369
Data envio: 11/02/2026 18:16:10.610



A Conselleira do Mar defendeu esta posición en Bruxelas xunto coa rexión francesa de Bretaña, outra das principais rexións pesqueiras da Unión Europea, poñendo de manifesto que Galicia e Bretaña son territorios imprescindibles para garantir o presente e o futuro da pesca europea, tanto desde o punto de vista produtivo como social e ambiental.

Fronte a esta defensa activa e decidida por parte da Xunta de Galicia, resulta especialmente preocupante o mutismo do Goberno de España, que non está a exercer o liderado nin a presión política necesaria para facer súa esta demanda e trasladala con firmeza ás institucións comunitarias, malia tratarse dun sector estratéxico de país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

1.- Defenda ante a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea un incremento significativo dos fondos destinados á pesca e á acuicultura no Marco Financeiro Plurianual 2028-2034, rexeitando una redución do 67 % respecto ao actual FEMPA e garantindo recursos suficientes para compensar o impacto das políticas medioambientais da Unión Europea sobre o sector pesqueiro.

2.- Reclame que o futuro financiamento europeo en materia de pesca responda ás necesidades reais das rexións máis dependentes do mar, garantindo a súa participación na definición e xestión dos citados fondos”.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 18:16:10
Nº Rexistro: 50369
Data envío: 11/02/2026 18:16:10.610

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2026 18:15:56**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 18:16:10
Nº Rexistro: 50369
Data envio: 11/02/2026 18:16:10.610

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 18:16:11

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 18:23:03
Nº Rexistro: 50374
Data envio: 11/02/2026 18:23:03.984



**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados**, Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura** sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España para a creación dun fondo específico de cooperación territorial para mellorar os centros educativos e impulsar outras medidas fiscais

**Exposición de Motivos**

O clima adverso dos últimos meses está poñendo de manifesto a importancia de que nos centros educativos se realicen de maneira continuada as correspondentes tarefas preventivas de conservación e mantemento.

Neste sentido, a Xunta de Galicia ten demostrado sobradamente a súa responsabilidade. Só nesta materia, no marco do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, leva realizado un investimento superior aos 210M€ nos centros educativos da súa competencia.

Pola súa banda, os concellos tamén están a realizar, na maior parte dos casos, un importante esforzo para garantir que os centros de Educación Infantil e Primaria —aqueles sobre os que a lexislación lles atribúe competencias en materia de mantemento e conservación— se atopen en boas condicións para a adecuada prestación do servizo educativo. Noutros casos, é evidente que de xeito irresponsable renuncian de maneira expresa a cumprir coas súas obrigas, desviando responsabilidades, botando balóns fóra e ocultando a súa propia falta de dilixencia.

É evidente que as tarefas de mantemento resultan esenciais para garantir o correcto estado dos espazos educativos e son especialmente sensibles en contextos nos que se dan episodios climáticos adversos como os que estamos vivindo. A falta de mantemento continuado no tempo agrava problemas que, nun primeiro momento, poderían resolverse con actuacións menores, poden supoñer unha perda de confort para o alumnado e, en determinados casos, acaban obrigando a realizar intervencións de urxencia por parte da Xunta de Galicia, que poderían terse evitado.

Desde o Grupo Popular solicitouse en reiteradas ocasións a necesidade de que o Goberno central habilitase un fondo destinado a apoiar a mellora da rede de centros

Asinado o día 11/02/2026 ás 18:21
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 18:23:03
Nº Rexistro: 50374
Data envío: 11/02/2026 18:23:03.984

educativos. Na actualidade non existe ningún mecanismo estatal específico que financie actuacións de mellora, conservación e mantemento nos centros educativos, obrigando tanto aos concellos como á Xunta de Galicia a afrontar estas actuacións en solitario.

Esta situación resulta especialmente relevante no caso da nosa comunidade autónoma, que conta cun parque de arredor de 1.600 edificios dedicados a uso educativo, cunha antigüidade media superior aos 40 anos.

Entendemos que se trata dunha cuestión de Estado que require da colaboración do Goberno central. Sen embargo, ata o momento non se aprecia a mínima vontade política por parte do Ministerio de Educación. De feito, deixouse pasar a oportunidade que representaban os fondos europeos extraordinarios para abordar unha cuestión estratéxica como é a mellora das infraestruturas educativas.

Tampouco foi atendida outra proposta presentada neste Parlamento, relativa á rebaixa do IVE nas obras realizadas en centros educativos, medida que, sen constituír un apoio directo, permitiría ás administracións executar un maior número de actuacións.

Pola súa relevancia e á vista das necesidades existentes na rede de centros, consideramos necesario reiterar esta proposta, orientada a dar resposta a un dos principais retos educativos dos próximos anos, isto é, dispoñer de espazos educativos que garantan o confort, a seguridade e o benestar do alumnado. Unha rede que, no caso de Galicia, tamén garante a prestación dun dos servizos educativos máis equitativos de España e dos máis próximos ao alumando, ao estar distribuído por todo o territorio.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que:
>
> > 1.Habilite de xeito inmediato un fondo específico de cooperación territorial para que as Administracións autonómicas e locais, dentro das súas respectivas competencias, conten con máis recursos coa finalidade última de mellorar os centros educativos e adaptalos aos novos retos da sociedade actual e que, este fondo, conte cunha partida específica para concellos, para a realización das tarefas de conservación e mantemento que lles corresponden.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Modifique a normativa fiscal necesaria para que as obras de construción, reforma ou rehabilitación de centros educativos públicos tributen a un tipo reducido do 10% de IVE, ao tratarse de actuacións vencelladas á prestación dun servizo esencial e básico como é a educación."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 18:23:03
Nº Rexistro: 50374
Data envio: 11/02/2026 18:23:03.984

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2026 18:21:29**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 18:23:03
Nº Rexistro: 50374
Data envio: 11/02/2026 18:23:03.984

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 18:23:04**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50378
Data envio: 11/02/2026 18:32:41.045

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados**, Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura** sobre a demanda da Xunta de Galicai ao Goberno de España para que adopte de maneira inmediata as medidas necesarias para dar unha solución ao conflito xurdido co programa de Auxiliares de Conversa

**Exposición de Motivos**

O programa de Auxiliares de Conversa é unha iniciativa educativa estratéxica para mellorar a competencia en linguas estranxeiras que contribúe a garantir un ensino de calidade e a igualdade de oportunidades do alumando.

Galicia leva anos apostando por este programa e reforzando a presenza de auxiliares de conversa nos centros educativos como un eixo estratéxico do modelo de ensino plurilingüe que nos levou a ser a comunidade con mellor nivel de inglés de España. Este curso, o sistema educativo galego recibiu uns 690 auxiliares de conversa de 19 países que prestan apoio en 791 centros

O programa de Auxiliares de Conversa está coordinado desde o Goberno central. As comunidades autónomas desenvólveno ao abeiro dos marcos e convenios establecidos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, que é quen determina as condicións de participación. Isto é, aínda que as comunidades autónomas asumen a xestión e practicamente a totalidade do financiamento, non dispoñen de competencias directas sobre o seu funcionamento nin, en particular, sobre a normativa laboral aplicable.

A pesar disto, observamos con gran preocupación que as recentes actuacións do Ministerio de Traballo, liderado por Yolanda Díaz, están a poñer en serio risco a continuidade desta iniciativa, sen que exista ningunha reacción por parte do Ministerio de Educación. Todo isto deriva dunha interpretación do marco laboral dos auxiliares que cuestiona os fundamentos marcados polo Ministerio de Educación e que pode dar lugar a sancións millonarias para as comunidades autónomas, tal e como xa aconteceu no caso de Andalucía.

Asinado o día 11/02/2026 ás 18:31
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

Diante desta situación, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional xa solicitou –á anterior ministra de Educación, Pilar Alegría— que adoptase as medidas necesarias para garantir a continuidade do programa cun marco seguro e estable. A realidade é que, unha vez máis, o Goberno central non asume as súas obrigas e, a día de hoxe, non se coñece ningún avance ao respecto.

Por este motivo, no mes de febreiro o conselleiro de Educación remitiu unha nova carta, esta vez directamente á ministra responsable de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz, solicitando que reconduza a situación e atope unha solución que garanta a continuidade do programa.

Os desencontros internos dentro do propio Goberno volven ser un problema para a cidadanía e, neste caso, ameazan con provocar a desaparición dunha iniciativa clave para a ensinanza de linguas estranxeiras. Resulta especialmente preocupante a inacción –tanto da ex-ministra Alegría como da actual, Milagros Tolón— para asegurar a viabilidade do programa, cando está cuestionado polo Ministerio de Traballo.

O Goberno central non poden mirar para outro lado. Resulta imprescindible que se actúe con urxencia e se adopten as medidas necesarias para clarificar o marco xurídico e laboral do programa de Auxiliares de Conversa, garantindo a súa continuidade e evitando un grave prexuízo para o alumnado, o profesorado e o sistema educativo no seu conxunto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Ministerio de Traballo e Economía Social e, de novo, ao Ministerio de Educación:
>
> 1. Que adopte de maneira inmediata as medidas necesarias para dar unha solución ao conflito xurdido co programa de Auxiliares de Conversa, garantindo a súa continuidade en toda España.
>
> 2. Que ambos ministerios se coordinen co obxectivo de establecer un marco xurídico e laboral claro, estable e común para todas as comunidades autónomas, que dea seguridade ás administracións educativas e evite interpretacións dispares por parte da Inspección de Traballo.
>
> 3.Que calquera decisión que se tome asegure que non se repercutan custos extraordinarios para a Xunta de Galicia, que xa financia case na súa totalidade o programa."

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50378
Data envio: 11/02/2026 18:32:41.045

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 11/02/2026 18:31:23

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50378
Data envio: 11/02/2026 18:32:41.045

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 18:32:41**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50382
Data envio: 11/02/2026 19:15:46.326

Asinado o día 11/02/2 19:12 Por José Ramón Gón

# Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª.**

# Exposición de motivos

A planificación en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais constitúe unha obriga esencial da Administración autonómica, especialmente nun contexto de agravamento do risco derivado do cambio climático e da recorrencia de incendios de quinta e sexta xeración.

O Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga) é o instrumento anual que debe fixar esa planificación. A normativa vixente establece a obriga de que este plan sexa aprobado e publicado antes do 31 de outubro do ano anterior á súa vixencia, co fin de garantir previsión, coordinación e participación pública.

Porén, a Xunta de Galicia non cumpriu novamente este prazo, impedindo non só a planificación axeitada senón tamén a participación dos sectores afectados a través do Consello Forestal de Galicia, órgano colexiado de consulta e asesoramento creado polo Decreto 306/2004.

Esta ausencia de convocatoria resulta especialmente grave tras os incendios forestais do ano 2025**,** que tiveron un impacto sen precedentes en amplas zonas

Asinado o día 11/02/2026 ás 19:12 Por Lara Méndez López
Asinado o día 11/02/2026 ás 19:12 Por Carmen Rodríguez Dacosta
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do territorio galego, e tras os recentes ceses e cambios na estrutura directiva da Consellería do Medio Rural responsables da política forestal e da loita contra os incendios.

Lonxe de convocar o Consello Forestal para avaliar o sucedido, informar dos cambios producidos e recoller achegas para a elaboración do novo Pladiga, a Xunta mantén unha práctica de silencio e inacción que baleira de contido un órgano esencial de participación pública, vulnerando os principios de boa administración e transparencia.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Convocar de maneira inmediata o Consello Forestal de Galicia para:

    - informar sobre a elaboración do Pladiga
    - recoller achegas dos sectores representados

2. Dar conta no seo do Consello Forestal:
    - da avaliación dos incendios forestais ocorridos no ano 2025
    - das medidas de restauración e prevención previstas

3. Informar formalmente ao Consello Forestal dos cambios producidos na estrutura directiva da Consellería do Medio Rural e das reformas que se pretendan impulsar.

4. Garantir o funcionamento regular e efectivo do Consello Forestal como órgano real de participación pública.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50382
Data envio: 11/02/2026 19:15:46.326

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50382
Data envio: 11/02/2026 19:15:46.326

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/02/2026 19:12:39**

**Lara Méndez López na data 11/02/2026 19:12:47**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 11/02/2026 19:12:55**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50382
Data envio: 11/02/2026 19:15:46.326

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 19:15:47**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:10:45
Nº Rexistro: 50389
Data envío: 12/02/2026 10:10:45.782

Por Alexandra Fernández Gómez
Asinado o día 12/02/2 10:05
Por Montserrat Valcár
Por Ariadna Fernández González
Asinado o día 12/02/2026 ás 10:05
Por Secundino Fernández Fernández
Asinado o día 12/02/2026 ás 10:05
Por Luis Bará Torres
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre a elaboración e aprobación de instrumentos de ordenación do territorio e de planificación en materia de solos agropecuarios e forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), aprobadas no ano 2011, establecen a obriga de cartografar as zonas de territorio de maior aptitude agrogandeira e forestal.

AS DOT prevén a opción de elaboración dun Plan de Ordenación do Medio Físico para o conxunto de Galiza:

*Para a súa integración no sistema de ordenación territorial, esta zonificación poderase realizar por medio dun Plan de ordenación de medio físico (POMF) para o conxunto de Galicia. O contido básico deste POMF incluirá a devandita definición de áreas territoriais con idoneidade actual do potencial para a explotación agrícola, gandeira ou forestal, así como as condicións que permitan o cambio de uso en cada ámbito territorial.*

*Este Plan podería desenvolverse por medio dun Plan Territorial Integrado, dun Plan sectorial ou dun Plan territorial especial.*

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. A lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galiza prevé nos instrumentos de planificación o **Mapa de usos agroforestais de Galiza** (artigo 24) e o **Catálogo de solos agropecuarios e forestais** (artigo 25).

Previamente, a lei do solo de 2016 (sometida a diversas modificacións) previu os catálogos oficiais de terreos de alta produtividade agropecuaria e dos terreos de alta produtividade forestal

*2. No solo rústico de especial protección distinguiranse as seguintes categorías:*

*a) Solo rústico de protección agropecuaria, constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.*

*b) Solo rústico de protección forestal, constituído polos montes veciñais en man común e os terreos de alta produtividade forestal que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia forestal.*

O **Catálogo de solos agropecuarios e forestais** é un instrumento fundamental de ordenación, planificación e xestión: non só ten como obxectivo identificar os solos rústicos de alta produtividade agropecuaria e forestal, senón tamén establecer a regulación dos usos permitidos, prohibidos e autorizables neses solos.

Recentemente publicouse na Revista Galega de economía o artigo "Cara a unha ordenación eficiente e sostible do solo rústico en Galicia: estudo de caso do Catálogo de solos agropecuarios e forestais", da autoría de Inés Santé.

A conclusión final deste artigo é que *"a aprobación e aplicación global do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia permitiría optimizar o uso*

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:10:45
Nº Rexistro: 50389
Data envio: 12/02/2026 10:10:45.782

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

*agroforestal do solo rural e daríalle seguridade xurídica ao desenvolvemento destes usos, ao recoller nunha única norma a súa regulación. Ata o momento, aprobáronse só catálogos parciais vinculados a instrumentos de recuperación da terra agraria, como os polígonos agroforestais, pero unha adecuada planificación e xestión da actividade agraria e da produción agroalimentaria esixe a elaboración e aprobación dun catálogo para o conxunto de Galicia, que proporcione unha planificación conxunta da superficie agrícola e forestal de toda a comunidade e que garanta o incremento da superficie agraria útil".*

En relación co proceso de elaboración e aprobación do mapa e do catálogo, AGADER adxudicou nos anos 2021 e 2022 varios contratos (Elaboración dunha base de datos xeográfica que sirva de base para planificar a ordenación e xestión das terras agroforestais de Galicia, Definición e delimitación do catálogo de sistemas agrarios de alto valor natural (SAAVN) de Galicia para a planificación da ordenación e xestión de usos das terras agroforestais, Servizo para a obtención de ortofotografías históricas de Galicia correspondentes ao vóo interministerial 1980-1986...). Se ben o prazo de execución dos contratos variaba entre 12 e 14 meses, ningún destes instrumentos está ainda plenamente operativo.

E mentres retrasa os instrumentos de ordenación e planificación, a Xunta pon a maquinaria a pleno rendimento en medidas puntuais, illadas, parciais e de carácter fundamentalmente cosmético e propagandístico.

3. En materia de ordenación dos montes, a lei de montes de 2012 prevé como plans de xestión forestal territorial **os Plans de ordenación dos recursos forestais.** Estes plans deberían ter como ámbito territorial os distritos forestais, entendidos como territorios que teñen unhas características xeográficas, ecolóxicas, socioeconómicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas.

***Artigo 74. Plans de ordenación dos recursos forestais***



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

> *1. A Administración forestal elaborará os plans de ordenación dos recursos forestais como instrumentos de planificación forestal, que afectarán preferentemente cada distrito forestal, como territorios de condicións xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas e que terán carácter obrigatorio e executivo nas materias reguladas nesta lei, nos termos establecidos en cada plan. Así mesmo, terán carácter indicativo respecto de calquera outra actuación, plan ou programa sectorial, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria cuarta.*
>
> *2. O contido destes plans deberá coordinarse cos correspondentes plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito establecidos na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*
>
> *3. Os plans de ordenación dos recursos forestais, no seu ámbito territorial de aplicación, poderán establecer limitacións ou prohibicións de plantación de determinadas especies forestais.*

O artigo 76 da Lei de montes prevé a posibilidade de elaborar, previamente ao plan de ordenación de recursos forestais de distrito, **modelos silvícolas orientativos e referentes de boas prácticas por distrito forestal:**

> *3. Previamente á aprobación dun plan de ordenación de recursos forestais, poderán elaborarse uns modelos silvícolas orientativos e referentes de boas prácticas por distrito forestal, para os efectos de permitir a adhesión de propietarios de montes de particulares, que se aprobarán mediante orde da consellaría competente en materia de montes.*

Estes modelos aparecen recollidos na ORDE do 9 de febreiro de 2021 pola que se modifica o anexo I da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:10:45
Nº Rexistro: 50389
Data envio: 12/02/2026 10:10:45.782

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

4. En relación cos **Plans de ordenación dos recursos forestais**, o PFG establece un calendario para a elaboración deste instrumento en cada un dos 19 distritos durante o período comprendido entre os anos 2026-2030

*A medida ten por obxecto desenvolver o contido e alcance previsto dos plans de ordenación dos recursos forestais, preferentemente,* ***en cada un dos 19 distritos da Comunidade Autónoma, aplicables tanto como referentes técnicos e instrumentais de ámbito comarcal para a ordenación dos espazos e recursos forestais como do réxime de usos do solo forestal.***

*Por tanto, o obxectivo de consecución propón elaborar estes plans (PORF), preferentemente,* ***en cada distrito da Comunidade Autónoma durante o período comprendido entre os anos 2026-2030****, dado que é necesario, previamente,* ***coñecer o estado dos recursos forestais que amosará o Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG).***

De todo o anterior pode concluirse que hai un retraso intencionado nas medidas de ordenación do territorio e de planificación dos usos do solo. Esta falta de ordenación e planificación constitúe un lastre para o desenvolvendo integral do medio rural e dos montes, e non pode ser substituida por medidas propagandísticas, por actuacións illadas, e por planificacións sectoriais que responden a intereses de parte e que contribúen ainda máis a fractura do territorio, ao abandono e á despoboación do medio rural.

É urxente pois aprobar os instrumentos de ordenación e planificación aos que se fai referencia nesta iniciativa. E é ademais necesario que o goberno galego actúe coa máxima transparencia e informe ao parlamento do estado dos traballos de elaboración e aprobación dos instrumentos que se citan máis arriba.



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:10:45
Nº Rexistro: 50389
Data envio: 12/02/2026 10:10:45.782

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento insta ao goberno galego a

1.Axilizar a elaboración e aprobación do Catálogo de solos agropecuarios e forestais, de maneira que entren en vigor ao longo do ano 2026.

2. Dar conta ao parlamento do estado dos traballos de elaboración do Catálogo.

3. Desenvolver un cronograma de traballo para a elaboración e aprobación dos Plans de ordenación dos recursos forestais, contratando os servizos necesarios para a súa elaboración."

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:10:45
Nº Rexistro: 50389
Data envio: 12/02/2026 10:10:45.782

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 12/02/2026 10:05:24**

**Secundino Fernández Fernández na data 12/02/2026 10:05:34**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 12/02/2026 10:05:43,12/02/2026 10:05:50**

**Ariadna Fernández González na data 12/02/2026 10:06:02**

**Alexandra Fernández Gómez na data 12/02/2026 10:06:10**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:10:45
Nº Rexistro: 50389
Data envío: 12/02/2026 10:10:45.782

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 10:10:46**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:13:57
Nº Rexistro: 50394
Data envio: 12/02/2026 10:13:57.006

PSG DE PSOE

Asinado o día 12/02/2 10:08 Por Silvia Longueira C

# Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª.**

# Exposición de motivos

O Colexio de Educación Primaria Campolongo de Pontevedra, centro público ao servizo de 429 alumnos e alumnas, viu reducida este curso a dotación de profesorado especialista en Audición e Linguaxe (AL) e Pedagoxía Terapéutica (PT) en relación co curso anterior. Esta redución obrigou a diminuír sesións de apoio específicas fundamentais para o desenvolvemento educativo e a inclusión de alumnado con necesidades educativas asociadas tanto a discapacidades como a dificultades de aprendizaxe.

Cómpre salientar que esta situación vén derivada dunha redución efectiva da dotación de profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) respecto do curso académico anterior, malia manterse —e mesmo incrementarse— o número de alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo no centro. Esta diminución de recursos supuxo unha perda de horas de atención directa, provocando que parte do alumnado non poida recibir o apoio recomendado polos correspondentes informes psicopedagóxicos, o que compromete a continuidade educativa e a eficacia das intervencións especializadas.

Asinado o día 12/02/2026 ás 10:07 Por Aitor Bouza Manso
Asinado o día 12/02/2026 ás 10:07 Por Paloma Castro Rey
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:13:57
Nº Rexistro: 50394
Data envio: 12/02/2026 10:13:57.006

As familias afectadas denuncian que esta situación pon en risco o dereito fundamental á educación en condicións de inclusión, igualdade e atención á diversidade, ao non recibir o apoio educativo recomendado polos informes psicopedagóxicos. Alumnado con hipoacusia, dificultades de visión, trastornos de aprendizaxe, TDAH, autismo de grao 1 e outras necesidades específicas veñen a ver reducida a atención individualizada que necesitan para o seu pleno desenvolvemento académico e persoal.

Ademais, as familias e representantes do centro educativo teñen solicitado, desde decembro, entrevistas coa Inspección educativa e coa Consellería de Educación para explicar a situación e buscar solucións, sen que ata o de agora se produzan avances satisfactorios.

Tendo en conta que a propia Administración autonómica asegura que a dotación de docentes responde aos criterios actuais da Inspección educativa, é importante revisar eses criterios para asegurarse de que non se están a vulnerar os principios de igualdade, equidade e atención á diversidade recollidos na normativa educativa vixente e no propio Plan Xeral de Atención á Diversidade.

En consecuencia, a falta de resposta efectiva por parte da Administración educativa e a redución de recursos humanos especializados nun centro público que escolariza alumnado con necesidades educativas diversas evidencian unha política de recortes encubertos que impacta directamente nos dereitos do alumnado e das súas familias. A educación inclusiva non pode quedar nunha declaración retórica nin depender de criterios administrativos alleos á realidade dos centros. Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma a súa responsabilidade, corrixa esta situación e garanta os medios humanos necesarios para que ningún neno ou nena vexa limitado o seu dereito a unha educación pública de calidade, equitativa e verdadeiramente inclusiva.

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a**:**

1. Revisar e reforzar de inmediato a dotación de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapéutica no CEP Campolongo de Pontevedra**,** de xeito que se recupere, como mínimo, o nivel de apoios existentes no curso 2024/2025.

2. Garantir que calquera redución ou redistribución de profesorado de apoio se faga sempre con criterios pedagóxicos e de inclusión, e non en detrimento do dereito ao desenvolvemento académico do alumnado con necesidades específicas.

3. Recibir á comunidade educativa do CEP Campolongo (familias, ANPA, dirección e profesorado) para abordar a situación e establecer un plan de recuperación a curto prazo.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:13:57
Nº Rexistro: 50394
Data envio: 12/02/2026 10:13:57.006

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 10:13:57
Nº Rexistro: 50394
Data envio: 12/02/2026 10:13:57.006

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 12/02/2026 10:07:36**

**Aitor Bouza Manso na data 12/02/2026 10:07:55**

**Silvia Longueira Castro na data 12/02/2026 10:08:02**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/02/2026 10:08:10**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
Asinado o día 12/02/2026 ás 16:14
Por Carmela González Iglesias

Tendo en conta que a lei entrou en vigor o 31 de decembro de 2023 ambos os dous estatutos deberían estar aprobados antes do 31 de decembro de 2024, polo que o goberno galego está a incumprir a legalidade iniciando os trámites para a súa elaboración 9 meses máis tarde da data máxima na que deberían estar aprobados.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Superado o prazo para a súa aprobación, o proxecto do decreto que regula o Estatuto das Mulleres do sector marítimo-pesqueiro de Galiza resulta moi decepcionante.

Estamos ante unha normativa con unha nula perspectiva de xénero, que non recolle medidas concretas para loitar contra a discriminación e desigualdades, que veta a participación das asociación de mulleres nos organismos de dirección e nos órganos de dirección, que coloca a responsabilidade dos coidados e da conciliación sobre as mulleres, ...., en definitiva non avanza en absoluto no camiño da igualdade das mulleres e homes do mar.

Esta normativa é unha ferramenta fundamental para garantir un futuro laboral e social digno e en condicións de igualdade ás mulleres do mar. Mulleres que traballan e viven na costa galega e sofren discriminacións e desigualdades polo simple feito de o seren. Escasa ou nula representación nos órganos de representación, dirección ou decisión; peores condicións laborais e salariais; políticas dirixidas ao sector sen perspectiva de xénero; infravalorización das enfermidades profesionais; falta de medidas de conciliación; son algunhas das cuestións que seguen sen abordarse no sector marítimo-pesqueiro, mentres que noutros ámbitos da sociedade levan anos regulados e, aínda que máis amodo do que é preciso, as mulleres van acadando os seus dereitos.

A negativa do goberno galego a recoñecer a existencia de desigualdades e discriminacións no sector marítimo-pesqueiro galego impiden avanzan no obxectivo de acadar a igualdade dos homes e mulleres que desenvolven a súa actividade laboral e viven na costa galega.

A igualdade acádase poñendo o foco en cuestións diversas tales como que as mulleres ocupen o espazo que lles corresponde nos espazos públicos para darlle visibilidade a todas as persoas que conforman un colectivo, incluídas as mulleres.



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O artigo da citada Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galiza, recolle o compromiso da Comunidade Autónoma de Galiza coa eliminación da discriminación das mulleres e coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, e o Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar e o estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro son as ferramentas necesarias para que o goberno galego cumpra con ese compromiso, e o proxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro que está a tramitar o Goberno galego non só non elimina as discriminación, senón que afonda nas desigualdades.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Retirar, ou cando menos modificar practicamente na súa totalidade, o proxecto de Decreto polo que se aproba o Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro que está actualmente en tramitación

2. Garantir que o decreto recolla medidas concretas para loitar contra a discriminación e desigualdades, tales como:

- fomento do asociacionismo de mulleres do mar

- para os coidados e a conciliación da vida familiar, persoal e laboral que corresponsabilicen a ambos proxenitores

- que consideren mulleres do mar a todas aquelas que traballan e viven neste ámbito



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- de promoción da representación equilibrada entre mulleres e homes nos órganos de direccións das asociacións, confrarías, entidades, organizacións empresariais ou de calquera outra índole que teñan vinculación co mar; para isto condicionará a concesión de axudas ou subvencións ao cumprimento desta condición.

- de representación paritaria entre homes e mulleres tanto no organigrama da propia Consellería do Mar, como nos órganos de dirección dos organismos, empresas ou entes públicos dependentes ou vinculados a ela.

3. Abrir un procedemento aberto de diálogo e debate para a creación do Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar de Galiza e para a redacción do Estatuto das mulleres do sector marítimo-pesqueiro no que se convoque a participar a todas as asociacións, confrarías, organizacións empresarias e sindicais e entidades do sector de calquera outra índole, especialmente ás asociacións de mulleres do mar, así como as asociacións e entidades sociais de mulleres que desenvolvan a súa actividade nas vilas e concellos da costa galega.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 12/02/2026 16:14:36

Rosana Pérez Fernández na data 12/02/2026 16:14:52

Noa Presas Bergantiños na data 12/02/2026 16:15:00

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50481
Data envio: 12/02/2026 16:17:11.507

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 16:17:12

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:50:13
Nº Rexistro: 50490
Data envío: 12/02/2026 16:50:13.109

Asinado o día 12/02/2 16:47
Por Daniel Castro Ga

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a adoptar diante da expansión da alga asiática nas rías galegas.

Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 12/02/2026 ás 16:47
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación xeral de perda de produtividade das rías galegas, derivada da concorrencia de distintos factores que foron medrando cos anos sen que a Consellaría de Mar fose quen de establecer ningunha medida estrutural para tratar de eliminar ou sequera frear moitos dos problemas que lles atinxen.

Sen dúbida, un deses factores ten a ver coa existencia cada vez maior de distintas especies invasoras ás que, en xeral, a Consellaría non prestou tampouco moita atención.

Sen ir máis lonxe, hai un ano que este Grupo Parlamentar presentaba a debate na Comisión de Pesca unha iniciativa ao respecto. Dende logo, non foi esa a primeira vez que trasladabamos a preocupación do sector sobre o tema, a afectación que determinadas especies xa estaban a ter sobre as actividades pesqueira e marisqueira e a solicitude de medidas por parte do Goberno galego para facerlle fronte canto antes. Aquel debate non foi o primeiro, e tampouco o foi o voto en contra do Grupo Parlamentario Popular ás nosas propostas que sistematicamente se vén desbotando e, o

Asinado o día 12/02/2026 ás 16:46
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que é peor, sen dar alternativas para tentar paliar graves problemas que afectan ao sector do mar e tamén á calidade das nosas augas.

Tanto é así que nestes días volveron transcender queixas do sector respecto da propagación da chamada alga asiática cara o interior da ría de Arousa. Nomeadamente, as confrarías de Cambados e do Grove veñen de facer público que esa especie invasora xa foi detectada neste mes de decembro último ao norte da illa de Rúa e tamén no canal de entrada á ría de Arousa.

A alga asiática xa fora detectada en augas galegas, nomeadamente nas rías da Coruña e Vigo no ano 2024, e na boca da ría de Arousa tamén no mesmo ano. A Xunta de Galiza, na vez de asumir as súas propias competencias e deseñar un plan para facerlle fronte desviou as responsabilidades cara a outras administracións, en concreto cara oa concellos, advertíndolles que terían que ser eles os que deben xestionar a chegada da biomasa de algas ás praias.

Esta evasión de responsabilidades non é nova por parte da administración galega, quen debía adaptar as súas actuacións á estratexia marco establecida polo Goberno do Estado no ano 2022 e sobre todo debía estar en alerta dende o primeiro momento e poñer os recursos necesarios para tratar de que a extensión da especie non se producira ou tivese as mínimas consecuencias posíbeis.

Tamén a finais de 2024 a  Consellaría anunciara un proxecto de investigación sobre a alga asiática, para tratar de avaliar a distribución da especie nas nosas augas e para concienciar ao sector pesqueiro sobre o problema. Deste proxecto, como de tantos outros, máis alá do anuncio tampouco volvemos ter noticia, nin das actuacións concretas que se desenvolveron a raíz del.



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:50:13
Nº Rexistro: 50490
Data envío: 12/02/2026 16:50:13.109

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

. Remitir aos Grupos Parlamentarios os informes, de existiren , sobre a detección, distribución, incidencia, risco de expansión e consecuencias que está a ter, ou pode chegar a ter a alga asiática sobre a biodiversidade do medio mariño nas costas galegas e sobre o sector do mar. De non existiren, poñer en marcha a súa elaboración de xeito inmediato.

. Activar as medidas de alerta necesarias que poidan contribuír a evitar a súa propagación cara o interior das rías.

. Establecer directrices claras a respecto da xestión e control desa especie invasora.

. Levar a cabo todas as actuacións, tamén as que en materia orzamentaria sexan precisas, para investigar, detectar, vixiar, mitigar a expansión e protexer a biodiversidade mariña e os intereses económicos do sector pesqueiro e do conxunto do país.”

. Colaborar cos concellos costeiros cos recursos económicos e humanos necesarios para paliar os custos que lle supón a xestión de retirada das algas das praias.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:50:13
Nº Rexistro: 50490
Data envio: 12/02/2026 16:50:13.109

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 12/02/2026 16:46:59

Carmela González Iglesias na data 12/02/2026 16:47:05

Daniel Castro García na data 12/02/2026 16:47:13

Óscar Insua Lema na data 12/02/2026 16:47:19

Paulo Ríos Santomé na data 12/02/2026 16:47:31

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 16:50:13
**Nº Rexistro: 50490**
Data envio: 12/02/2026 16:50:13.109

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 16:50:13**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 17:23:43
Nº Rexistro: 50498
Data envio: 12/02/2026 17:23:43.510

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noelia Pérez López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares e Raúl Santamaría González,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** sobre medidas contra o absentismo laboral

**Exposición de Motivos**

O absentismo laboral converteuse nun dos principais problemas do mercado de traballo en España, cun impacto crecente sobre a produtividade, a competitividade das empresas, a Seguridade Social e o funcionamento dos servizos sanitarios.

Segundo datos da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF), as situacións de incapacidade temporal (IT) incrementáronse arredor dun 60 % entre os anos 2017 e 2024. Ao tempo, a súa duración media aumentou un 15 % nese mesmo período, situándose ao redor dos 46 días nestes momentos. Máis baixas e de maior duración que evidencian un problema estrutural de xestión, que a propia AIReF cualifica como especialmente preocupante, alertando do risco de prolongacións innecesarias e dun uso ineficiente dos recursos públicos.

Ademais, tamén a AIReF analiza que este incremento sostido das incapacidades temporais ten un reflexo directo no gasto público. A incapacidade temporal é xa o segundo maior gasto da Seguridade Social, só por detrás das pensións. Trátase dunha evolución claramente desproporcionada que non pode atribuírse unicamente a factores demográficos ou sanitarios, senón que pon de manifesto deficiencias profundas no deseño e funcionamento do actual modelo de xestión da incapacidade temporal.

Nas empresas, isto tradúcese en desaxustes permanentes. Reorganizacións improvisadas, aumento de cargas, presión nos equipos e unha produtividade que sufre moito máis do que trascende ao debate público.

E a pesar dos esforzos que se están a realizar desde o goberno galego por modificar o marco normativo que regula a incapacidade temporal é de competencia estatal, o que limita de maneira notable a capacidade de actuación autonómica para corrixir disfuncións, axilizar procesos ou evitar a cronificación innecesaria das baixas.

Asinado o día 12/02/2026 ás 17:23
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

A pesar da gravidade da situación e das reiteradas advertencias, tanto do tecido produtivo como de organismos independentes, a resposta do Goberno de España foi ata este momento ingnorar o que estaba a acontecer e a dada nos últimos días claramente insuficiente.

Tras máis de catro meses sen convocar os axentes sociais, o Executivo limitouse recentemente a anunciar a creación dun Observatorio do Absentismo Laboral, sen medidas concretas, sen calendario definido e sen propostas normativas que permitan afrontar de maneira efectiva un problema que continúa agravándose.

A mera creación dun observatorio, anunciada ademais de forma xenérica e “de maneira inminente”, non pode considerarse unha resposta axeitada ante un fenómeno que está a disparar o gasto público, tensionar os sistemas sanitarios autonómicos e xerar incerteza e perdas no tecido produtivo do noso país.

Ante este problema estrutural, que vai a máis co paso dos anos, resulta imprescindible que o Goberno de España abandone a política de anuncios e adopte medidas reais e eficaces, baseadas na mellora da coordinación institucional, no seguimento rigoroso dos procesos de baixa, na prevención de prolongacións innecesarias e na dotación de recursos suficientes ás comunidades autónomas, respectando en todo caso as súas competencias en materia sanitaria.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:

1) Impulsar, no marco do diálogo social e con carácter urxente, propostas normativas reais que permitan afrontar o absentismo laboral de forma estrutural.

2) Impulsar, coa participación das comunidades autónomas, unha reforma do sistema de Incapacidades Temporais (IT), que permita mellorar o control, seguimento e avaliación dos procesos de baixa laboral evitando prolongacións innecesarias e garantindo unha xestión eficiente dos recursos públicos.

3) Reforzar de maneira efectiva a coordinación entre os servizos públicos de saúde das comunidades autónomas e o Instituto Nacional da Seguridade Social e as mutuas colaboradoras mediante protocolos comúns.



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4) Dotar ás comunidades autónomas de financiamento finalista suficiente para afrontar o incremento da carga asistencial derivada do aumento das situacións de incapacidade temporal e do absentismo laboral, así como os custos asociados á aplicación das medidas de reforma, control e seguimento do sistema de incapacidade temporal.”

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 17:23:43
Nº Rexistro: 50498
Data envio: 12/02/2026 17:23:43.510

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 12/02/2026 17:23:07**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 17:23:43
Nº Rexistro: 50498
Data envio: 12/02/2026 17:23:43.510

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 17:23:44**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:13:13
Nº Rexistro: 50509
Data envío: 12/02/2026 18:13:13.358

Asinado o día 12/02/2
18:01
Por José Ramón Gón

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1ª.**

# Exposición de motivos

O recurso de inconstitucionalidade interposto polo Goberno de España contra determinados preceptos da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025 foi presentado pola Xunta como un suposto ataque ao autogoberno de Galicia.
Porén, cómpre lembrar que o bloque de constitucionalidade obriga tanto ao Goberno de España como á Xunta de Galicia. O principio de legalidade e o respecto á distribución competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas ( artigo 148 e 149 da CE) non son opcionais nin dependen da cor política de quen goberne.

Antes da interposición do recurso existiu diálogo institucional e Comisión Bilateral, acadándose acordo en máis do 60% dos artigos cuestionados. Só aqueles preceptos nos que persistían dúbidas fundadas de constitucionalidade foron finalmente recorridos.

En materia enerxética, a introdución dunha repotenciación eólica obrigatoria, sen planificación sectorial actualizada e mediante lei de acompañamento, evidencia unha política baseada na improvisación e na inseguridade xurídica, sen precedentes.

Asinado o día 12/02/2026 ás
18:01
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 12/02/2026 ás
18:01
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:13:13
Nº Rexistro: 50509
Data envio: 12/02/2026 18:13:13.358

Galicia continúa rexéndose por un Plan Sectorial Eólico de 1997, claramente obsoleto, mentres numerosos proxectos están paralizados por deficiencias ambientais.

As repotenciacións impostas, sen planificación e sen consenso agochan o fracaso de xestión do Goberno Galego en política enerxética, e en concreo, na enerxía eólica en Galicia. Nos dezasete anos que leva o PP na Xunta de Galicia. Perdemos o liderado eólico, de primeira potencia en España estamos en quinta posición, e o pais deixou de ser un lugar seguro para o investimento, cunha caída en produción enerxética sen precedentes, que vai dificultar moito que Galicia cumpra os obxectivos marcados no Plan nacional de Industria, Enerxía e Clima (PNIEC) e alcanzar os obxectivos de descarbonización e loita contra o cambio climático.

En materia de politica social, a pretendida homologación automática dos procedementos de dependencia e discapacidade supón confundir dous dereitos con natureza e finalidade distintas.

A discapacidade garante inclusión e igualdade; a dependencia garante coidados e apoios para a vida diaria. E a lexislación básica, conforme a Constitución, para asegurar a igualdade de dereitos no conxunto do Estado corresponde ao Goberno de España.

Non pode existir un modelo no que unha persoa con discapacidade en Galicia teña dereitos distintos aos dunha persoa en Asturias ou Andalucía. A igualdade no exercicio dos dereitos sociais é un principio constitucional.

Mentres tanto, o Goberno galego arrogase que lle corresponde ao Goberno de España, Galicia presenta unha media de 349 días para resolver un expediente de dependencia, moi por riba do prazo legal, evidenciando un colapso estrutural do

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sistema que non se resolve con atallos administrativos nin con propaganda política, e agochando, de novo, un fracaso de falta de xestión, planificación e estratexia nas políticas de servizos sociais e dependencia, cuxa competencia si que é exclusiva da Xunta de Galicia

A confrontación permanente co Goberno de España non resolve os problemas da cidadanía galega, que é o que preocupa no seu día a día as e os galegos. Só serve para ocultar deficiencias de xestión na política enerxética e no sistema público de dependencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento insta a Xunta de Galicia:

1. Defender máis e mellor o autogoberno de Galicia, como nacionalidade histórica que é, dentro dun Estado descentralizado tal e como se configura no bloque de constitucionalidade do Título VIII da Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. Materializar a petición de novas competencias a través das Conferencias bilaterais de transferencias de competencias, así como mediante un diálogo institucional constante co Goberno de España, como se fixo no Acordo bilateral de maio de 2025 en relación coa Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no que se negociou e acordou máis do 60% dos artigos cuestionados.

3. Evitar o uso reiterado das leis de acompañamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para modificar múltiples normas sen consenso, sen

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:13:13
Nº Rexistro: 50509
Data envio: 12/02/2026 18:13:13.358

diálogo cos sectores sociais afectados e furtando o debate parlamentario ordinario que corresponde á tramitación dos proxectos ou proposicións de lei.

Santiago de Compostela, a 12 de Febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:13:13
Nº Rexistro: 50509
Data envio: 12/02/2026 18:13:13.358

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/02/2026 18:01:27**

**Paloma Castro Rey na data 12/02/2026 18:01:36**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/02/2026 18:01:43**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:13:13
Nº Rexistro: 50509
Data envio: 12/02/2026 18:13:13.358

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 18:13:14**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:13:47
Nº Rexistro: 50510
Data envío: 12/02/2026 18:13:47.401

PSG PSOE

Asinado o día 12/02/2 18:05 Por José Ramón Gón

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5ª.**

# Exposición de motivos

Asinado o día 12/02/2026 ás 18:05 Por Silvia Longueira Castro

O recurso de inconstitucionalidade interposto polo Goberno de España contra determinados preceptos da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025 foi presentado pola Xunta como un suposto ataque ao autogoberno de Galicia. Porén, cómpre lembrar que o bloque de constitucionalidade obriga tanto ao Goberno de España como á Xunta de Galicia. O principio de legalidade e o respecto á distribución competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas ( artigo 148 e 149 da CE) non son opcionais nin dependen da cor política de quen goberne.

Antes da interposición do recurso existiu diálogo institucional e Comisión Bilateral, acadándose acordo en máis do 60% dos artigos cuestionados. Só aqueles preceptos nos que persistían dúbidas fundadas de constitucionalidade foron finalmente recorridos.

Asinado o día 12/02/2026 ás 18:05 Por Patricia Iglesias Rey

En materia enerxética, a introdución dunha repotenciación eólica obrigatoria, sen planificación sectorial actualizada e mediante lei de acompañamento, evidencia unha política baseada na improvisación e na inseguridade xurídica, sen precedentes.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Galicia continúa rexéndose por un Plan Sectorial Eólico de 1997, claramente obsoleto, mentres numerosos proxectos están paralizados por deficiencias ambientais.

As repotenciacións impostas, sen planificación e sen consenso agochan o fracaso de xestión do Goberno Galego en política enerxética, e en concreo, na enerxía eólica en Galicia. Nos dezasete anos que leva o PP na Xunta de Galicia. Perdemos o liderado eólico, de primeira potencia en España estamos en quinta posición, e o pais deixou de ser un lugar seguro para o investimento, cunha caída en produción enerxética sen precedentes, que vai dificultar moito que Galicia cumpra os obxectivos marcados no Plan nacional de Industria, Enerxía e Clima (PNIEC) e alcanzar os obxectivos de descarbonización e loita contra o cambio climático.

En materia de politica social, a pretendida homologación automática dos procedementos de dependencia e discapacidade supón confundir dous dereitos con natureza e finalidade distintas.

A discapacidade garante inclusión e igualdade; a dependencia garante coidados e apoios para a vida diaria. E a lexislación básica, conforme a Constitución, para asegurar a igualdade de dereitos no conxunto do Estado corresponde ao Goberno de España.

Non pode existir un modelo no que unha persoa con discapacidade en Galicia teña dereitos distintos aos dunha persoa en Asturias ou Andalucía. A igualdade no exercicio dos dereitos sociais é un principio constitucional.

Mentres tanto, o Goberno galego arrogase que lle corresponde ao Goberno de España, Galicia presenta unha media de 349 días para resolver un expediente de dependencia, moi por riba do prazo legal, evidenciando un colapso estrutural do

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sistema que non se resolve con atallos administrativos nin con propaganda política, e agochando, de novo, un fracaso de falta de xestión, planificación e estratexia nas políticas de servizos sociais e dependencia, cuxa competencia si que é exclusiva da Xunta de Galicia

A confrontación permanente co Goberno de España non resolve os problemas da cidadanía galega, que é o que preocupa no seu día a día as e os galegos. Só serve para ocultar deficiencias de xestión na política enerxética e no sistema público de dependencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia:

1. Defender máis e mellor o autogoberno de Galicia, como nacionalidade histórica que é, dentro dun Estado descentralizado tal e como se configura no bloque de constitucionalidade do Título VIII da Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. Materializar a petición de novas competencias a través das Conferencias bilaterais de transferencias de competencias, así como mediante un diálogo institucional constante co Goberno de España, como se fixo no Acordo bilateral de maio de 2025 en relación coa Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no que se negociou e acordou máis do 60% dos artigos cuestionados.

3. Evitar o uso reiterado das leis de acompañamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para modificar múltiples normas sen consenso, sen

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / @socialistas_gal

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:13:47
Nº Rexistro: 50510
Data envío: 12/02/2026 18:13:47.401

diálogo cos sectores sociais afectados e furtando o debate parlamentario ordinario que corresponde á tramitación dos proxectos ou proposicións de lei.

Santiago de Compostela, a 12 de Febreiro de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:13:47
Nº Rexistro: 50510
Data envio: 12/02/2026 18:13:47.401

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/02/2026 18:05:03**

**Silvia Longueira Castro na data 12/02/2026 18:05:11**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/02/2026 18:05:18**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:13:47
Nº Rexistro: 50510
Data envio: 12/02/2026 18:13:47.401

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 18:13:48**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:14:21
Nº Rexistro: 50511
Data envío: 12/02/2026 18:14:21.250

Asinado o día 12/02/2 18:08 Por José Ramón Gón

# Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súas deputadas **Patricia Iglesias e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto nos artigos 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6ª.**

# Exposición de motivos

O recurso de inconstitucionalidade interposto polo Goberno de España contra determinados preceptos da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025 foi presentado pola Xunta como un suposto ataque ao autogoberno de Galicia. Porén, cómpre lembrar que o bloque de constitucionalidade obriga tanto ao Goberno de España como á Xunta de Galicia. O principio de legalidade e o respecto á distribución competencial entre o Estado e as Comunidades Autónomas ( artigo 148 e 149 da CE) non son opcionais nin dependen da cor política de quen goberne.

Antes da interposición do recurso existiu diálogo institucional e Comisión Bilateral, acadándose acordo en máis do 60% dos artigos cuestionados. Só aqueles preceptos nos que persistían dúbidas fundadas de constitucionalidade foron finalmente recorridos.

En materia enerxética, a introdución dunha repotenciación eólica obrigatoria, sen planificación sectorial actualizada e mediante lei de acompañamento, evidencia unha política baseada na improvisación e na inseguridade xurídica, sen precedentes.

Asinado o día 12/02/2026 ás 18:08 Por Lara Méndez López
Asinado o día 12/02/2026 ás 18:07 Por Patricia Iglesias Rey
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3 Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Galicia continúa rexéndose por un Plan Sectorial Eólico de 1997, claramente obsoleto, mentres numerosos proxectos están paralizados por deficiencias ambientais.

As repotenciacións impostas, sen planificación e sen consenso agochan o fracaso de xestión do Goberno Galego en política enerxética, e en concreo, na enerxía eólica en Galicia. Nos dezasete anos que leva o PP na Xunta de Galicia. Perdemos o liderado eólico, de primeira potencia en España estamos en quinta posición, e o pais deixou de ser un lugar seguro para o investimento, cunha caída en produción enerxética sen precedentes, que vai dificultar moito que Galicia cumpra os obxectivos marcados no Plan nacional de Industria, Enerxía e Clima (PNIEC) e alcanzar os obxectivos de descarbonización e loita contra o cambio climático.

En materia de politica social, a pretendida homologación automática dos procedementos de dependencia e discapacidade supón confundir dous dereitos con natureza e finalidade distintas.

A discapacidade garante inclusión e igualdade; a dependencia garante coidados e apoios para a vida diaria. E a lexislación básica, conforme a Constitución, para asegurar a igualdade de dereitos no conxunto do Estado corresponde ao Goberno de España.

Non pode existir un modelo no que unha persoa con discapacidade en Galicia teña dereitos distintos aos dunha persoa en Asturias ou Andalucía. A igualdade no exercicio dos dereitos sociais é un principio constitucional.

Mentres tanto, o Goberno galego arrogase que lle corresponde ao Goberno de España, Galicia presenta unha media de 349 días para resolver un expediente de dependencia, moi por riba do prazo legal, evidenciando un colapso estrutural do

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sistema que non se resolve con atallos administrativos nin con propaganda política, e agochando, de novo, un fracaso de falta de xestión, planificación e estratexia nas políticas de servizos sociais e dependencia, cuxa competencia si que é exclusiva da Xunta de Galicia

A confrontación permanente co Goberno de España non resolve os problemas da cidadanía galega, que é o que preocupa no seu día a día as e os galegos. Só serve para ocultar deficiencias de xestión na política enerxética e no sistema público de dependencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia:

1. Defender máis e mellor o autogoberno de Galicia, como nacionalidade histórica que é, dentro dun Estado descentralizado tal e como se configura no bloque de constitucionalidade do Título VIII da Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

2. Materializar a petición de novas competencias a través das Conferencias bilaterais de transferencias de competencias, así como mediante un diálogo institucional constante co Goberno de España, como se fixo no Acordo bilateral de maio de 2025 en relación coa Lei 5/2024, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no que se negociou e acordou máis do 60% dos artigos cuestionados.

3. Evitar o uso reiterado das leis de acompañamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para modificar múltiples normas sen consenso, sen



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / @socialistas_gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:14:21
Nº Rexistro: 50511
Data envío: 12/02/2026 18:14:21.250

diálogo cos sectores sociais afectados e furtando o debate parlamentario ordinario que corresponde á tramitación dos proxectos ou proposicións de lei.

Santiago de Compostela, a 12 de Febreiro de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:14:21
Nº Rexistro: 50511
Data envio: 12/02/2026 18:14:21.250

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 12/02/2026 18:07:55**

**Lara Méndez López na data 12/02/2026 18:08:02**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 12/02/2026 18:08:10**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:14:21
Nº Rexistro: 50511
Data envio: 12/02/2026 18:14:21.250

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 18:14:22**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:18:46
Nº Rexistro: 50522
Data envío: 12/02/2026 18:18:46.043

Asinado o día 12/02/2
18:11
Por José Ramón Gón

# A Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario Socialista,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª.**

# Exposición de motivos

Asinado o día 12/02/2026 ás
18:11
Por Paloma Castro Rey

O sector pesqueiro español constitúe unha industria moi relevante desde o punto de vista económico, social, alimentario e territorial. España sitúase entre os principais Estados membros da Unión Europea en materia pesqueira, pola dimensión da súa frota e do emprego e pola súa achega á cohesión social e ao desenvolvemento das comunidades costeiras e insulares, onde a pesca non é unicamente unha actividade económica, senón tamén cultura, arraigo e modo de vida.

A Unión Europea vén impulsando unha política comercial común baseada no multilateralismo, no respecto ao dereito internacional e nunha orde económica aberta suxeita a regras. Neste marco insírese o Acordo entre a Unión Europea e os países do Mercosur, aprobado pola Unión Europea o 9 de xaneiro de 2026 co apoio maioritario dos Estados membros, cos votos en contra de Austria, Francia, Hungría, Irlanda e Polonia e coa abstención de Bélxica.

Asinado o día 12/02/2026 ás
18:11
Por Carlos López Font

O Goberno de España valorou este acordo como un paso histórico cara a unha alianza estratéxica entre bloques, cun mercado conxunto de máis de 700 millóns de consumidores e preto do 25 % do PIB global, nun contexto internacional

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:18:46
Nº Rexistro: 50522
Data envío: 12/02/2026 18:18:46.043

crecente de complexidade no que resulta esencial tecer alianzas para que a cooperación e a integración prevalezan sobre o unilateralismo.

Este impulso económico, que inclúe a supresión de preto do 90 % dos aranceis ás exportacións europeas e un aforro anual superior aos 4.000 millóns de euros, debe convivir cunha premisa irrenunciable: protexer con rigor os sectores sensibles e garantir unha competencia leal.

España é, ademais, un país relevante na relación comercial UE-Mercosur, ao representar no ano 2024 o 9 % das exportacións e o 18 % das importacións totais da Unión Europea co bloque, cun perfil investidor destacado e un stock de investimento directo español superior aos 100.000 millóns de euros, o que reforza o carácter estratéxico do acordo para España e para Europa.

Precisamente por esa relevancia, o Goberno de España vén defendendo unha posición seria e equilibrada nas institucións europeas, cunha idea central: a apertura comercial debe estar supeditada ao cumprimento efectivo dos estándares da Unión Europea, con garantías verificables e trazabilidade real, en materia de sanidade e seguridade alimentaria, protección ambiental e dereitos laborais.

No ámbito pesqueiro, esta esixencia tradúcese nunha prioridade clara: reforzar a loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, polo seu impacto sobre a sustentabilidade dos recursos, a equidade do comercio internacional e a viabilidade económica do sector.

Igualmente relevante é que o propio acordo incorpore mecanismos de protección para os sectores sensibles. Desde o Ministerio de Economía, Comercio e Empresa recórdase que, para estes sectores, a arquitectura de protección se vertebra a través de continxentes, salvagardas e apoio financeiro, con cupos

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:18:46
Nº Rexistro: 50522
Data envio: 12/02/2026 18:18:46.043

deseñados para evitar distorsións de mercado e cláusulas activables ante incrementos das importacións que poidan causar dano grave.

Este enfoque debe inspirar tamén o seguimento do impacto no sector pesqueiro, con capacidade de reacción en tempo útil cando se detecten perturbacións ou prexuízos sobre segmentos concretos.

Todo isto enmárcase nunha política comercial e pesqueira coherente cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e co compromiso europeo cunha transición xusta, que protexa os sectores primarios e os territorios máis dependentes deles, incluídas as zonas costeiras e insulares.
Chegados a este punto, procede que este Parlamento e a Xunta de Galicia acompañen e reforcen a posición do Goberno de España, reafirmando a necesidade dunha aplicación do acordo equilibrada e esixente, que preserve o carácter sensible do sector pesqueiro, garanta a reciprocidade de estándares e ofreza mecanismos de protección efectivos cando sexa necesario.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento  de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Apoiar e acompañar a posición defendida polo Goberno de España nas institucións da Unión Europea respecto da aplicación do acordo entre a Unión Europea e os países do Mercosur, co obxectivo de preservar o carácter sensible do sector pesqueiro e garantir a protección efectiva dos intereses do sector pesqueiro galego, con especial atención á pesca e o marisqueo artesanal e aos territorios máis dependentes da actividade pesqueira.

2. Velar, no ámbito das súas competencias, por que a aplicación do acordo UE-Mercosur en materia de produtos do mar se realice de forma que as concesións

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

PSG PSOE

comerciais se articulen, cando proceda, mediante continxentes limitados e debidamente controlados, calendarios de liberalización longos e progresivos e, no seu caso, tratamentos específicos para os produtos especialmente sensibles, co obxectivo de evitar distorsións no mercado interior e preservar unha competencia leal.

3. Desenvolver actuacións no ámbito das súas competencias para garantir o cumprimento efectivo da normativa aplicable aos produtos do mar comercializados en Galicia, especialmente en materia de sanidade e seguridade alimentaria, trazabilidade e control, loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, así como o respecto aos estándares laborais e medioambientais, reforzando a reciprocidade de condicións.

4. Apoiar e promover, no ámbito das súas competencias, a utilización áxil e proporcionada das cláusulas de salvagarda previstas no acordo UE-Mercosur cando existan indicios fundados de perturbación do mercado, caídas anómalas de prezos ou prexuízos para segmentos concretos do sector pesqueiro galego.

5. Garantir a participación do sector pesqueiro galego nos mecanismos de información, seguimento e avaliación do impacto do acordo UE-Mercosur, asegurando transparencia, información periódica e interlocución coas organizacións representativas do sector.

6. Realizar, en colaboración co sector pesqueiro galego, unha avaliación específica do impacto potencial do acordo UE-Mercosur sobre o sector pesqueiro galego, no exercicio das súas competencias, identificando os segmentos máis sensibles da frota e da cadea mar-industria, así como os posibles riscos de distorsión do mercado.



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:18:46
Nº Rexistro: 50522
Data envio: 12/02/2026 18:18:46.043

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2026

**Grupo Parlamentario Socialista**
**Correo** gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
**Teléfono** 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2026 18:18:46
Nº Rexistro: 50522
Data envio: 12/02/2026 18:18:46.043

Asinado dixitalmente por:

Carlos López Font na data 12/02/2026 18:11:10

Paloma Castro Rey na data 12/02/2026 18:11:18

José Ramón Gómez Besteiro na data 12/02/2026 18:11:26

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/02/2026 18:18:47

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50301
Data envio: 11/02/2026 14:37:20.536

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- do director da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), para informar sobre **o Plan de formación continuada 2026 para os profesionais do Servicio Galego de Saúde**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

**Sr/a. presidente/a da Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50301
Data envio: 11/02/2026 14:37:20.536

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/02/2026 14:37:19**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:56:37
Nº Rexistro: 50662
Data envio: 13/02/2026 13:56:37.360

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 2027

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos- do presidente de Sogama, ***para informar sobre a xestión da Sociedade Galega de Medio Ambiente nos últimos 10 anos (2015-2025) e as novas actuacións a desenvolver no marco do novo Plan Estratéxico 2025-2030.***

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

**Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

184002

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 13/02/2026 13:56:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:56:37
Nº Rexistro: 50662
Data envio: 13/02/2026 13:56:37.360

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 13:56:36**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:56:10
Nº Rexistro: 50830
Data envio: 16/02/2026 12:56:10.363
Data 16/02/2026 12:56

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo -da directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para **dar conta das medidas postas en marcha polo Igape no primeiro trimestre de 2026 co fin de apoiar ao tecido industrial e empresarial de Galicia**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/02/2026 12:56:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 12:56:10
Nº Rexistro: 50830
Data envio: 16/02/2026 12:56:10.363

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 12:56:09**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50859
Data envio: 16/02/2026 14:01:42.400
Data 16/02/2026 14:01

**Asunto**: Solicitude de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos- do director xeral de Cohesión e Fondos Europeos para **dar conta do desenvolvemento dos Fondos Europeos en Galicia.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

**Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 16/02/2026 14:01:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 50859
Data envio: 16/02/2026 14:01:42.400

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/02/2026 14:01:41**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50088
Data envio: 09/02/2026 18:30:57.722

Por María Montserrat Prado Cores
Asinado o día 09/02/2
18:30
Por Iria Taibo Corsan

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, **Iria Taibo Corsanego**, **Cristina Fernández Davila**, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Oscar Insua Lema** e **Iago Suárez Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a mellora das condicións laborais e profesionais no GES de Sanxenxo, e o restablecemento do horario de prestación do servizo.

Por Cristina Fernández Davila
Asinado o día 09/02/2026 ás
18:30
Por Óscar Insua Lema

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola situación na que se atopan os GES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) xurdiron na Galiza no ano 2013 como unha evolución e substitución dos antigos Grupos Municipais de Intervención Rápida (GRUMIR), que operaban dende finais da década de 1990 como instrumento necesario para unha rápida resposta ás emerxencias nas zonas rurais e dispersas que non estaban atendidas por outro recurso.

Esta transición implicou a creación de grupos operativos en toda a comunidade, para reforzar a atención en áreas sen parques de bombeiros profesionais próximos. Xa que logo o obxectivo principal era garantir á poboación de todo o país unha resposta eficaz a incidentes como incendios, rescates ou catástrofes de distinta orixe, integrando funcións que transcendían os límites municipais

Asinado o día 09/02/2026 ás
18:30
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O financiamento dos GES en Galiza é compartido entre a Xunta, as deputacións e os concellos, sendo o último convenio en vigor o que abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 a 31 de decembro de 2027.

O Partido Popular creou os GES como parches, sen planificación, nin garantías, delegando competencias nos concellos e o resultado está á vista: financiamento insuficiente, persoal sobrecargado, insuficiente e con enormes desigualdades territoriais

Neste contexto xeral insírese a situación do servizo municipal de emerxencias de Sanxenxo, que foi ampliado aos concellos limítrofes de Meaño, Ogrobe, e Poio, cualificándoo como un dos denominados "parques singulares" de Galiza, xunto cos de Celanova e Ponteareas, atendendo un amplo territorio, máis de 100 km2, e unha poboación de máis de 50.000 habitantes, que no caso de Sanxenxo chega a multiplicarse por 5 na época estival como consecuencia da alta afluencia turística.

Esta realidade ven xerando problemas operativos, organizativos, laborais e profesionais, así como un crecente descontento entre a cidadanía e o persoal, que denuncian a falta de medios, de recoñecemento institucional e de adecuación do servizo ás funcións reais que está a desenvolver e que non atopan solución por parte de quen ten a responsabilidade da xestión do servizo, e que mesmo acordou a redución do cadro de persoal e do horario de atención ás emerxencias.

O concello de Sanxenxo reduciu de maneira significativa a súa achega económica, o que ten como consecuencia Un cadro de persoal insuficiente, con 17 efectivos, sen que se cubran as situacións de ausencias como as ILT. Ao esgotarse as horas contempladas no convenio laboral, desde o 19 de xaneiro o servizo veu reducido drasticamente o seu horario, pasando a prestarse só desde as 7 da mañá a 23 horas; deixando á veciñanza sen cobertura nocturna.

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50088
Data envio: 09/02/2026 18:30:57.722

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideramos inaceptábel que un servizo que debe garantir a atención as 24 horas do día o faga só 18 horas.

A isto hai que sumar as denuncias presentadas polo persoal diante da inspección laboral, por incumprimento reiterado da normativa da prevención de riscos laborais, que nin recibiron resposta, nin se tomaron medidas para solucionalo.

Tamén denuncian que lle foron trasladadas propostas ao concello de Sanxenxo de quendas nas que se demostraba a viabilidade de cumprir co mínimo de tres persoas por quendas cos 17 efectivos actuais do cadro de persoal, así como outras alternativas nas que incluso se chegou a ofrecer a renuncia a determinados dereitos laborais, todas elas rexeitadas

Esta situación dáse nun contexto de parques de bombeiros do consorcio provincial de bombeiros de Pontevedra, que veñen realizando peches recorrentes por falta de efectivos.

O cadro de persoal do GES de Sanxenxo denuncian que a seguridade e protección da veciñanza, dos concellos nos que teñen que prestar o servizo, poñendo en risco a continuidade dun servizo esencial.

Esta decisión de drástica redución das horas de prestación do servizo de atención ás emerxencias constitúe unha evidente irresponsabilidade que cumpre corrixir de inmediato.

Por todo o exposto anteriormente, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50088
Data envio: 09/02/2026 18:30:57.722

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten intención a Xunta de asumir de xeito directo e integrada a xestión e financiamento dos Grupos de emerxencias Municipais GES, integrándose plenamente no sistema autonómico de emerxencias?

Mentres isto non acontece, vai tomar todas as medidas para garantir que o GES de Sanxenxo garanta a prestación do servizo as 24 horas do día os 365 días do ano, co persoal preciso para garantir a seguridade e calidade do servizo?

Vai demandarlle ao Concello de Sanxenxo a que con carácter inmediato, revogue a decisión de reducir o horario de atención ás emerxencias volvendo a prestarse as 24 horas do día?

Vai promover as accións necesarias para a mellora das condicións laborais e profesionais do servizo de atención ás emerxencias do Concello de Sanxenxo, que atende aos concellos de Poio, Meaño e O Grobe?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 50088
Data envio: 09/02/2026 18:30:57.722

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/02/2026 18:30:12

Óscar Insua Lema na data 09/02/2026 18:30:24

Iria Taibo Corsanego na data 09/02/2026 18:30:30

Iago Suárez Fernández na data 09/02/2026 18:30:35

Cristina Fernández Davila na data 09/02/2026 18:30:41

María Montserrat Prado Cores na data 09/02/2026 18:30:47

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/02/2026 18:30:58**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:25
Nº Rexistro: 50659
Data envío: 13/02/2026 13:25:25.673

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por Sonia Vidal Lamas
Asinado o día 13/02/2 13:23
Por Luis Bará Torres
Por Alexandra Fernández Gómez
Asinado o día 13/02/2026 ás 13:23
Por Rosana Pérez Fernández
Asinado o día 13/02/2026 ás 13:22
Por Montserrat Valcárcel Armesto

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Valcárcel Armesto**, **Rosana Pérez Fernández**, **Alexandra Fernández Gómez**, **Sonia Vidal Lamas**, **Paulo Ríos Santomé**, **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre a redución da vulnerabilidade fronte ás inundacións en ríos e zonas costeiras tras a cadea de temporais deste inverno.

XUSTIFICACIÓN URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que a Xunta de Galiza dea conta canto antes no Parlamento das actuacións previstas despois dos recentes temporais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As borrascas Joseph, Kristin, Leonardo, Marta e outros temporais deste inverno provocaron en Galiza milleiros de incidencias, con ríos en nivel vermello e laranxa, inundacións en vivendas, garaxes e baixos comerciais, estradas cortadas, derrubamento de pontes e danos significativos na rede de infraestruturas.

No ámbito fluvial, repetíronse desbordamentos en puntos negros xa coñecidos, en ríos como o Miño, Sar, Mandeo, Umia ou Tea, onde as chairas naturais de inundación foron progresivamente ocupadas por estradas, naves, solo urbano e infraestruturas que actúan como auténticos tapóns. O derrubamento do ponte da Aceña



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:25
Nº Rexistro: 50659
Data envio: 13/02/2026 13:25:25.673

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en Navia de Suarna, así como os cortes recorrentes en estradas provinciais, evidencian que unha parte importante da rede viaria e das obras hidráulicas non está adaptada ao novo escenario climático.

No litoral, o traspaso de competencias en ordenación e xestión do litoral á Xunta de Galiza supón que a responsabilidade sobre os usos, autorizacións e sancións no dominio público marítimo-terrestre recae agora na administración autonómica. Ao tempo, a comunidade científica leva anos advertindo de que existen infraestruturas construídas “onde nunca deberiamos ter construído”: paseos marítimos como o da Coruña ou treitos da estrada PO 11 entre Marín e Pontevedra, levantados sobre sedimentos recentes, moi baixos e pegados á liña de costa, nun contexto de ascenso do nivel do mar e de temporais con ondas de 8 ou 9 metros.

Cada vez que o mar “reclama” estes espazos ou que os ríos se desbordan nas súas chairas, os danos preséntanse como desastres inevitables, cando na realidade son en boa medida consecuencia de decisións de ocupación e planificación territorial que ignoraron o risco. A transferencia de competencias de litoral e o papel de Augas de Galiza na xestión do dominio público hidráulico obrigan a un cambio de rumbo, desde a lóxica de construír e reconstruír no mesmo sitio á de liberar espazos de inundación e reordenar usos en zonas de alto risco.

Por todo o exposto anteriormente, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

Que calendario manexa a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para intervir nas zonas de risco de inundación fluvial e costeira que quedaron en



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:25
Nº Rexistro: 50659
Data envio: 13/02/2026 13:25:25.673

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evidencia co paso das borrascas Joseph, Kristin, Leonardo, Marta e cos temporais posteriores?

Vai elaborar a Xunta un mapa integrado de riscos de inundación en ríos e costa e un programa de renaturalización e de reordenación de infraestruturas en zonas de alto risco, ou limitarase a reparar cada inverno, unha e outra vez, as mesmas obras levantadas sobre chairas de inundación e sedimentos costeiros fráxiles?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:25
Nº Rexistro: 50659
Data envio: 13/02/2026 13:25:25.673

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 13/02/2026 13:22:55**
**Rosana Pérez Fernández na data 13/02/2026 13:23:03**
**Luis Bará Torres na data 13/02/2026 13:23:12**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/02/2026 13:23:23**
**Alexandra Fernández Gómez na data 13/02/2026 13:23:32**
**Sonia Vidal Lamas na data 13/02/2026 13:23:40**
**Paulo Ríos Santomé na data 13/02/2026 13:23:49**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 13:25:25
Nº Rexistro: 50659
Data envio: 13/02/2026 13:25:25.673

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 13:25:26**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 18:12:48
Nº Rexistro: 50680
Data envio: 13/02/2026 18:12:48.967

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Paula Mouzo Mas
Asinado o día 13/02/2 17:53
Por Roberto Rodrígue

**Á Mesa do Parlamento**

**Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior,** para a súa tramitación polo procedemento de urxencia

Sobre e calendario e liñas mestras da futura Lei de Administración local de Galicia

Por Argimiro Marnotes Fernández
Asinado o día 13/02/2026 ás 17:53
Por Julio García Comesaña

**Xustificación da urxencia**

*Dada a transcendencia desta reforma para o conxunto das entidades locais galegas e para o equilibrio institucional do país, resulta de especial interese coñecer con maior detalle o alcance efectivo das medidas anunciadas, o calendario previsto e o papel que se lle quere outorgar ao Parlamento no proceso de tramitación e debate da futura lei.*

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello da Xunta autorizou o inicio do trámite de audiencia e información pública do anteproxecto da futura Lei de Administración local de Galicia, coa previsión de remitilo ao Parlamento de Galicia no segundo trimestre do ano.

Esta iniciativa supón unha reforma integral dunha norma con case trinta anos de vixencia, co obxectivo de adaptar o marco xurídico local á realidade demográfica, social, tecnolóxica e administrativa da Galicia actual. Trátase dunha proposta ambiciosa que aspira a converter Galicia nun referente estatal no ámbito da administración local.

Entre os eixos fundamentais do anteproxecto atópanse a simplificación burocrática, a modernización dixital, a clarificación do sistema competencial, o reforzo da cooperación entre administracións, o impulso ao asociacionismo municipal e, de xeito especialmente relevante, a definición dun novo modelo de financiamento local

Asinado o día 13/02/2026 ás 17:53
Por Paula Prado del Rio
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 18:12:48
Nº Rexistro: 50680
Data envio: 13/02/2026 18:12:48.967



Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno galego do avance do anteproxecto da futura Lei de Administración local de Galicia?

2. Que calendario e liñas mestras prevé para a súa tramitación parlamentaria, especialmente no relativo á mellora do financiamento local?

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 18:12:48
Nº Rexistro: 50680
Data envio: 13/02/2026 18:12:48.967

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Rio na data 13/02/2026 17:53:24
Julio García Comesaña na data 13/02/2026 17:53:30
Roberto Rodríguez Martínez na data 13/02/2026 17:53:38
María Nazaret Cendán Gayoso na data 13/02/2026 17:53:48
Argimiro Marnotes Fernández na data 13/02/2026 17:53:56
Paula Mouzo Mas na data 13/02/2026 17:54:04
Alberto Pazos Couñago na data 13/02/2026 17:54:16
María Felisa Rodriguez Carrera na data 13/02/2026 17:54:25
Katherinie Varela Fernández na data 13/02/2026 17:54:31

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2026 18:12:48
Nº Rexistro: 50680
Data envio: 13/02/2026 18:12:48.967

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 18:12:50

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49732
Data envío: 06/02/2026 09:18:51.947

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o atraso no pagamento ao profesorado avaliador dos exames CELGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de novembro tiveron os últimos exames para a obtención do certificado CELGA, que acredita os coñecementos de lingua galega conforme ao Marco europeo común de referencia para as linguas.

Unha parte do persoal que traballa na avaliación destes exames é profesorado funcionario da Consellaría de Educación, e o pagamento polo servizo de avaliación dos exames CELGA faise en calidade de dietas.

Alén disto, que supón unha clara irregularidade que non pode cometer unha administración pública, o pagamento polo traballo que levaron a cabo estes profesionais no mes de novembro aínda non foi realizado a comezos de febreiro.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o goberno galego a situación do profesorado que exerce labores de formación e avaliación dos certificados CELGA?



Asinado o día 06/02/2 09:17
Por Daniel Castro Ga
Asinado o día 06/02/2026 ás 09:17
Por Mercedes Queixas Zas
Asinado o día 06/02/2026 ás 09:16
Por Iria Taibo Corsanego
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49732
Data envío: 06/02/2026 09:18:51.947

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A que se debe o atraso no pagamento dos profesores e profesoras funcionarias que traballaron na avaliación dos exames CELGA do mes de novembro de 2025?

- Cal é o motivo polo que o goberno galego pague ao profesorado funcionario que traballa na avaliación de exames CELGA en concepto de dietas por este labor?

- Como ten previsto corrixir o goberno galego as irregularidades nos pagamentos ao profesorado funcionario que traballa na avaliación de exames para a obtención do certificado CELGA?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49732
Data envio: 06/02/2026 09:18:51.947

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 06/02/2026 9:16:51

Mercedes Queixas Zas na data 06/02/2026 9:17:00

Daniel Castro García na data 06/02/2026 9:17:07

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 49732
Data envio: 06/02/2026 09:18:51.947

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 9:18:52**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:00:55
Nº Rexistro: 49747
Data envio: 06/02/2026 11:00:55.720

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 06/02/2
10:57
Por Carmen Pomar T

**Á Mesa do Parlamento**

**Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

A política de vivenda constitúe unha das principais preocupacións da sociedade actual e require da colaboración leal e coordinada entre as distintas administracións públicas. Os notables compromisos e esforzos que está a desenvolver o Goberno galego en materia de vivenda compleméntase, en ocasións, coa dotación financeira dos plan estatais.

O atraso na aprobación e publicación do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 está a xerar unha situación de incerteza que pode comprometer a continuidade e financiamento estatal de numerosas convocatorias xa en marcha pola Xunta de Galicia, afectando tanto á cidadanía beneficiaria como á planificación orzamentaria da nosa Comunidade Autónoma.

O Plan Estatal de Vivenda, ata o de agora vixente, caducou en 2025 sen que os actuais responsables do Goberno que preside Pedro Sánchez esta aínda aprobado. De feito desde o Ministerio se avanza que chegará neste primeiro trimestre.

A situación descrita resulta especialmente preocupante ao producirse ao inicio dun novo período de programación, sen que se dispoña dun marco estatal claro, consensuado e operativo, e sen que conste un proceso efectivo de negociación e diálogo previo coas comunidades autónomas, malia seren estas as administracións responsables da execución das políticas de vivenda.

Por todo o anterior, resulta necesario reclamar ao Goberno de España maior dilixencia, transparencia e cooperación institucional, co fin de garantir a publicación inmediata do Plan Estatal de Vivenda e o respecto ás competencias autonómicas nesta materia.

Gayoso
Asinado o día 06/02/2026 ás 10:57
Por Roberto Rodríguez Martínez
Asinado o día 06/02/2026 ás 10:56
Por Moisés Rodríguez Pérez
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:00:55
Nº Rexistro: 49747
Data envio: 06/02/2026 11:00:55.720

PARLAMENTO DE GALICIA

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. ¿Como valora o Goberno galego o retraso na aprobación do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 e da súa incidencia nos programas que promove a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:00:55
Nº Rexistro: 49747
Data envio: 06/02/2026 11:00:55.720

Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 06/02/2026 10:56:51
Roberto Rodríguez Martínez na data 06/02/2026 10:57:00
Carmen Pomar Tojo na data 06/02/2026 10:57:05
José Luis Ferro Iglesias na data 06/02/2026 10:57:19
María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/02/2026 10:57:26
Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/02/2026 10:57:33
Argimiro Marnotes Fernández na data 06/02/2026 10:57:47
Gonzalo Trenor López na data 06/02/2026 10:57:52
Katherinie Varela Fernández na data 06/02/2026 10:57:59

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:00:55
Nº Rexistro: 49747
Data envio: 06/02/2026 11:00:55.720

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 11:00:56**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:09:15
Nº Rexistro: 49749
Data envio: 06/02/2026 11:09:15.282

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Gonzalo Trenor López
Asinado o día 06/02/2 11:07 Por Carmen Pomar T

**Á Mesa do Parlamento**

**Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, , Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**

“Sen solo, non hai vivenda” baixo esta premisa o desenvolvemento de solo residencial constitúe un elemento clave para que a Xunta de Galicia poida garantir o acceso á vivenda, xa que a dispoñibilidade de solo urbanizado e ordenado resulta imprescindible para incrementar a oferta de fogares, especialmente de vivenda protexida, e dar resposta á demanda existente en distintos puntos de Galicia.

Asinado o día 06/02/2026 ás 11:07 Por Roberto Rodríguez Martínez
Gayoso

Neste contexto, a Goberno galego vén impulsando nos últimos anos diversas iniciativas orientadas á mobilización e creación de solo residencial, entre elas os Proxectos de Interese Autonómico, a colaboración coas entidades locais para promover novos ámbitos de solo destinado maioritariamente a vivenda protexida, a posta en marcha de instrumentos de apoio financeiro e técnico aos concellos, así como medidas de simplificación administrativa e flexibilización normativa co obxectivo de axilizar os prazos de tramitación e facilitar a execución dos desenvolvementos urbanísticos.

É polo que, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que balance fai o Goberno galego das iniciativas postas en marcha ata o de agora para o desenvolvemento de solo residencial en Galicia?

2. Cales son as previsións de execución dos proxectos actualmente en tramitación ou en desenvolvemento neste ámbito?

3. Que obxectivos se marca a Xunta a medio e longo prazo para incrementar a dispoñibilidade de solo e favorecer a construción de vivenda, en particular de vivenda protexida, no conxunto da Comunidade Autónoma?

Asinado o día 06/02/2026 ás 11:07 Por Moisés Rodríguez Pérez

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:09:15
Nº Rexistro: 49749
Data envio: 06/02/2026 11:09:15.282

Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 06/02/2026 11:07:34
Roberto Rodríguez Martínez na data 06/02/2026 11:07:40
Carmen Pomar Tojo na data 06/02/2026 11:07:47
José Luis Ferro Iglesias na data 06/02/2026 11:07:55
María Nazaret Cendán Gayoso na data 06/02/2026 11:08:03
Gonzalo Trenor López na data 06/02/2026 11:08:09
Dolores Hermelo Piñeiro na data 06/02/2026 11:08:16
Argimiro Marnotes Fernández na data 06/02/2026 11:08:22
Katherinie Varela Fernández na data 06/02/2026 11:08:29

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:09:15
Nº Rexistro: 49749
Data envio: 06/02/2026 11:09:15.282

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 11:09:16

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:41
Nº Rexistro: 49751
Data envio: 06/02/2026 11:10:41.347

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 06/02/2 11:09
Por Luis Bará Torres

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Suárez Fernández**, **Secundino Fernández Fernández**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os desprendementos de ladeiras producidos na parroquia de San Xoán de Frontón (Pantón) que poñen en perigo a veciñanza do concello.

Asinado o día 06/02/2026 ás 11:09
Por Secundino Fernández Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As fortes choivas que se produciron no inicio do mes de febreiro veñen creando serios problemas á veciñanza do sur de Lugo, especialmente á veciñanza do núcleo de poboación de Santo Estevo-Estación, na parroquia de San Xoán de Frontón (termo municipal de Pantón). Alí, boa parte do o monte comunal de Frontón veuse abaixo, por riba do poboado coñecido como A Chaira, producindo deste modo graves afectacións ao territorio que deben ser resolvidas á maior celeridade posíbel.

A falta de coñecer as causas reais do desprendemento, é evidente que a chuvia tivo a ver, mais tamén se sospeita que o grande incendio que sufriu a mesma zona en setembro de 2025 e a falta de traballos de contención do monte que a Consellaría de Medio Rural prometera no seu día tamén desempeñaron un papel importante no feito de que o monte finalmente vencese e se desprendese unha ladeira sobre a estrada LU-P-4103. Para alén diso, este desprendemento encóntrase moi próximo á estación ferroviaria de Santo Estevo, que fai parte da liña Ourense-Monforte-Lugo. Este feito agrava a situación sendo que a caída de cascallos ou mesmo outro posíbel

Asinado o día 06/02/2026 ás 11:09
Por Iago Suárez Fernández

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:41
Nº Rexistro: 49751
Data envío: 06/02/2026 11:10:41.347

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desprendemento non é só un problema serio para a comunidade local, senón tamén para o persoal de Adif e as persoas viaxeiras.

Ante esta conxuntura, é vital que a Xunta de Galiza dea explicacións a respecto da non actuación relativa aos traballos de contención do monte que prometera após os lumes de setembro de 2025. Ademais, o executivo galego debe pór a disposición do Concello de Pantón e a súa veciñanza o máis rápido que puider liñas de axudas e colaboración para tentar salvagardar esta zona de altísimo valor para a Ribeira Sacra e Galiza que, aliás, é territorio Ben de Interese Cultural (BIC). Máis aínda cando existe acordo parlamentar na Comisión 7ª de que a Xunta de Galiza debía ter feito no prazo de tres meses os traballos de retención e restauración hidrolóxico-forestal que, a todas luces non foron feitos, pondo así a veciñanza en perigo e incumprindo novamente un acordo alcanzado no Parlamento de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Realizou a Xunta de Galiza os traballos de contención do monte e restauración hidrolóxico-forestal nas zonas calcinadas en Pantón tal e como prometeu e se acordou na Comisión 7ª do Parlamento de Galiza?

- En caso negativo, cal é o motivo?

- Pensa o goberno galego que cumpriu coa veciñanza de San Xoán de Frontón?

- Que pensa facer agora a Xunta após os desprendementos acontecidos?

- Ten algunha medida en mente o goberno galego para evitar situacións coma esta no futuro?



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:41
Nº Rexistro: 49751
Data envio: 06/02/2026 11:10:41.347

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:41
Nº Rexistro: 49751
Data envío: 06/02/2026 11:10:41.347

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 06/02/2026 11:09:15

Secundino Fernández Fernández na data 06/02/2026 11:09:26

Luis Bará Torres na data 06/02/2026 11:09:34

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/02/2026 11:09:44

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:10:41
Nº Rexistro: 49751
Data envio: 06/02/2026 11:10:41.347

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 11:10:42**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:21:59
Nº Rexistro: 49755
Data envío: 06/02/2026 11:21:59.053

PARLAMENTO DE GALICIA

Por Cristina Campero Dorado
Asinado o día 06/02/2 11:20 Por Roberto Rodrígue

**Á Mesa do Parlamento**

**Manuel Santos Costa, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Argimiro Marnotes Fernández, Rubén Lorenzo Gómez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

A mellora da mobilidade sostible e da seguridade viaria constitúe unha prioridade para a Xunta de Galicia, especialmente naqueles ámbitos onde a convivencia entre tráfico rodado, peóns e ciclistas require actuacións específicas que garantan desprazamentos máis seguros e accesibles. Neste sentido, as sendas peonís e ciclistas nas estradas autonómicas configúranse como infraestruturas clave para fomentar modos de transporte alternativos, reducir riscos e mellorar a calidade de vida da veciñanza.

Por José Luis Ferro Iglesias
Asinado o día 06/02/2026 ás 11:19 Por Moisés Rodríguez Pérez

O concello de Marín presenta unha especial relevancia neste eido, ao contar con núcleos de poboación próximos entre si e cunha elevada intensidade de tráfico en determinadas vías autonómicas. A execución de itinerarios seguros para peóns e ciclistas contribúe non só á seguridade viaria, senón tamén á cohesión territorial e á integración destas infraestruturas no contorno urbano e periurbano.

Neste contexto, a decisión da Xunta de Galicia de impulsar unha nova senda peonil e ciclista na estrada PO-313, no treito entre Cadro e Cadrelo, cun investimento superior aos 700.000 euros e financiamento europeo, supón un paso máis na consolidación dunha rede continua de mobilidade sostible, dando continuidade ás sendas xa executadas neste ámbito.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do proxecto para a execución dunha nova senda peonil e ciclista na estrada PO-313, entre Cadro e Cadrelo, no concello de Marín?
2. Que valoración fai o Goberno galego desta actuación no marco da estratexia da Xunta para a creación dunha rede integrada de sendas peonís e ciclistas nas estradas autonómicas?

Asinado o día 06/02/2026 ás 11:19 Por Manuel Santos Costa
CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:21:59
Nº Rexistro: 49755
Data envio: 06/02/2026 11:21:59.053



3. Cales son os beneficios que se prevé que esta nova infraestrutura achegue á mobilidade, á seguridade e á calidade de vida da veciñanza de Marín e da súa contorna?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:21:59
Nº Rexistro: 49755
Data envio: 06/02/2026 11:21:59.053

Asinado dixitalmente por:

Manuel Santos Costa na data 06/02/2026 11:19:47
Moisés Rodríguez Pérez na data 06/02/2026 11:19:55
Roberto Rodríguez Martínez na data 06/02/2026 11:20:01
Carmen Pomar Tojo na data 06/02/2026 11:20:08
José Luis Ferro Iglesias na data 06/02/2026 11:20:23
Cristina Campero Dorado na data 06/02/2026 11:20:32
Argimiro Marnotes Fernández na data 06/02/2026 11:20:40
Rubén Lorenzo Gómez na data 06/02/2026 11:20:49
Gonzalo Trenor López na data 06/02/2026 11:20:55
Katherinie Varela Fernández na data 06/02/2026 11:21:02

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:21:59
Nº Rexistro: 49755
Data envio: 06/02/2026 11:21:59.053

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 11:22:00**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:35:46
Nº Rexistro: 49756
Data envío: 06/02/2026 11:35:46.394

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 06/02/2 11:34
Por Iago Tabarés Pér

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Cristina Fernández Davila** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a urxencia da consignación dunha partida orzamentaria extraordinaria para licitar de forma inmediata o proxecto da reforma integral do CEIP Luis Acuña en Ourense que o goberno do Partido Popular afirmou ter en proceso.

Asinado o día 06/02/2026 ás 11:34
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado xoves 5 de febreiro o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego preguntou ao goberno galego, na sesión da Comisión 3ª de Economía, facenda e orzamentos sobre as razóns do goberno galego para incumprir os seus anuncios de decembro de 2023 respecto da reforma integral do CEIP Manuel Luis Acuña situado no barrio da Carballeira, na cidade de Ourense así como sobre as previsións de data de licitación e da consignación dunha partida orzamentaria extraordinaria para tal efecto.

Por parte do goberno galego acudiu o director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez Bértolo, que non explicou as razóns exactas da demora nin aclarou a previsión temporal, limitándose a sinalar “que xa está redactado o proxecto técnico e que nestes momentos se atopa en fase de supervisión por parte da unidade de obras”.

Asinado o día 06/02/2026 ás 11:34
Por Noa Presas Bergantiños

Malia esta resposta, a Xunta de Galiza segue sen comprometer unha data orientativa para a licitación nin unha previsión temporal para unhas obras que, recordemos, comprometera licitar e iniciar ao longo de 2024.

Grazas ao esforzo nas nais, pais e veciñanza, que recolleron sinaturas e denunciaron a situación límite que se vivía durante o primeiro trimestre do curso 2025/2026, o goberno reaccionou minimamente con reparacións leves, mais é urxente concretar o alcance da futura



CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

reforma e a súa previsión e ser transparentes co proxecto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Cal é a previsión de licitación e remate de obras da futura reforma integral do CEIP Manuel Luis Acuña da cidade de Ourense?

Por que non deu a Xunta a coñecer aínda o proxecto? Cando o vai facer?

Contempla a renovación total das cubertas e tellado?

Contempla mellorar a accesibilidade?

Contempla melloras de eficiencia enerxética?

Vai o goberno galego estudar outras demanda da ANPA e relación a asuntos como o transporte ou o comedor?

Vai extraer o goberno galego os fondos da partida de 3 millóns de euros prevista para reformas en centros de primaria e infantil ou habilitar fondos extraordinarios?

Cal é a procedencia dos fondos? Vai proceder a unha modificación orzamentaria para tal efecto? En que horizonte temporal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:35:46
**Nº Rexistro: 49756**
Data envio: 06/02/2026 11:35:46.394

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/02/2026 11:34:30**

**Cristina Fernández Davila na data 06/02/2026 11:34:38**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/02/2026 11:34:46**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 11:35:46
Nº Rexistro: 49756
Data envio: 06/02/2026 11:35:46.394

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 11:35:47**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:48:51
Nº Rexistro: 49806
Data envío: 06/02/2026 13:48:51.167

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Recentemente foi presentada ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo unha petición por parte dunha asociación de persoas propietarias de terreos incluídos no ámbito do Parque Natural das Fragas do Eume, espazo integrado na Rede Natura 2000, na que se denuncia a xestión realizada pola Xunta de Galicia deste espazo protexido.

Na citada petición ponse de manifesto a aplicación unilateral do réxime de protección por parte do Goberno galego, sen garantir unha participación real e efectiva das persoas propietarias afectadas, así como a ausencia dun verdadeiro proceso de diálogo durante a elaboración e aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX). Así mesmo, denúnciase a inexistencia dun sistema estable e suficiente de compensación económica polas limitacións impostas ao uso do solo, á xestión forestal e aos aproveitamentos tradicionais.

As persoas peticionarias advirten tamén de que as restricións existentes, xunto coa falta de actuación por parte da propia Xunta de Galicia, impiden a realización de labores básicas de mantemento forestal e prevención de incendios, incrementando de maneira significativa o risco para o ecosistema, para os bens e para a seguridade das persoas, como quedou acreditado nos incendios forestais producidos nos anos 2012 e 2025.

Na devandita petición considérase que estas actuacións poden supoñer unha vulneración da normativa europea en materia ambiental e de participación

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:42
Por Carlos López Font

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:41
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:48:51
Nº Rexistro: 49806
Data envio: 06/02/2026 13:48:51.167

pública, nomeadamente da Directiva 92/43/CEE, da Directiva 2009/147/CE e dos principios recollidos no Convenio de Aarhus, solicitándose a intervención das institucións europeas ante a falta de resposta por parte da Xunta de Galicia.

A presentación dunha denuncia ante o Parlamento Europeo constitúe un feito de enorme gravidade política e institucional, que evidencia a ausencia de diálogo e de solucións por parte do Goberno galego, malia tratarse dun conflito coñecido e reiteradamente denunciado polas persoas afectadas.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma de maneira inmediata as súas responsabilidades, abra canles reais de diálogo e adopte solucións urxentes, evitando que teña que ser a Unión Europea quen reprenda ao Goberno galego pola súa inacción.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia da presentación desta petición ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo en relación coa xestión do Parque Natural das Fragas do Eume?
2. Considera o Goberno galego asumible que teña que ser a Unión Europea quen interveña por falta de resposta da Xunta de Galicia a este conflito?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:48:51
Nº Rexistro: 49806
Data envio: 06/02/2026 13:48:51.167

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 13:41:56**

**Carlos López Font na data 06/02/2026 13:42:02**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:48:51
Nº Rexistro: 49806
Data envio: 06/02/2026 13:48:51.167

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 13:48:52**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Recentemente foi presentada ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo unha petición por parte dunha asociación de persoas propietarias de terreos incluídos no ámbito do Parque Natural das Fragas do Eume, espazo integrado na Rede Natura 2000, na que se denuncia a xestión realizada pola Xunta de Galicia deste espazo protexido.

Na citada petición ponse de manifesto a aplicación unilateral do réxime de protección por parte do Goberno galego, sen garantir unha participación real e efectiva das persoas propietarias afectadas, así como a ausencia dun verdadeiro proceso de diálogo durante a elaboración e aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX). Así mesmo, denúnciase a inexistencia dun sistema estable e suficiente de compensación económica polas limitacións impostas ao uso do solo, á xestión forestal e aos aproveitamentos tradicionais.

As persoas peticionarias advirten tamén de que as restricións existentes, xunto coa falta de actuación por parte da propia Xunta de Galicia, impiden a realización de labores básicas de mantemento forestal e prevención de incendios, incrementando de maneira significativa o risco para o ecosistema, para os bens e para a seguridade das persoas, como quedou acreditado nos incendios forestais producidos nos anos 2012 e 2025.

Na devandita petición considérase que estas actuacións poden supoñer unha vulneración da normativa europea en materia ambiental e de participación

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:42
Por Carlos López Font

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:42
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pública, nomeadamente da Directiva 92/43/CEE, da Directiva 2009/147/CE e dos principios recollidos no Convenio de Aarhus, solicitándose a intervención das institucións europeas ante a falta de resposta por parte da Xunta de Galicia.

A presentación dunha denuncia ante o Parlamento Europeo constitúe un feito de enorme gravidade política e institucional, que evidencia a ausencia de diálogo e de solucións por parte do Goberno galego, malia tratarse dun conflito coñecido e reiteradamente denunciado polas persoas afectadas.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma de maneira inmediata as súas responsabilidades, abra canles reais de diálogo e adopte solucións urxentes, evitando que teña que ser a Unión Europea quen reprenda ao Goberno galego pola súa inacción.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego das denuncias formuladas polas persoas propietarias sobre a falta de participación, diálogo e compensación económica?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:50:01
Nº Rexistro: 49810
Data envio: 06/02/2026 13:50:01.711

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 13:42:20**

**Carlos López Font na data 06/02/2026 13:42:30**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:50:01
Nº Rexistro: 49810
Data envio: 06/02/2026 13:50:01.711

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 13:50:03**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:51:11
Nº Rexistro: 49814
Data envio: 06/02/2026 13:51:11.622



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Recentemente foi presentada ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo unha petición por parte dunha asociación de persoas propietarias de terreos incluídos no ámbito do Parque Natural das Fragas do Eume, espazo integrado na Rede Natura 2000, na que se denuncia a xestión realizada pola Xunta de Galicia deste espazo protexido.

Na citada petición ponse de manifesto a aplicación unilateral do réxime de protección por parte do Goberno galego, sen garantir unha participación real e efectiva das persoas propietarias afectadas, así como a ausencia dun verdadeiro proceso de diálogo durante a elaboración e aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX). Así mesmo, denúnciase a inexistencia dun sistema estable e suficiente de compensación económica polas limitacións impostas ao uso do solo, á xestión forestal e aos aproveitamentos tradicionais.

As persoas peticionarias advirten tamén de que as restricións existentes, xunto coa falta de actuación por parte da propia Xunta de Galicia, impiden a realización de labores básicas de mantemento forestal e prevención de incendios, incrementando de maneira significativa o risco para o ecosistema, para os bens e para a seguridade das persoas, como quedou acreditado nos incendios forestais producidos nos anos 2012 e 2025.

Na devandita petición considérase que estas actuacións poden supoñer unha vulneración da normativa europea en materia ambiental e de participación

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:43
Por Carlos López Font

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:43
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pública, nomeadamente da Directiva 92/43/CEE, da Directiva 2009/147/CE e dos principios recollidos no Convenio de Aarhus, solicitándose a intervención das institucións europeas ante a falta de resposta por parte da Xunta de Galicia.

A presentación dunha denuncia ante o Parlamento Europeo constitúe un feito de enorme gravidade política e institucional, que evidencia a ausencia de diálogo e de solucións por parte do Goberno galego, malia tratarse dun conflito coñecido e reiteradamente denunciado polas persoas afectadas.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma de maneira inmediata as súas responsabilidades, abra canles reais de diálogo e adopte solucións urxentes, evitando que teña que ser a Unión Europea quen reprenda ao Goberno galego pola súa inacción.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera a Xunta de Galicia que o proceso de elaboración e aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión garantiu de maneira efectiva o dereito de audiencia e participación das persoas propietarias afectadas?
2. Que actuacións concretas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para abrir de maneira inmediata un proceso real de diálogo coas persoas propietarias?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:51:11
Nº Rexistro: 49814
Data envio: 06/02/2026 13:51:11.622

Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 13:43:27

Carlos López Font na data 06/02/2026 13:43:32

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:51:11
Nº Rexistro: 49814
Data envío: 06/02/2026 13:51:11.622

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 13:51:12**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Aitor Bouza Manso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Recentemente foi presentada ante a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo unha petición por parte dunha asociación de persoas propietarias de terreos incluídos no ámbito do Parque Natural das Fragas do Eume, espazo integrado na Rede Natura 2000, na que se denuncia a xestión realizada pola Xunta de Galicia deste espazo protexido.

Na citada petición ponse de manifesto a aplicación unilateral do réxime de protección por parte do Goberno galego, sen garantir unha participación real e efectiva das persoas propietarias afectadas, así como a ausencia dun verdadeiro proceso de diálogo durante a elaboración e aprobación do Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX). Así mesmo, denúnciase a inexistencia dun sistema estable e suficiente de compensación económica polas limitacións impostas ao uso do solo, á xestión forestal e aos aproveitamentos tradicionais.

As persoas peticionarias advirten tamén de que as restricións existentes, xunto coa falta de actuación por parte da propia Xunta de Galicia, impiden a realización de labores básicas de mantemento forestal e prevención de incendios, incrementando de maneira significativa o risco para o ecosistema, para os bens e para a seguridade das persoas, como quedou acreditado nos incendios forestais producidos nos anos 2012 e 2025.

Na devandita petición considérase que estas actuacións poden supoñer unha vulneración da normativa europea en materia ambiental e de participación

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:43
Por Carlos López Font

Asinado o día 06/02/2026 ás 13:43
Por Aitor Bouza Manso

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pública, nomeadamente da Directiva 92/43/CEE, da Directiva 2009/147/CE e dos principios recollidos no Convenio de Aarhus, solicitándose a intervención das institucións europeas ante a falta de resposta por parte da Xunta de Galicia.

A presentación dunha denuncia ante o Parlamento Europeo constitúe un feito de enorme gravidade política e institucional, que evidencia a ausencia de diálogo e de solucións por parte do Goberno galego, malia tratarse dun conflito coñecido e reiteradamente denunciado polas persoas afectadas.

Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia asuma de maneira inmediata as súas responsabilidades, abra canles reais de diálogo e adopte solucións urxentes, evitando que teña que ser a Unión Europea quen reprenda ao Goberno galego pola súa inacción.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia implantar un sistema de compensación económica polas limitacións derivadas do réxime de protección do Parque Natural das Fragas do Eume?

Santiago de Compostela, 6 de febreiro do 2026

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:52:25
Nº Rexistro: 49818
Data envío: 06/02/2026 13:52:25.653

**Asinado dixitalmente por:**

**Aitor Bouza Manso na data 06/02/2026 13:43:40**

**Carlos López Font na data 06/02/2026 13:43:45**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2026 13:52:25
Nº Rexistro: 49818
Data envio: 06/02/2026 13:52:25.653

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/02/2026 13:52:26**

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-CQgCCkSQP-3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/